



XUNTA
DE GALICIA

Informe anual
da Lei 11/2007, do 27 de
xullo, galega para a
prevención e o tratamento
integral
da violencia de xénero

2024

Informe anual

da Lei 11/2007, do 27 de xullo,
galega para a prevención
e o tratamento integral da
violencia de xénero

2024

Informe elaborado por:

Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero
Consellería de Política Social e Igualdade

Xunta de Galicia
Abril 2025

INFORME 2024 | DA LEI 11/2007, DO 27 DE XULLO, GALEGA PARA A PREVENCIÓN E O TRATAMENTO INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO

PRÓLOGO.....	12
SECCIÓN 1: ANÁLISE DO IMPACTO DA VIOLENCIA DE XÉNERO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA NO 2024.....	16
Análise do contexto demográfico de Galicia	16
Consultas ao 016. Comparativa co resto de España	21
Casos de violencia de xénero en Galicia. Comparativa co resto de España	30
Denuncias e renuncias presentadas nos Xulgados de Violencia sobre a Muller. Galicia 2024. Comparativa co total presentadas no territorio español	30
Ordes de protección solicitadas e ditadas nos Xulgados de Violencia sobre a Muller. Galicia 2024. Comparativa cos datos globais do territorio español	34
Sentenzas ditadas nos Xulgados de Violencia sobre a Muller. Galicia 2024. Comparativa co resto de España.....	35
Vítimas mortais por violencia de xénero en Galicia. Comparativa co resto de España	39
Características dos casos das mulleres vítimas mortais por violencia de xénero en Galicia no ano 2024	44
Menores vítimas mortais por violencia de xénero	47
SECCIÓN 2: IMPLEMENTACIÓN DA LEI 11/2007, DO 27 DE XULLO, GALEGA PARA A PREVENCIÓN E O TRATAMENTO INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO	49
TÍTULO 1: PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO.....	49
Capítulo 1. Medidas de sensibilización.....	49
Artigo 6. Deseño, elaboración e difusión de campañas	49
Campaña do 18 de outubro. Día Europeo contra a Trata de Seres Humanos	50
Campaña Institucional contra a Violencia de Xénero	50
Campaña do 25 de novembro. Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller.....	51
Campaña Agresión Off: “Eu digo non á violencia sexual”	52
Outras actuacións desenvoltas para a conmemoración do Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller	52
Outras actuacións no ámbito da prevención e sensibilización fronte á violencia de xénero	54
Accións contra a violencia de xénero entre poboación refuxiada e desprazada	57
Actuacións de sensibilización contra a violencia de xénero no ámbito deportivo	57
Outras actuacións de prevención e sensibilización fronte á violencia de xénero	58
Artigo 7. Fomento do movemento asociativo	62
Convocatoria de axudas económicas destinadas a fomentar o asociacionismo e a participación das mulleres	62
Convocatoria de axudas económicas destinadas a entidades de iniciativa social sen ánimo de	

lucro para a realización de programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade	62
Convocatoria de axudas económicas destinadas a financiar actividades de promoción da igualdade e de prevención da violencia de xénero para as asociacións de nais e pais do alumnado de centros educativos de Galicia	63
Artigo 8. Actividades culturais e artísticas.....	63
Actividades no Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC)	64
Actividades nos arquivos.....	64
Actividades nos museos.....	64
Actividades nas bibliotecas	64
Artigos 9 e 10. Tratamento da información e convenios de autorregulación	65
Artigo 11. Contidos e publicidade en relación coa violencia de xénero	66
Actividade informativa con motivo do 8M e do 25N.....	66
Capítulo 2. Medidas de investigación e de formación en materia de violencia de xénero	67
Artigo 12. Potenciación da investigación sobre a violencia de xénero	67
Accións de promoción da formación, investigación, sensibilización e prevención da violencia de xénero no ámbito universitario.....	67
Artigo 13. Rexistros administrativos	69
Artigos 14. Formación nas universidades	70
Artigo 15. Formación da totalidade das e dos profesionais	70
Formación para profesionais dos Centros de Información á Muller	71
Formación para profesionais da psicoloxía	71
Formación para persoal no ámbito da Administración Pública	72
Actividades específicas en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero para persoal das distintas administracións públicas de Galicia	72
Formación para profesionais do ámbito sanitario	74
Formación da totalidade das e dos profesionais	75
Informe das actuacións da Academia Galega de Seguridade Pública durante o ano 2024 en materia de prevención e loita contra violencia de xénero.	76
Capítulo 3. Medidas no ámbito educativo	79
Artigo 16. Actitudes	79
Programas Educativos.....	79
Plan Proxecta+	80
Contratos-programa.....	81
Proxecto de inclusión educativa	81
Plan director	82
Artigo 17. Escolarización inmediata en caso de violencia de xénero	82
Artigo 18. Edición e adaptación de materiais.....	83
Artigo 19. Revisión e adaptación do currículo educativo	83

Tratamento da violencia de xénero nos distintos currículos galegos das áreas de materia das distintas etapas educativas.	83
Artigo 20. Plans de acción tutorial.....	85
Artigo 21 Proxectos educativos e curriculares de centro	85
Artigo 22 Consellos Escolares e Consellos Escolar de Galicia	86
Artigo 23 Inspección educativa.....	87
TÍTULO 2: MEDIDAS DE PROTECCIÓN E ASISTENCIA FRONTE Á VIOLENCIA DE XÉNERO	88
Capítulo 1. Medidas no ámbito sanitario e psicológico.....	88
Artigo 24. Dereito á atención sanitaria.....	88
Artigo 25. Atención psicolóxica.....	89
Programa de atención psicolóxica a mulleres e menores que sufran violencia de xénero e complementariamente a outras persoas da súa contorna familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero	89
Servizo de quenda de garda psicolóxica	92
Programa de asesoramento e terapia familiar con nenas e nenos que sufrisen de maneira directa a violencia de xénero.....	93
Programa de intervención con mulleres vítimas de abuso e violencia sexual	94
Proxecto re-incorpórate.....	95
Artigo 26. Protocolos de actuación	95
Artigo 27. Rexistro de casos.....	97
Capítulo 2: Medidas no ámbito xudicial	98
Artigo 28 e 29. Atención xurídica e asistencia letrada.....	98
Artigos 30 e 31. Exercicio da acción popular e personación da Xunta de Galicia nos procedementos penais iniciados por causas de violencia de xénero.....	99
Artigo 32. Intervención da administración	100
Capítulo 3. Outras medidas de apoio e protección	101
Artigo 33. Deseño e implementación de dispositivos de alarma	101
Servizo Telefónico de Atención e Protección para Vítimas de violencia de xénero (ATENPRO)	101
Sistema de Seguimento Integral de violencia de xénero (VIOGEN).....	101
Sistema de control telemático de medidas e penas de afastamento	102
Artigo 34. Programas de intervención con homes en relación coa violencia de xénero.....	102
Programa Abramos o Círculo	102
Proxecto Fénix, de medidas de intervención integral con menores agresores de violencia de xénero	104
Capítulo 4. Medidas no ámbito da formación e o emprego.....	105
Artigo 35. Medidas específicas no ámbito da formación e o emprego.....	105
Programa de deseño e implementación de itinerarios personalizados e accións específicas que favorezan a inserción sociolaboral de mulleres en situación de violencia de xénero.....	106

Obradoiros duais de emprego.....	108
Fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) co obxectivo fundamental de facilitar a mellora da empregabilidade, da poboación desempregada, a través da adquisición de experiencia profesional naquelas áreas rurais e con menos oportunidades laborais que perden veciñanza ano tras ano	109
Fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas	109
Fomento da contratación por parte de entidades sen ánimo de lucro de mulleres que sofren violencia de xénero	109
Axudas á mobilidade xeográfica como consecuencia da contratación por conta allea ou polo establecemento por conta propia	110
Actuacións do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA) en relación á prevención e o tratamento da violencia de xénero no 2024	110
Artigo 36. Plans de igualdade nas empresas	112
Artigo 37. Obriga de confidencialidade no ámbito laboral.....	112
Capítulo 5: Medidas de carácter económico	113
Artigo 38. Valoración de rendas	113
Artigo 39. Prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero	113
Artigo 40. Outras prestacións	114
Axudas de pagamento único	114
Indemnizacións para vítimas de violencia de xénero.....	114
Artigo 41. Procedemento abreviado para a percepción da renda de integración social de Galicia.....	115
Artigo 42. Axudas escolares.....	116
Artigo 43. Fondo Galego de Garantía de Indemnizacións	116
Artigo 44 e 45. Dereito de acceso á vivenda e acceso prioritario ás vivendas de promoción pública	117
MEDIDA 1. Programa do bono de alugueiro social destinado ao alugueiro de vivendas para as vítimas de violencia de xénero	117
MEDIDA 2. Adxudicación de vivendas de promoción pública a favor de mulleres vítimas de violencia de xénero	118
Artigo 46. Equipos sociais especializados	118
TÍTULO 3: DA ORGANIZACIÓN DO SISTEMA DE PROTECCIÓN E ASISTENCIA INTEGRAL ESPECIALIZADA FRONTE Á VIOLENCIA DE XÉNERO	119
Artigo 47. Criterios básicos	119
Acompañamento e asesoramento na xestión dos trámites administrativos así como no apoio socio-educativo que precisen as fillas e fillos orfos das vítimas mortais da violencia de xénero en Galicia.....	119
Colaboración coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG) para garantir unha atención integral ás mulleres xordas que sofren violencia de xénero.....	120
Programa DEDALEIRA-Unidade QUERELAR: detección e identificación de situacións contra a liberdade e indemnidade sexual en mulleres con discapacidade	120

Colaboración coa Federación de Autónomos do Taxi de Galicia (FEGATAXI) para o apoio ao traslado das mulleres vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas	121
Artigo 48. Rede Galega de Acollemento	121
Centros de acollida e vivendas tuteladas	121
Vivendas de seguridade para mulleres vítimas de explotación sexual e trata	123
Subvención para equipamento dos centros de acollida da Rede Galega de Acollemento.....	124
Artigo 49. Creación do Centro de Recuperación Integral para mulleres que sofren violencia de xénero..	124
Artigo 50. Rede de información ás mulleres.....	126
Centros de Información ás Mulleres (CIMs)	127
Programa de apoio aos Centros de Información á Muller (CIM)	127
Centros de crise 24 horas para vítimas de violencia sexual	130
Accións de información, prevención e sensibilización en materia de violencia sexual e trata con fins de explotación sexual, así como de apoio ás súas vítimas, preferentemente entre mulleres inmigrantes, residentes na Comunidade Autónoma de Galicia	133
Servizo de teletradución a 51 idiomas	133
Asesoramento xurídico online	134
Programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade	134
Programa de atención integral para mulleres vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual	135
Artigo 51. Servicio de atención 24 horas	135
Artigo 52. Punto de coordinación das ordes de protección	136
Artigo 53. Puntos de encontro familiar	137
Artigo 54. Creación de oficinas de atención ás vítimas dos delitos.....	138
Artigo 55. Titularidade e xestión dos servizos	139
Artigo 56. Confidencialidade da información	140
Disposición adicional segunda: Acordos interinstitucionais e instrumentos de colaboración.....	140
Convenios de colaboración para o desenvolvemento de accións de prevención da violencia de xénero e atención ás súas vítimas.....	140
Outras colaboracións.....	142
Disposición adicional terceira: Competencias en materia de violencia de xénero da Policía de Galicia....	145
Disposición adicional cuarta: Información ao Parlamento de Galicia	146
Disposición adicional quinta: Creación do Consello Galego das Mulleres	146
Disposición adicional sexta: Creación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero.....	147
Disposición adicional sétima: Creación da Comisión Interdepartamental de Igualdade	148
Disposición adicional oitava: Informes sobre o grao de desenvolvemento e repercusións económicas da Lei	148
Disposición adicional novena: Modificación da Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social	149
Disposición adicional décima: Dotación orzamentaria.....	149

Disposición derogatoria única	149
ANEXO DO INFORME DA LEI 11/2007, DO 27 DE XULLO, GALEGA PARA A PREVENCIÓN E O TRATAMENTO INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO 2024.....	151
ANEXO I.....	155
Información adicional do título I Prevención da violencia de xénero	156
Artigo 6. Deseño, elaboración e difusión de campañas	156
Campaña do 18 de outubro. Día Europeo contra a Trata de Seres Humanos	156
Campaña do 25 de novembro. Día Internacional para a Eliminación da Violencia de Xénero	157
Campaña “Agresión Off. Eu digo non á violencia”	158
Outras actuacións de prevención e sensibilización fronte á violencia de xénero:	159
Artigo 8. Actividades culturais e artísticas.....	163
Actividades no Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC)	163
.....	163
Actividades nos arquivos.....	163
Actividades nos museos.....	164
Actividades nas bibliotecas.....	166
Artigo 11. Contidos e publicidade en relación coa violencia de xénero.....	167
Artigo 13. Rexistros administrativos	171
Datos estatísticos recollidos no Programa Estatístico Anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2024.....	171
Artigo 15. Formación da totalidade das e dos profesionais	174
Formación para os profesionais dos Centros de Información á Muller	174
Formación para persoal no ámbito da Administración Pública.....	178
Actividades específicas en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero para persoal das distintas administracións públicas de Galicia	178
Información adicional do título II Protección e asistencia fronte á violencia de xénero.....	181
Artigo 31. Comparecencia da Xunta de Galicia nos procedementos penais iniciados por causas de violencia de xénero.....	181
Comparecencia e/ou intervención na práctica de dilixencias e formulación de escritos en tres procedementos procesuais.....	181
Artigos 33 e 34. Deseño e implementación de dispositivos de alarma e programas de intervención con homes en relación coa violencia de xénero.....	184
Servizo Telefónico de Atención e Protección para Vítimas de Violencia de xénero (ATENPRO) ...	184
Sistema de Seguimento Integral de Violencia de Xénero (VIOGEN).....	185
Sistema de control telemático de medidas e penas de afastamento	187
Artigo 39. Prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero	188

Orzamento desagregado por exercicio económico 2006-2024	188
Contía da axuda en función das rendas e ingresos da solicitante en relación co (IPREM) vixente	190
Solicitudes presentadas, resolucións favorables e desfavorables	191
Nº de beneficiarias das axudas por provincias	192
Nº de beneficiarias segundo nacionalidade	192
Nº de beneficiarias segundo idade	193
Nº de beneficiarias con fillos/as ao seu cargo	193
Situación laboral das beneficiarias	194
Discapacidade das beneficiarias	194
Artigo 40. Outras prestacións	195
Axudas de pagamento único	195
Axudas de indemnización económica dirixida ás fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como as mulleres que resultasen gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero	198
Nº de beneficiarias segundo nacionalidade	199
Artigo 41. Procedemento abreviado para a percepción da renda de integración social de Galicia	199
Artigo 43. Fondo Galego de Garantía de Indemnizacións	200
Solicitudes presentadas, resolucións favorables e desfavorables	200
Nº de persoas beneficiarias por provincia	201
Orzamento	201
Nº de persoas beneficiarias segundo nacionalidade	202
Artigo 44 e 45. Dereito de acceso á vivenda e acceso prioritario ás vivendas de promoción pública	203
MEDIDA 1: Programa do bono de alugueiro social destinado ao alugueiro de vivendas para as vítimas de violencia de xénero	203
Información adicional do Título III Da organización do sistema de protección e asistencia integral especializada fronte á violencia de xénero	204
Artigo 47. Criterios básicos	204
Colaboración coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG) para garantir unha atención integral ás mulleres xordas que sofren violencia de xénero	204
Programa DEDALEIRA-Unidade QUERELAR: detección e identificación de situacións contra a liberdade e indemnidade sexual en mulleres con discapacidade.	205
Artigo 48. Rede Galega de Acollemento	205
Artigo 49. Creación do Centro de Recuperación Integral para Mulleres que sofren violencia de xénero .	210
Datos das persoas usuarias	210
Artigo 50. Rede de información ás mulleres.....	211
Datos estatísticos dos CIM en 2024	211
Servicio de Teletradución a 51 idiomas	214

Asesoramento xurídico online	215
Programa de atención integral para mulleres vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual	216
Artigo 51. Servizo de atención 24 horas	219
Datos estatísticos do Teléfono da Muller	219
Artigo 53. Puntos de Encontro Familiar	222
Artigo 54. Creación de oficinas de atención ás vítimas dos delitos.....	224

PRÓLOGO

PRÓLOGO

O presente informe elabórase en cumprimento da disposición adicional cuarta da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Esta disposición establece a obriga do Goberno da Xunta de Galicia de remitir anualmente ao Parlamento de Galicia un informe que recolla a situación da violencia de xénero na comunidade, incorporando as contribucións dos diferentes departamentos implicados na súa prevención e abordaxe.

A aprobación desta lei representou un fito no ámbito normativo galego, ao tratarse da primeira lexislación autonómica centrada de maneira específica na prevención e intervención fronte á violencia de xénero. O seu respaldo unánime por parte de todos os grupos parlamentarios evidenciou un elevado nivel de conciencia e compromiso institucional ante esta realidade social.

A norma galega insírese, ademais, no contexto das reformas lexislativas promovidas a nivel estatal nos últimos anos para facer fronte á violencia de xénero. Entre estas destacan a Lei orgánica 11/2003, do 29 de setembro, sobre medidas relativas á seguridade cidadá, violencia doméstica e integración de persoas estranxeiras; a Lei orgánica 15/2003, do 25 de novembro, que introduciu modificacións no Código Penal; e a Lei 27/2003, do 31 de xullo, que estableceu a orde de protección para vítimas de violencia doméstica, unificando nunha única resolución xudicial medidas de carácter civil e penal, e activando, ademais, mecanismos de protección social.

Cómpre destacar tamén a relevancia da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, que supuxo un avance fundamental ao recoñecer a especificidade da violencia de xénero e ao consagrar no seu artigo 19 o dereito das vítimas a unha atención social integral. Este dereito garante o acceso a servizos sociais de atención, emerxencia, apoio, acollida e recuperación, organizados polas comunidades autónomas e entidades locais baixo criterios de continuidade, urxencia, especialización e intervención multidisciplinar.

Pola súa banda, a Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual, ampliou este marco lexislativo ao ámbito das violencias sexuais, incorporando medidas de prevención, atención, sanción e reparación das vítimas. Esta norma tamén introduciu, como novidade, o recoñecemento do dereito á reparación integral, consolidando así a responsabilidade institucional cara a recuperación total das vítimas e a garantía de non repetición.

No ámbito autonómico, resulta salientable as modificacións realizadas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, nos

anos 2016, 2021 e 2022. No 2016, a Lei 12/2016, do 22 de xullo, introduciu melloras substanciais na cobertura económica ás vítimas, permitindo que a prestación periódica contemplada no artigo 39 se poida solicitar ao longo de todo o ano. Ademais, estendeu a condición de beneficiarias desta axuda ás vítimas de trata con fins de explotación sexual.

No 2021, a Lei 14/2021, do 20 de xullo, ampliou a definición de violencia de xénero, recoñecendo a violencia vicaria como unha modalidade de violencia exercida sobre fillos, fillas ou persoas próximas á muller por parte do agresor. Esta reforma ampliou o concepto de violencia de xénero no artigo 1 e integrou expresamente esta tipoloxía no artigo 3 da lei.

Tamén no 2021, a Lei 15/2021, do 3 de decembro, introduciu a violencia dixital de xénero, considerándoa unha nova tipoloxía dentro da violencia de xénero. Esta forma de violencia comprende calquera acto agresivo que se desenvolva a través das tecnoloxías da información e a comunicación —como Internet, redes sociais, mensaxería, correo electrónico ou servizos de xeolocalización— para exercer control, chantaxe, humillación ou invadir a privacidade da vítima, sen importar a existencia ou non dunha relación afectiva ou de parentesco entre agresor e vítima.

Finalmente, a Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, ampliou novamente a definición de violencia de xénero, incorporando expresamente a explotación sexual. Así, considérase vítima toda muller que se atope en situación de prostitución ou que participe en actos ou producións pornográficas cando se obteña lucro para unha terceira persoa e a vítima se atope en situación de vulnerabilidade ou baixo condicións abusivas.

Ademais, é importante destacar que outras comunidades autónomas tamén adoptaron leis específicas destinadas á sensibilización, prevención e intervención ante a violencia de xénero, como é o caso de:

- **Andalucía:** Lei 13/2007, do 26 de novembro, de medidas de prevención e protección integral contra a violencia de xénero, modificada pola Lei 7/2018, do 30 de xullo.
- **Aragón:** Lei 4/2007, do 22 de marzo, de prevención e protección integral ás mulleres vítimas de violencia en Aragón.
- **Canarias:** Lei 16/2003, do 8 de abril, de prevención e protección integral das mulleres contra a violencia de xénero, modificada pola Lei 1/2017, do 17 de marzo.
- **Cantabria:** Lei 1/2004, do 1 de abril, integral para a prevención da violencia contra as mulleres e a protección ás súas vítimas.

- **Castela- A Mancha:** Lei 4/2018, do 8 de outubro, para unha sociedade libre de violencia de xénero en Castela-A Mancha.
- **Castela e León:** Lei 13/2010, do 9 de decembro, contra a violencia de xénero en Castela e León.
- **Cataluña:** Lei 5/2008, do 24 de abril, do dereito das mulleres a erradicar a violencia machista.
- **Comunidade de Madrid:** Lei 5/2005, de 20 de decembro, integral contra a violencia de xénero da Comunidade de Madrid, modificada pola Lei 3/2018, do 22 de xuño.
- **Comunidade Foral de Navarra:** Lei Foral 14/2015, do 10 de abril, para actuar contra a violencia cara as mulleres, modificada pola Lei Foral 3/2018, do 19 de abril.
- **Comunidade Valenciana:** Lei 7/2012, do 23 de novembro, integral contra a violencia sobre a muller no ámbito da Comunidade Valenciana.
- **Estremadura:** Lei 8/2011, do 23 de marzo, de igualdade entre mulleres e homes e contra a violencia de xénero en Estremadura.
- **Illas Baleares:** Lei 11/2016, de 28 de xullo, de igualdade de mulleres e homes.
- **A Ríoxa:** Lei 11/2022, do 20 de setembro, contra a violencia de xénero.
- **País Vasco:** Decreto Lexislativo 1/2024, do 16 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei para a igualdade de mulleres e homes e vidas libres de violencia machista contra as mulleres.
- **Principado de Asturias:** Lei do Principado de Asturias 2/2011, do 11 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes e a erradicación da violencia de xénero.
- **Rexión de Murcia:** Lei 7/2007, do 4 de abril, para a igualdade entre mulleres e homes e de protección contra a violencia de xénero na Rexión de Murcia, modificada pola Lei 3/2008, do 3 de xullo, pola Lei 11/2016, do 15 de xuño e pola Lei 3/2019, do 20 de marzo.

En Galicia, este ano marca o décimo sétimo consecutivo (2008-2024) no que se realiza un balance das políticas públicas implementadas polo goberno galego en materia de violencia de xénero. Neste informe recóllese de maneira detallada a información sobre as actuacións e medidas levadas a cabo desde a Xunta de Galicia neste ámbito.

A estrutura do informe segue o esquema da propia Lei galega, co fin de facilitar o seu obxectivo principal: comprobar o cumprimento de todos os compromisos e medidas establecidos nela. Ademais, inclúe unha breve introdución que presenta datos estatísticos sobre a poboación feminina galega no ano de referencia.

SECCIÓN 1

ANÁLISE DO IMPACTO DA VIOLENCIA DE XÉNERO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA NO 2024


SECCIÓN 1: ANÁLISE DO IMPACTO DA VIOLENCIA DE XÉNERO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA NO 2024

Análise do contexto demográfico de Galicia

Galicia é unha comunidade autónoma situada no noroeste de España, que se caracteriza por unha forte concentración de poboación ao longo da súa costa atlántica, a cal alberga aproximadamente o 77% da poboación total da rexión. Este dato reflicte que máis das tres cuartas partes da poboación galega reside en zonas costeiras.


Como consecuencia, as dúas principais cidades galegas, Vigo e A Coruña, xuntas suman aproximadamente o 20% da poboación total de Galicia.

Distribución da poboación en Galicia no ano 2024



Gráfica 1: Distribución da poboación en Galicia no ano 2024. Fonte: Instituto Galego de Estatística

A evolución demográfica de Galicia nos últimos vinte anos presenta unha tendencia negativa. O máximo de poboación rexistrouse no ano 2010, cun total de 2.797.653 habitantes. A partir dese momento iniciouse un descenso progresivo que levou a acadar, no ano 2022, un mínimo de 2.690.464 persoas. En resumo, dende o ano 2010, Galicia perdeu arredor de 100.000 habitantes.



Gráfica 2: Evolución da poboación en Galicia. Fonte: Instituto Galego de Estatística

A tendencia de decrecemento da poboación galega está fundamentalmente ligada á falta de renovación xeracional, o que resulta nunha distribución demográfica con forma de vasilla, caracterizada por unha base máis ampla e unha parte superior máis estreita.

Na actualidade, a maior parte da poboación galega atópase na franxa de idade entre os 40 e os 60 anos. Por outra banda, a base da vasilla é máis ampla que a súa parte superior, o que indica que existe unha maior densidade de poboación entre os 60 e os 90 anos en comparación co grupo de 0 a 40 anos.

Esta distribución demográfica dá lugar a unha poboación cada vez máis envellecida, afastada da idade fértil, o que complica a xestión da renovación xeracional. Ao mesmo tempo, a poboación moza representa unha fracción cada vez menor do total. Así, Galicia está a vivir unha redución progresiva e endóxena da súa poboación, explicando a dinámica demográfica observada desde o ano 2010 até o momento, a cal, nos últimos anos, experimentou un repunte.


Distribución por idades da poboación en Galicia no ano 2024



Gráfica 3: Distribución por idades da poboación en Galicia no ano 2024. Fonte: Instituto Galego de Estatística

Como se pode observar no seguinte gráfico, as mulleres representan un maior peso na poboación galega con respecto aos homes, sendo un 52% e 48% respectivamente. Esta diferenza ven sustentada na maior esperanza de vida da poboación feminina, diferenza que se acentúa canto máis envellecida se atopa a poboación total.


Distribución da poboación por sexo en Galicia para o ano 2024



Gráfica 4: Distribución da poboación por sexo en Galicia para o ano 2024. Fonte: Instituto Galego de Estatística

Doutra banda, a poboación de orixe estranxeira en Galicia representa un 11% do total, sendo a poboación de orixe nacional, é dicir, a nacida en España, un 89% da poboación total da comunidade autónoma.


Porcentaxe de poboación estranxeira en Galicia no 2024



Gráfica 5: Porcentaxe de poboación estranxeira en Galicia no 2024. Fonte: Instituto Galego de Estatística

Observando a distribución da poboación estranxeira na comunidade autónoma de Galicia, apréciase que continúa unha distribución territorial semellante á adoptada pola poboación non estranxeira. A meirande parte da poboación estranxeira afíncase nas provincias costeiras do litoral atlántico, Pontevedra e Coruña.


Distribución da poboación estranxeira en Galicia no 2024



Gráfica 6: Distribución da poboación estranxeira en Galicia no 2024. Fonte: Instituto Galego de Estatística

A maioría da poboación estranxeira de Galicia provén do continente americano, un 59% do total, seguido polo continente europeo, cun 30% do total, e por último, polo continente africano e asiático, que suman de maneira conxunta un 11% do total.

Porcentaxe de poboación estranxeira en Galicia segundo a súa orixe




Gráfica 7: Porcentaxe de poboación estranxeira en Galicia segundo a súa orixe. Fonte: Instituto Galego de Estatística

Ao analizar a distribución da poboación estranxeira en Galicia, obsérvase que a maioría provén de Venezuela, cunha presenza que duplicada a suma das poboacións dos dous seguintes países de orixe.

No que respecta á distribución por sexos, tal e como se observa na seguinte gráfica, a proporción é similar á da poboación non estranxeira en Galicia. Os homes representan o 46% da poboación estranxeira, mentres que as mulleres constitúen o 54% restante.


Distribución por sexo das persoas estranxeiras en Galicia



Gráfica 8: Distribución por sexo das persoas estranxeiras en Galicia. Fonte: Instituto Galego de Estatística

Porén, atendendo á distribución por idades, pódese observar como máis dun 67% da poboación estranxeira é menor de 44 anos, o cal amosa unha distribución radicalmente diferente a da poboación non estranxeira, concentrándose esta na súa maioría nas clases de poboación máis novas.

Distribución por idades da poboación estranxeira residente en Galicia




Gráfica 9: Distribución por idades da poboación estranxeira residente en Galicia. Fonte: Instituto Galego de Estatística

Consultas ao 016. Comparativa co resto de España

Ao analizar a evolución das consultas realizadas ao servizo 016 en Galicia, o gráfico seguinte ilustra un aumento significativo entre os anos 2007 e 2008, período no que se iniciou o servizo, alcanzando un total de 3.253 chamadas en 2008. A partir dese momento, a cifra de consultas mantívose relativamente estable, con algúns altibaixos ata o ano 2016.

No 2016, a tendencia experimenta un cambio, chegando ao mínimo de 2.561 consultas en 2019. A partir dese punto, o número de chamadas comeza a crecer de maneira constante, cunha clara tendencia ascendente que culmina en 2023, ano no que se rexistraron **5.446 consultas**. No 2024, as chamadas descenden lixeiramente, quedando en **5.270**.




Gráfica 10: Evolución das consultas ao 016 por violencia de xénero en Galicia. Fonte: Portal Estatístico do Ministerio de Igualdade

No relativo á orixe territorial das consultas ao 016, obsérvase unha correlación positiva entre a distribución territorial da poboación galega e a distribución do número de consultas ao 016 en Galicia.


Neste sentido, **a maior parte das consultas ao 016 atópanse nas provincias da costa atlántica, principalmente na provincia da Coruña, cun 46%, seguida da provincia de Pontevedra, cun 29 %**. As consultas restantes realizáronse nas provincias de Lugo e Ourense, cun 11% e 14% respectivamente.

Distribución provincial das consultas ao 016 por violencia de xénero en Galicia



Gráfica 11: Distribución provincial das consultas ao 016 por violencia de xénero en Galicia. Fonte: Portal Estatístico do Ministerio de Igualdade


Comparando a evolución das consultas ao 016 en Galicia coa evolución das consultas no resto de España, pódese ver como a morfoloxía da tendencia histórica é moi semellante, polo que non se atopa diferenza significativa neste aspecto entre Galicia e o conxunto do Estado.



Gráfica 12: Evolución das consultas ao 016 por violencia de xénero en España. Fonte: Portal Estatístico do Ministerio de Igualdade

Galicia sitúase na sétima posición das comunidades autónomas por chamadas ao 016, por debaixo das Illas Canarias, Castela e León, Comunidade Valenciana, Cataluña, Andalucía e Comunidade de Madrid. A Comunidade de Madrid representa o 23% das chamadas nacionais, mentres que **Galicia soamente representa o 4,8%.**


Distribución por comunidades autónomas das consultas ao 016
por violencia de xénero



Gráfica 13: Distribución por comunidades autónomas das consultas ao 016 por violencia de xénero. Fonte: Portal Estatístico do Ministerio de Igualdade

Atendendo á clasificación das consultas ao 016 en Galicia segundo a tipoloxía de violencia, pódese observar que **a maior parte das consultas que se realizan ao 016 son por violencias exercidas pola parella ou ex-parella da vítima, representando un 82% do total**. A continuación, atopamos as violencias de carácter sexual (8%), a violencia familiar (7%) e outros tipos de violencia exercidas contra as mulleres (3%).


Clasificación das consultas ao 016 por violencia de xénero en Galicia no 2024



Gráfica 14: Clasificación das consultas ao 016 por violencia de xénero en Galicia no 2024. Fonte: Portal Estatístico do Ministerio de Igualdade

Comparando esta distribución co resto de España, obsérvase que en Galicia dáse unha maior incidencia de chamadas ao 016 relativas á violencia sexual e familiar. Aínda así, a diferenza comparativa co territorio nacional é mínima e non amosa unha distinción ou disparidade que sexa significativa.


Clasificación das consultas ao 016 por violencia de xénero en España no 2024



Gráfica 15: Clasificación das consultas ao 016 por violencia de xénero en España no 2024. Fonte: Portal Estatístico do Ministerio de Igualdade

En canto á canle utilizada para realizar as consultas, a seguinte gráfica mostra que a canle máis utilizada para contactar co servizo 016 é a chamada telefónica, representando case o 92% do total das consultas realizadas. As canles de WhatsApp e os chats habilitados para esta finalidade seguen a chamada telefónica como as seguintes opcións máis empregadas.


Distribución das consultas ao 016 por violencia de xénero en Galicia no 2024 según a canle empregada



Gráfica 16: Distribución das consultas ao 016 por violencia de xénero en Galicia no 2024 segundo a canle empregada. Fonte: Portal Estatístico do Ministerio de Igualdade

Comparativamente ao resto de España, en Galicia úsase un 5% máis a canle telefónica en detrimento dos chats e Whatsapp, que teñen un maior uso no resto do país. A pesar desta diferenza, non se aprecia unha disparidade significativa no contacto ao 016.


Distribución das consultas ao 016 por violencia de xénero en España no 2024 según a canle empregada



Gráfica 17: Distribución das consultas ao 016 por violencia de xénero en España no 2024 segundo a canle empregada. Fonte: Portal Estatístico do Ministerio de Igualdade

Observando as consultas sobre a base de quen as realiza, **en Galicia a maioría das consultas son realizadas pola propia vítima (nun 75% dos casos)**, seguida de familiares e persoas achegadas (cun 21%) e repartíndose o 4% restante entre outras persoas e aquelas nas que non consta a súa identificación.


Persoa que realiza a consulta ao 016 por violencia de xénero en Galicia no 2024



Gráfica 18: Persoa que realiza a consulta ao 016 por violencia de xénero en Galicia no 2024. Fonte: Portal Estatístico do Ministerio de Igualdade


Ao comparalo co resto de España, a distribución nas consultas realizadas é case idéntica á observada en Galicia. A nivel nacional, o 75% das consultas son realizadas pola propia vítima, un 21% son realizadas por familiares ou persoas achegadas, e un 4% son realizadas por outras persoas das que non se dispoñen datos de identificación.

Persoa que realiza a consulta ao 016 por violencia de xénero en España no 2024




Gráfica 19: Persoa que realiza a consulta ao 016 por violencia de xénero en España no 2024. Fonte: Portal Estatístico do Ministerio de Igualdade

Atendendo á **evolución das consultas ao 016 en Galicia dende o 2008 ata o 2024**, obsérvase un **incremento de 2.017 consultas no indicado período, é dicir: dun 50%** entre o ano 2008 e o ano 2024.



Gráfica 20: Evolución das consultas ao 016 por parte das vítimas en Galicia. Fonte: Portal Estatístico do ministerio de Igualdade


A análise da evolución de consultas en Galicia, de novo amosa as mesmas similitudes que o resto de España, exceptuando o número de consultas.



Gráfica 21: Evolución das consultas ao 016 por parte das vítimas en España. Fonte: Portal Estatístico do Ministerio de Igualdade


Por outra banda, ao observar a evolución do número de consultas realizadas ao 016 por familiares e persoas achegadas, pódese apreciar unha tendencia claramente alcista desde o ano 2007 ata 2024. Neste período, o número de consultas realizadas por familiares e achegados creceu case un 53%.

Esta dinámica pode reflectir un aumento na concienciación social en relación coa violencia de xénero, grazas ás campañas de sensibilización que fomentan que a cidadanía identifique e non tolere a violencia contra as mulleres na súa contorna máis próxima.



Gráfica 22: Evolución das consultas ao 016 por parte de familiares e persoas achegadas en Galicia. Fonte: Portal Estatístico do Ministerio de Igualdade

Comparando a evolución do número de consultas ao 016 realizadas por familiares e persoas achegadas co resto de España, pódese observar que a dinámica é moi semellante, multiplicándose o número de consultas realizadas anualmente entre o 2008 e o 2024.




Gráfica 23: Evolución das consultas ao 016 por parte de familiares e persoas achegadas en España. Fonte: Portal Estatístico do Ministerio de Igualdade

Casos de violencia de xénero en Galicia. Comparativa co resto de España

► Denuncias e renuncias presentadas nos Xulgados de Violencia sobre a Muller. Galicia 2024. Comparativa co total presentadas no territorio español

As denuncias por violencia de xénero en Galicia amosan unha tendencia ascendente desde o ano 2012, alcanzando o seu punto máximo en 2023, cun total de 7.483 denuncias.


Ao analizar a gráfica con máis detalle, pódese observar que entre 2009 e 2012 houbo unha caída no número de denuncias anuais por violencia de xénero. Con todo, a partir de 2012, a cifra de denuncias comezou a aumentar de forma constante, salvo no ano 2020, cando se rexistrou un número inferior de denuncias en comparación co 2019.



Gráfica 24: Evolución das denuncias por violencia de xénero en Galicia. Fonte: Portal Estatístico do Ministerio de Igualdade

Se comparamos esta tendencia co resto do territorio nacional, observamos un comportamento semellante. Entre 2009 e 2013, produciuse unha redución anual das denuncias por violencia de xénero en España. A partir de 2013, a tendencia cambia, experimentando un aumento constante nas denuncias, salvo no ano 2020, igual que aconteceu en Galicia.

Non obstante, a tendencia ascendente no número de denuncias é máis pronunciada a nivel nacional que en Galicia, cun incremento do 32,63% no período 2020-2024 en España, en comparación co 23,12% rexistrado na nosa comunidade autónoma.



Gráfica 25: Evolución das denuncias por violencia de xénero en España. Fonte: Portal Estatístico do Ministerio de Igualdade

Durante o 2024, no conxunto de España rexistráronse un total de 199.093 denuncias por violencia de xénero, mentres que se contabilizaron 19.207 renuncias, que representan un 10% do total, debido a que as vítimas se acolleron á dispensa de declarar como testemuñas. Das 199.093 denuncias a nivel nacional, 7.602 foron presentadas en Galicia, o que representa o 3,8% do total. Destas, en 433 casos (un 6% do total), as vítimas se acolleron á dispensa de declarar como testemuñas.

Denuncias e renuncias presentadas nos Xulgados de Violencia sobre a Muller					
Período	Territorio	Denuncias recibidas	Renuncias (a vítima acóllese á dispensa de declarar como testemuña)	Ratio renuncias/denuncias	Ratio ordes/denuncias
1º trimestre	Galicia	1.724	98	6%	26%
	Total España	45.899	4.014	9%	22%
2º trimestre	Galicia	1.955	98	6%	24%
	Total España	50.536	5.181	10%	21%
3º trimestre	Galicia	2.043	110	5%	23%
	Total España	53.147	4.473	8%	21%

4º trimestre	Galicia	1.880	127	7%	23%
	Total España	49.511	5.539	11%	21%
Total	Galicia	7.602	433	6%	24%
Total	España	199.093	19.207	10%	21%

Táboa 1: Denuncias e renuncias presentadas nos Xulgados de Violencia sobre a Muller. Fonte: Consello Xeral do Poder Xudicial

*Datos dos informes trimestrais e anual de 2024 do CGPJ. Na data de elaboración do presente informe obsérvase que nas sumas dos datos dos informes trimestrais non coinciden co total de España que aparece no informe anual


Dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, a provincia da Coruña foi na que máis denuncias se recibiron nos xulgados de violencia sobre a muller (3.217), seguida de Pontevedra (2.498). A ratio entre renuncias, por acollerse a vítima á dispensa de declarar como testemuña e denuncias é do 7% na provincia da Coruña, do 6% na de Lugo, do 7% en Ourense e do 3% en Pontevedra. É na provincia de Pontevedra na que a ratio entre ordes de protección incoadas e denuncias recibidas é maior (27%).

Denuncias e renuncias presentadas nos Xulgados de Violencia sobre a Muller de Galicia por provincias				
Provincia	Denuncias recibidas	Renuncias (a vítima acóllese á dispensa de declarar como testemuña)	Ratio renuncias/denuncias	Ratio ordes/denuncias
A Coruña	3.217	231	7%	21%
Lugo	959	53	6%	25%
Ourense	928	65	7%	25%
Pontevedra	2.498	84	3%	27%
Total	7.602	433	6%	24%

Táboa 2: Denuncias e renuncias presentadas nos Xulgados de Violencia sobre a Muller de Galicia por provincias. Fonte: Consello Xeral do Poder Xudicial

Atendendo á distribución de denuncias de violencia de xénero por provincias en Galicia, observase que **A Coruña e Pontevedra representan un 75% das denuncias totais**, mentres que Lugo e Ourense o 25% restante.

Distribución das denuncias por violencia de xénero en Galicia no 2024



Con tecnoloxía de Bing
© GeoNames, Microsoft, TomTom

Gráfica 26: Distribución das denuncias por violencia de xénero en Galicia no 2024. Fonte: Portal Estatístico do Ministerio de Igualdade

No conxunto de España, no ano 2024 **Galicia ocupa o oitavo posto en número de denuncias por violencia de xénero.**

Distribución das denuncias por violencia de xénero en España



Gráfica 27: Distribución das denuncias por violencia de xénero en España. Fonte: Portal Estatístico do Ministerio de Igualdade.

► Ordes de protección solicitadas e ditadas nos Xulgados de Violencia sobre a Muller. Galicia 2024. Comparativa cos datos globais do territorio español

No ano **2024**, nos xulgados de violencia sobre a muller incoáronse un total de **41.237 solicitudes de ordes de protección e medidas** (dos artigos 544 ter e 544 bis) **no conxunto do territorio nacional, sobre as que se ditaron 27.245 ordes de protección** (o 66% das solicitudes).

Das 41.237 solicitudes, **correspóndenlle á Comunidade Autónoma de Galicia 1.819 solicitudes, sobre as que se ditaron 1.183 ordes de protección** (o 65% do total).

Total ordes de protección e medidas solicitadas e adoptadas						
Período	Territorio	Incoadas	Resoltas adoptadas	Resoltas inadmitidas	Resoltas denegadas	% adoptadas
1º trimestre	Galicia	448	286	7	155	64%
	Total España	9.907	6.597	55	3.256	67%
2º trimestre	Galicia	461	289	5	167	63%
	Total España	10.604	7.051	50	3.503	66%
3º trimestre	Galicia	474	320	0	154	68%
	Total España	10.937	7.257	39	3.641	66%
4º trimestre	Galicia	433	288	0	148	67%
	Total España	9.789	6.340	51	3.398	65%
Total	Galicia	1.819	1.183	12	624	65%
	Total España*	41.237	27.245	195	13.798	66%

Fonte: Consello Xeral do Poder Xudicial

*Datos dos informes trimestrais e anual de 2024 do CGPJ. Na data de elaboración do presente informe obsérvase que nas sumas dos datos dos informes trimestrais non coinciden co total de España que aparece no informe anual

Dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, a **provincia da Coruña foi onde se incoaron máis ordes de protección e medidas, cun total de 681, sendo tamén a que adoptou o maior número, con 491**. A provincia de Pontevedra presenta a menor porcentaxe de ordes de protección e medidas adoptadas en relación coas incoadas, cun 60%. Pola súa parte, as provincias da Coruña e Ourense rexistraron as maiores porcentaxes de

ordes adoptadas, cun 72% na Coruña e un 64% en Ourense.

Ordes de protección e medidas solicitadas e adoptadas en Galicia por provincias					
Provincia	Incoadas	Resoltas adoptadas	Resoltas inadmitidas	Resoltas denegadas	% adoptadas
A Coruña	681	491	0	190	72%
Lugo	240	146	0	94	61%
Ourense	236	150	2	84	64%
Pontevedra	662	396	10	256	60%
Total	1.819	1.183	12	624	65%

Fonte: Consello Xeral do Poder Xudicial

► Sentenzas ditadas nos Xulgados de Violencia sobre a Muller. Galicia 2024. Comparativa co resto de España

Como se pode ver na seguinte táboa, no 2024 en Galicia, o 89% das sentenzas por violencia de xénero ditadas nos xulgados de violencia contra a muller son de carácter condenatorio, fronte ao 11% de carácter absolutorio. Nos xulgados do penal estes porcentaxes mudan para ser un 78% e 22% respectivamente, e nas audiencias provinciais dun 88% e 12%, respectivamente.

No total da comunidade autónoma de Galicia o 84% das sentenzas son condenatorias e 16% restante absolutorias.

Forma de Conclusión dos Procedementos					
Tipo de Sentenza		Xulgados de Violencia contra a Muller	Xulgados do Penal	Audiencia Provincial	TOTAL
Galicia	Sentenza Condenatoria	1.097	871	22	1.990
	Sentenza Absolutoria	129	240	3	372

Táboa 3: Forma de Conclusión dos Procedementos Xudiciais en Galicia: Fonte: Consello Xeral do Poder Xudicial

Ao comparar Galicia co conxunto de España, observamos que, excepto nos xulgados do penal, a Comunidade Autónoma de Galicia presenta unha maior porcentaxe de sentenzas absolutorias por violencia de xénero.

Nos xulgados de violencia contra a muller en España, o 92% das sentenzas son condenatorias, mentres que o 8% son absolutorias. En Galicia, estas porcentaxes son do 89% para as sentenzas condenatorias e do 11% para as absolutorias.

A situación varía nos xulgados do penal, onde en España o 69% das sentenzas son condenatorias e o 31% absolutorias. En Galicia, estas porcentaxes son do 78% para as condenatorias e do 22% para as absolutorias.

Finalmente, nas audiencias provinciais españolas, o 81% das sentenzas son condenatorias e o 19% absolutorias, fronte ao 84% e 16%, respectivamente, en Galicia.

Forma de Conclusión dos Procedementos					
Tipo de Sentenza		Xulgados de Violencia contra a Muller	Xulgados do Penal	Audiencia Provincial	TOTAL
España	Sentenza Condenatoria	27.714	21.923	433	50.070
	Sentenza Absolutoria	2.397	9.647	100	12.144
Galicia	Sentenza Condenatoria	1.097	871	22	1.990
	Sentenza Absolutoria	129	240	3	372

Táboa 4: Comparativa da Forma de Conclusión dos Procedementos Xudiciais en Galicia e o Resto de España. Fonte: Consello Xeral do Poder Xudicial

Galicia ocupa o 10º posto entre as comunidades autónomas con maior número de sentenzas condenatorias emitidas polos xulgados de violencia contra a muller, por detrás, en orde ascendente, das Illas Baleares, a Comunidade de Madrid, Castela-A Mancha, o País Vasco, Cataluña, Murcia, as Illas Canarias, a Comunidade Valenciana e Andalucía.

En canto ás sentenzas condenatorias emitidas polos xulgados do penal, Galicia ocupa o 6º posto, por detrás, en orde ascendente, do País Vasco, a Comunidade Valenciana, Andalucía, Cataluña e a Comunidade de Madrid.

Por último, nas sentenzas condenatorias emitidas polas audiencias provinciais, Galicia sitúase como a 6ª comunidade autónoma con maior número destas, detrás, en orde ascendente, o País Vasco, a Comunidade de Madrid, Comunidade Valenciana, Cataluña e Andalucía.

Por último, **Galicia é a 8ª comunidade autónoma** de España **cun maior número total de sentenzas condenatorias**, por detrás (en orde ascendente) de País Vasco, Murcia, Illas Canarias, Comunidade de Madrid, Cataluña, Comunidade Valenciana e Andalucía.

Forma de Conclusión dos Procedementos					
Tipo de Sentenza		Xulgados de Violencia contra a Muller	Xulgados do Penal	Audiencia Provincial	TOTAL
Andalucía	Sentenza Condenatoria	6.055	3.816	94	9.965
	Sentenza Absolutoria	685	2.290	23	2.998
Aragón	Sentenza Condenatoria	836	787	5	1.628
	Sentenza Absolutoria	50	195	1	246
Asturias	Sentenza Condenatoria	672	611	15	1.298
	Sentenza Absolutoria	24	160	1	185
Illas Baleares	Sentenza Condenatoria	1.116	927	2	2.045
	Sentenza Absolutoria	47	241	0	288
Canarias	Sentenza Condenatoria	3.082	569	10	3.661
	Sentenza Absolutoria	151	326	1	478
Cantabria	Sentenza Condenatoria	328	275	0	603
	Sentenza Absolutoria	23	140	0	163
Castela e León	Sentenza Condenatoria	706	1.083	12	1.801
	Sentenza Absolutoria	108	379	0	487
Castela-A Mancha	Sentenza Condenatoria	1.039	841	10	1.890


	Sentenza Absolutoria	120	451	1	572
	Sentenza Condenatoria	2.235	3.453	91	5.779
Cataluña	Sentenza Absolutoria	253	2.106	15	2.374
	Sentenza Condenatoria	4.854	2.765	54	7.673
Com. Valenciana	Sentenza Absolutoria	364	1.134	18	1.516
	Sentenza Condenatoria	703	417	9	1.129
Extremadura	Sentenza Absolutoria	37	81	0	118
	Sentenza Condenatoria	1.097	871	22	1.990
Galicia	Sentenza Absolutoria	129	240	3	372
	Sentenza Condenatoria	1.149	3.508	53	4.710
Com. Madrid	Sentenza Absolutoria	279	1.392	26	1.697
	Sentenza Condenatoria	1.844	447	17	2.308
Rexión de Murcia	Sentenza Absolutoria	44	198	1	243
	Sentenza Condenatoria	414	359	11	784
Navarra	Sentenza Absolutoria	27	58	5	90
	Sentenza Condenatoria	1.382	1.028	27	2.437
Pais Vasco	Sentenza Absolutoria	51	190	5	246
	Sentenza Condenatoria	202	166	1	369
A Ríoxa	Sentenza Absolutoria	5	66	0	71
	Sentenza Condenatoria				

TOTAL	Sentenza Condenatoria	27.714	21.923	433	50.070
	Sentenza Absolutoria	2.397	9.647	100	12.144

Táboa 5: Forma de Conclusión dos Procedementos Xudiciais por Comunidade Autónoma. Fonte: Consello Xeral do Poder Xudicial

► Vítimas mortais por violencia de xénero en Galicia. Comparativa co resto de España

Nos últimos anos a lacra da violencia de xénero custoulle a vida a **72 mulleres en Galicia**. Atendendo á evolución de casos, existen dous anos onde o número de casos se eleva drasticamente, 2008 e 2015, con 7 mulleres asasinadas cada ano, para logo reducirse fortemente o número de vítimas nos anos seguintes.




Gráfica 28: Evolución vítimas de violencia de xénero en Galicia. Fonte: Portal Estatístico do Ministerio de Igualdade

O reparto xeográfico das vítimas de violencia de xénero nos últimos anos, como se pode observar na seguinte gráfica, **revela un maior número de casos de asasinato de mulleres por esta causa nas provincias do litoral atlántico, especialmente na provincia de Pontevedra**, que concentra o 42% do total destes casos. A provincia da Coruña segue en segundo lugar, cun 35% dos casos, mentres que Lugo rexistra o 10% e Ourense o 7%.

De forma semellante ao número de denuncias por violencia de xénero, **a provincia de Pontevedra destaca como a que máis casos de asasinatos por violencia de xénero rexistrou, a pesar de non ser a provincia con maior poboación de Galicia**.


Distribución dos casos totais por provincia



Gráfica 29: Distribución dos casos totais por provincia. Fonte: Portal Estatístico do Ministerio de Igualdade

A distribución territorial das **5 vítimas mortais de violencia de xénero en Galicia durante o ano 2024** é de 2 mulleres asasinadas na provincia de Pontevedra, 2 mulleres asasinadas na provincia da Coruña e 1 muller asasinada en Lugo.

Distribución dos casos por provincia en 2024



Gráfica 30: Distribución dos casos por provincia no 2024. Fonte: Portal Estatístico do Ministerio de Igualdade

Ao comparar a evolución das vítimas mortais por violencia de xénero en Galicia co resto de España, obsérvase que a evolución segue patróns diferentes. Mentres en Galicia non se presenta unha tendencia clara de crecemento ou decrecemento no número de vítimas, no conxunto de España pódese percibir unha leve tendencia decrecente nos últimos anos no número de mulleres asasinadas por violencia de xénero, aínda que se produce un repunte destacable no ano 2023.



Gráfica 31: Evolución das vítimas por violencia xénero España. Fonte: Portal Estatístico do Ministerio de Igualdade


Observando a distribución dos **casos de mulleres asasinadas no 2024 por motivo de violencia de xénero** por comunidade autónoma, **Galia está na 4ª posición**, por detrás de Andalucía, con 10 mulleres asasinadas, Cataluña con 12 e a Comunidade Valenciana con 7 mulleres asasinadas por violencia de xénero.



Gráfica 32: Vítimas violencia de xénero por comunidade autónoma no 2024. Fonte: Portal Estatístico do Ministerio de Igualdade

Atendendo á idade das vítimas de violencia de xénero en Galicia no ano 2024, o 40% das mulleres asasinadas, é dicir 2 delas, tiñan unha idade comprendida entre os 41 e os 50 anos, mentres que o resto de mulleres tiñan consecutivamente entre 21 e os 30 anos, 31 e os 40 anos e 71 e os 84 anos.


Idade das vítimas mortais de violencia de xénero en Galicia no 2024



Gráfica 33: Idade das vítimas mortais de violencia de xénero en Galicia no 2024. Fonte: Portal Estatístico do Ministerio de Igualdade

Con respecto a relación das vítimas de violencia de xénero co seu agresor, un 40% das mulleres, é dicir 2 delas, eran ex-parella ou excónxuxe, de igual forma, outras 2 mulleres eran parella (o que supón o outro 40% das vítimas) e o 20% restante, é dicir 1 delas, eran cónxuxe do seu agresor.


Relación da vítima de violencia de xénero co agresor no ano 2024 en Galicia



Gráfica 34: Relación da vítima de violencia de xénero co agresor no 2024 en Galicia. Fonte: Portal Estatístico do Ministerio Xeral de Igualdade

No caso da convivencia ou non co agresor, un 60% das mulleres, é dicir 3 delas, si convivían co seu agresor, mentres que as restantes non convivía con este.


Convivencia da vítima de violencia de xénero co seu agresor en Galicia no 2024



Gráfica 35: Convivencia da vítima de violencia de xénero co seu agresor en Galicia no 2024. Fonte: Portal Estatístico do Ministerio Xeral de Igualdade

No referente á existencia ou non de denuncias previas, no caso das 5 mulleres asasinadas en Galicia no 2024, pódese observar no seguinte gráfico que, en 4 casos non existía denuncia previa, mentres que unha delas si presentara denuncia.

Denuncia previa por parte das vítimas de violencia de xénero no 2024 en Galicia



Gráfica 36: Denuncia previa por parte das vítimas de violencia de xénero no 2024 en Galicia. Fonte: Portal Estatístico do Ministerio Xeral de Igualdade

Sobre a nacionalidade das vítimas, 3 das vítimas mortais por violencia de xénero en Galicia eran de nacionalidade española mentres que 2 de nacionalidade estranxeira.

► Características dos casos das mulleres vítimas mortais por violencia de xénero en Galicia no ano 2024

Características do caso da muller vítima mortal por violencia de xénero en Galicia no ano 2024		
CASO 1	Data	19/03/2024
	Localidade	Ribeira (A Coruña)
	Idade da vítima	25
	Idade do agresor	25
	Nacionalidade da vítima	Española (natural de Perú)
	Nacionalidade do agresor	Española (natural de Perú)
	Tipo de relación	Ex-parella
	Método do crime	Arma branca
	Denuncia previa por violencia	Non
	Orde de protección vixente	Non
	Fillos/as menores de idade	Si (1)
	Comparecencia da Xunta de Galicia no caso (acción popular)	Si
CASO 2	Data	02/08/2024
	Localidade	A Coruña (A Coruña)
	Idade da vítima	74
	Idade do agresor	76
	Nacionalidade da vítima	Española

	Nacionalidade do agresor	Española
	Tipo de relación	Matrimonio
	Método do crime	Asfixia
	Denuncia previa por violencia	Non
	Orde de protección vixente	Non
	Fillos/as menores de idade	Non (0)
	Comparecencia da Xunta de Galicia no caso (acción popular)	Si
CASO 3	Data	05/10/ 2024
	Localidade	Moaña (Pontevedra)
	Idade da vítima	41
	Idade do agresor	47
	Nacionalidade da vítima	Marroquí
	Nacionalidade do agresor	Española
	Tipo de relación	Parella
	Método do crime	Afogamento
	Denuncia previa por violencia	Non
	Orde de protección vixente	Non
	Fillos/as menores de idade	Si (1)
	Comparecencia da Xunta de Galicia no caso (acción popular)	Si
CASO 4	Data	08/11/2024


	Localidade	Baiona (Pontevedra)
	Idade da vítima	36
	Idade do agresor	38
	Nacionalidade da vítima	Española
	Nacionalidade do agresor	Española
	Tipo de relación	Ex-parella
	Método do crime	Golpes
	Denuncia previa por violencia	Si
	Orde de protección vixente	Si
	Fillos/as menores de idade	Si (1)
	Comparecencia da Xunta de Galicia no caso (acción popular)	Si
CASO 5	Data	18/12/2024
	Localidade	Viveiro (Lugo)
	Idade da vítima	42
	Idade do agresor	48
	Nacionalidade da vítima	Brasileira
	Nacionalidade do agresor	Española
	Tipo de relación	Parella
	Método do crime	Coiteladas
	Denuncia previa por violencia	Non
	Orde de protección vixente	Non

	Fillos/as menores de idade	Non
	Comparecencia da Xunta de Galicia no caso (acción popular)	Si

Táboa: Características do caso da muller vítima mortal por violencia de Xénero en Galicia no 2024. Fonte: Datos da Xunta de Galicia

► Menores vítimas mortais por violencia de xénero

Galicia non rexistrou en 2024 ningún/ningunha menor vítima mortal por violencia de xénero. Sen embargo, no conxunto de España rexistráronse un total de 9 menores vítimas mortais por violencia de xénero.



Táboa 6: Menores vítimas mortais por violencia de xénero en España. Fonte: Ministerio de Igualdade

SECCIÓN 2

IMPLEMENTACIÓN DA LEI 11/2007, DO 27 DE XULLO, GALEGA PARA A PREVENCIÓN E O TRATAMENTO INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO

SECCIÓN 2: IMPLEMENTACIÓN DA LEI 11/2007, DO 27 DE XULLO, GALEGA PARA A PREVENCIÓN E O TRATAMENTO INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO

TÍTULO 1: PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

O título primeiro da Lei 11/2007, do 27 de xullo, ten como **obxectivo a prevención da violencia de xénero**; de modo que as disposicións que compoñen este título están orientadas á **regulación daquelas accións de difusión, actividades culturais, tratamento da información e, especialmente, formación**, co obxectivo de concienciar á sociedade galega da lacra que supón a violencia de xénero e de formar aos profesionais públicos no tratamento correcto desta problemática.

Capítulo 1. Medidas de sensibilización

Artigo 6. Deseño, elaboración e difusión de campañas

No marco do Capítulo I da Lei 11/2007, do 27 de xullo, o artigo 6 establece a obrigação de implementar campañas de información e sensibilización co obxectivo de erradicar os estereotipos sexistas e fomentar o rexeitamento de calquera forma de violencia contra as mulleres.

Neste sentido, durante o ano 2024, a Xunta de Galicia e as súas Consellerías desenvolveron as seguintes actuacións:

► Campaña do 18 de outubro. Día Europeo contra a Trata de Seres Humanos


A campaña, titulada "Trata de asumir que isto é unha realidade. Di non á trata", realizouse mediante a distribución de 1.000 carteis, os cales foron repartidos entre os recursos institucionais que traballan na prevención e loita contra a trata e outras formas de violencia de xénero, tales como os CIMs, o Centro de Recuperación Integral (CRI) e os servizos sociais municipais, entre outros.

A continuación, pódese acceder á Declaración institucional da Xunta de Galicia con motivo da conmemoración do Día Europeo contra a Trata de Seres Humanos:

<https://igualdade.xunta.gal/gl/actualidade/declaracion-institucional-da-xunta-de-galicia-con-motivo-do-dia-europeo-contra-trata-d-2>


► Campaña Institucional contra a Violencia de Xénero

Co obxectivo de sensibilizar á sociedade sobre a importancia de previr e loitar contra a violencia de xénero, rexeitar o maltratador e respectar ás vítimas, a Dirección Xeral de Loita Contra a Violencia de Xénero, realizou unha campaña de concienciación nos medios de comunicación, baixo o lema "É machismo, é violencia", que se desenvolveu entre o 22 de outubro e o 13 de novembro. A continuación, detállanse os principais datos desta campaña:



► Campaña do 25 de novembro. Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller

“É violencia con todas as letras” foi o lema da campaña con motivo da conmemoración do Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller no ano 2024. Os datos do desenvolvemento desta campaña son os seguintes:



No seguinte enlace pode atoparse a Declaración institucional da Xunta de Galicia con motivo da conmemoración do Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller:

<https://igualdade.xunta.gal/es/campanas/25n-dia-internacional-para-la-eliminacion-de-la-violencia-contra-las-mujeres>

► Campaña Agresión Off: “Eu digo non á violencia sexual”

Campaña específica de sensibilización contra as violencias sexuais. As actividades desenvolvéronse tanto en espazos municipais como en centros educativos. En total, **realizáronse 14 actuacións**, distribuídas de maneira territorial nas distintas provincias, como se detalla a continuación:



Táboa 7: Actuacións por provincia da Campaña Agresión Off: “Eu digo non á violencia sexual”

Participaron nesta campaña un total de 1.236 persoas, entre as que se repartiron 958 unidades de material promocional con lemas en contra da violencia sexual.

► Outras actuacións desenvoltas para a conmemoración do Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller

Andaina contra a violencia de xénero: “Camiño ao respecto”

A Xunta de Galicia tiña previsto organizar, o 24 de novembro de 2024, unha andaina solidaria entre o Monte do Gozo e a praza do Obradoiro, como parte das actividades programadas para conmemorar o Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller. Con todo, a andaina foi suspendida debido ás previsións meteorolóxicas emitidas por MeteoGalicia e a Axencia Estatal de Meteoroloxía (Aemet), que alertaban sobre fortes ventos, establecendo unha alerta amarela na zona.

Stand informativo para sensibilizar ante a violencia machista nas catro provincias galegas

Como parte das accións realizadas arredor do 25N, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres, a Xunta de Galicia instalou un punto informativo que percorreu as principais cidades galegas. O obxectivo foi sensibilizar á cidadanía sobre a violencia de xénero e proporcionar información sobre as diferentes formas nas que esta se manifesta. Este stand estivo presente en varios lugares emblemáticos, como a Praza do Obelisco na Coruña, a Praza da Peregrina en Pontevedra, a Praza do Concello en Lugo, e tamén en Ourense.

A última parada do stand estaba programada para a Praza do Obradoiro en Santiago de Compostela, o día 24 de novembro, coincidindo co evento da andaina solidaria "Camiño ao respecto", organizada pola propia Xunta de Galicia.

Concurso de imaxes gráficas e pezas audiovisuais con motivo do 25 de novembro dirixido aos centros educativos

O obxectivo deste concurso é fomentar a reflexión sobre a loita contra a violencia de xénero nos centros educativos de Galicia, a través da realización de diversos traballos. A súa finalidade principal é promover a participación cidadá, incitando ao rexeitamento público de calquera forma de violencia de xénero.

Este concurso está dirixido aos centros educativos de ensino non universitario que impartan ensinanzas de primaria, ESO, bacharelato, formación profesional e ensinanzas especiais de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia. A participación realízase por equipos compostos por un ou unha docente e un máximo de 8 alumnas e alumnos.

Establécense **tres categorías de participación:**

- **1ª Categoría**

Alumnado de 5º e 6º de educación primaria, de 1º e 2º de educación secundaria obrigatoria (ESO) e de educación especial.

- **2ª Categoría**

Alumnado de 3º e 4º de educación secundaria obrigatoria (ESO), de 1º e 2º de bacharelato (BAC), de FP básica, de ciclos de grao medio e de ciclos de grao superior.

- **3ª Categoría**

Alumnado das ensinanzas especiais de artes plásticas e deseño.

E as seguintes **modalidades de participación**:

- **Modalidade "Imaxe gráfica"**

Consiste na realización dun traballo gráfico (cartel, cómic, ilustración, debuxo...).

- **Modalidade "Peza audiovisual"**


Consiste na realización dun traballo audiovisual (curtos, videoclips, performances, flashmob, danza, videopoemas, textos recitados...).

Na convocatoria de 2024 presentáronse un total de 73 lemas, todos eles cunha mensaxe de rexeitamento á violencia machista. Todos os traballos foron avaliados por un xurado composto polos membros da Comisión Asesora de Publicidade Non Sexista, da Dirección Xeral de Loita Contra a Violencia de Xénero, así como da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

Os centros e lemas gañadores nas distintas categorías pódense consultar na seguinte sección do [Anexo](#).


► Outras actuacións no ámbito da prevención e sensibilización fronte á violencia de xénero

Difusión de campañas informativas fronte á violencia de xénero e agresións sexuais no evento internacional "Galicia Classic Surf Pro"



O Clube Praia de Pantín organiza un evento internacional dentro da rede mundial de actividades da World Surf League. No contexto do ABANCA PANTIN CLASSIC GALICIA PRO 2024, do cal é organizador, o clube volveu colaborar en iniciativas contra a violencia de xénero, en particular, a través da difusión de campañas de prevención e sensibilización sobre esta problemática. Entre as actuacións, destaca unha experiencia especial dun día dirixida a mulleres vítimas de violencia de xénero e aos seus/as fillos/as a cargo, usuarias de centros da Rede

Galega de Acollemento. Un total de 68 mulleres e menores participaron nesta actividade, cunha distribución por provincias que se detalla a continuación:



Táboa 8: Número de Mulleres e Menores participantes por provincia na campaña informativa fronte á violencia de xénero e agresións sexuais no evento internacional "Galicia Classic Surf Pro"

Proxecto Malaikas de empoderamento de mulleres inmigrantes en situación de vulnerabilidade e risco de exclusión social


En colaboración coa Fundación Juan Soñador este proxecto desenvolveuse, en diferentes cidades de Galicia, con grupos de mulleres coas que se realizaron obradoiros e actividades grupais, para mellorar o seu empoderamento e previr e detectar situacións de violencia de xénero. As cifras de asistencia e actividades foron as seguintes:

ACCIÓNS DESENVOLVIDAS		MULLERES PARTICIPANTES
	Acollida e información	297
	Talleres formativos	99
	Encontros de alianzas	36
TOTAL		432

Táboa 9: Mulleres participantes nas diferentes acción desenvolvidas dentro do Proxecto Malaikas de empoderamento de mulleres inmigrantes en situación de vulnerabilidade e risco de exclusión social

Participación en campamentos de verán 2024, para fillos e fillas de mulleres vítimas da violencia de xénero

No 2024 ofertouse novamente a posibilidade preferente de participar nos campamentos xuvenís de titularidade autonómica a aqueles/as menores dependentes de mulleres vítimas de violencia de xénero que residen ou residiron nos últimos anos nalgún centro de acollida. Os beneficiarios desta acción por provincia son:



Táboa 10: Número de nenos e nenas por provincia con reserva de praza en campamentos de verán 2024, por ser fillos e fillas de mulleres vítimas de violencia de xénero

► Accións contra a violencia de xénero entre poboación refuxiada e desprazada

Loita contra a violencia sexual e de xénero e a discriminación socioeconómica das mulleres na República Democrática do Congo:

Trátase dun proxecto de acción humanitaria nun contexto de desastre por conflitos armados latentes, con violación sistemática dos dereitos humanos, sobre todo da muller, e máis especificamente da muller refuxiada centroafricana, coa finalidade de garantir o dereito á seguridade, á integridade física e á igualdade entre homes, mulleres e nenas refuxiadas centroafricanas residentes na provincia de Nord-Ubangui na República Democrática do Congo.

Protección e atención fronte á violencia machista para as mulleres vítimas e sobreviventes de violencia de xénero dos campos de poboación refuxiada de Palestina na Franxa de Gaza:

Os bombardeos e o asedio en Gaza imposibilitaron a execución da intervención tal e como estaba deseñada e prevista, razón pola que se concedeu unha ampliación do prazo do proxecto, esperando que se poida retomar a súa execución.

Servizos integrados para a prevención e resposta aos problemas de protección da infancia, incluída a violencia de xénero, no distrito de acollida de refuxiados de Yumbe – Uganda:

A contribución da Xunta de Galicia axudou a reforzar a contorna de protección dos nenos e as nenas nos asentamentos de persoas refuxiadas e as comunidades de acollida do distrito de Yumbe, incluído Bidibidi, o maior asentamento de persoa refuxiadas de Uganda.

► Actuacións de sensibilización contra a violencia de xénero no ámbito deportivo

Con motivo do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres, organizouse un **acto de sensibilización no ámbito do deporte feminino**.

A actividade consistiu na entrega de 60 camisetas deportivas co lema da campaña da Xunta "NON á violencia de xénero", deseñadas en cor púrpura, a tres equipos femininos da SCD A Milagrosa, da cidade de Lugo, que practican fútbol base en diversas categorías.

A iniciativa ten como obxectivo difundir esta mensaxe, alcanzando non só á sociedade en xeral, senón tamén ao mundo do deporte, en particular ao ámbito infantil, para seguir promovendo a creación de conciencia social contra a violencia de xénero.

► Outras actuacións de prevención e sensibilización fronte á violencia de xénero

Dende a Xunta de Galicia desenvóléronse as seguintes **actuacións de prevención e sensibilización, ofertadas aos centros educativos participantes no programa “Por 365 días de respecto e igualdade”**, programa de prevención da violencia de xénero desde o ámbito educativo dentro do Plan Proxecta, e aos concellos que forman parte da Rede de entidades locais contra a violencia de xénero, no marco do Acordo de Colaboración asinado coa FEGAMP:

Exposición “Chicas novas 24 horas”

Exposición inspirada no documental homónimo da directora e documentalista Mabel Lozano, no que se denuncia a realidade do negocio que alimenta a explotación sexual de mulleres e nenas. A mostra vai acompañada dun taller formativo, dirixido especialmente á xente moza a partir dos 14 anos, co obxectivo de sensibilizar e informar sobre esta grave problemática.

Espectáculo teatral “Golpes”

Espectáculo teatral pedagóxico de sensibilización sobre a violencia de xénero, protagonizado por Estíbaliz Veiga. "GOLPES" narra a vida de Pamela, unha rapaza que comparte a súa historia, os seus sonhos e a súa visión do amor romántico, ao tempo que reflexiona sobre as leccións que aprendeu dunha relación que nunca debería ter vivido. A obra aborda a desigualdade nas relacións desde a súa raíz, facendo especial énfase na adolescencia, momento no que se inician moitas destas dinámicas.

Obradoiro “Violencia de xénero e o novo contexto dixital”

Obradoiro educativo centrado no coñecemento e prevención das novas formas de violencia que xorden no contexto dixital: ciberviolencia de xénero, grooming, sexting, etc.

Exposición fotográfica “Express-Arte”

Exposición fotográfica que amosa unha perspectiva de diferentes realidades dende a arte. Creada no marco do programa de inserción laboral para vítimas da violencia de xénero e impulsada pola Asociación de Xoves Emprendedores Lucenses (AXEL).

Exposición "Á violencia de xénero...Dille Non"

Exposición dirixida a axudar á mocidade a recoñecer, identificar e rexeitar condutas sexistas e nocivas nas súas relacións, a visibilizar e crear conciencia social e a impulsar valores como o da liberdade, a tolerancia e o respecto.

Exposición "Cartas de amor"

Mostra de cómic galego sobre violencia de xénero, cuxo obxectivo é sensibilizar á poboación máis nova sobre a presenza de violencia nas relacións de parella e nos seus modos de interactuar. A mostra busca axudar aos mozos e mozas a tomar conciencia de que certas actitudes e comportamentos aparentemente habituais, como os celos excesivos, o control sobre a vestimenta, as chamadas telefónicas, as mensaxes e correos electrónicos ou a restrición dos movementos en relación coas amizades, son en realidade sinais de comportamento violento e, polo tanto, deben ser erradicados.

Encontro-debate "Hai saída grazas a ti"

Encontro-debate a cargo de persoal especializado sobre a abordaxe da violencia de xénero, con especial énfase na xente moza.

Charla informativa sobre agresións sexuais e violencia sexual

Charla a cargo de persoal especializado, dirixido preferentemente a xente moza, para reflexionar sobre o bo trato nas primeiras relacións, para identificar as tipoloxías de violencias sexuais, evitar ditas agresións e incidir nunha educación afectivo-sexual alternativa á pornografía.

Taller formativo "Conectad@s"

Taller dirixido á mocidade, contemplando un modelo afectivo desde os coidados e o bo trato e tendo en conta os novos xeitos de relación e as novas tecnoloxías. Abordarase a prevención, tanto na captación de mulleres mozas para ser prostituídas, así como a eliminación da demanda e acceso da mocidade á mesma.

Visita ás instalacións do Centro de Recuperación Integral para mulleres que sofren Violencia de Xénero

Visita por parte do persoal do concello: CIM, servizos sociais etc, e xuntanza técnica entre profesionais coa finalidade de por en común recursos e dinámicas de traballo.

Curso de defensa persoal e autcapacidades para mulleres e mozas

Curso orientado a todas as mulleres, sen importar a súa idade ou condición física, que desexen adquirir coñecementos preventivos e desenvolver habilidades defensivas fronte a situacións agresivas. O curso baséase en recursos tácticos e técnicos sinxelos e altamente eficaces, sen requirir forza física.

“Algo entre nós”

Programa educativo destinado á prevención da violencia machista nas relacións afectivas de adolescentes. O seu enfoque promove a igualdade como alternativa para que a xente moza constrúa relacións libres de violencia machista desde os seus comezos.

“A nova escravitude do século XXI: Trata de seres humanos confins de explotación sexual, outra forma de violencia de xénero”

Charlas impartidas por persoal da Rede Galega contra a Trata que teñen como finalidade sensibilizar sobre a trata con fins de explotación sexual e a explotación sexual como formas de violencia de xénero.

Charla sobre a violencia machista nas relacións de parella na mocidade

O obxectivo principal da charla é abrir espazos no ámbito educativo onde o alumnado se cuestione e reaprenda. A idea principal na que se traballa é que as relacións de parella sanas teñen un vínculo que se constrúe ca comprensión da igualdade entre homes e mulleres, o respecto ás diferenzas existentes e a independencia para que ambas persoas tomen libremente decisións segundo as súas motivacións, necesidades e estilos de vida.

Charla sobre violencia de xénero e sexismo na publicidade , nos medios audiovisuais e nas redes sociais

Charlas de sensibilización dirixidas á mocidade e centradas na violencia de xénero e o sexismo nos medios de comunicación e nas redes sociais, das representacións da violencia de xénero na publicidade e a publicidade sexista.

“Mozas na rede”


Espectáculo teatral didáctico enfocado cara os mozos e mozas para reflexionar sobre as novas formas de

violencia sexual que acontecen no entorno das novas tecnoloxías da información e da comunicación. Afonda na realidade que se agocha detrás do uso das novas tecnoloxías para capacitar á rapazada de ferramentas de detección dos posibles conflitos.

Xénero educa dinámicas

Taller no que se traballa a prevención e sensibilización en materia de violencia de xénero entre a poboación infantil e xuvenil utilizando o xogo como ferramenta pedagóxica. A través dunha metodoloxía participativa, e mediante dinámicas lúdicas, analízanse as distintas formas de violencia e proporciónanse ferramentas para recoñecelas e previlas. Pretende conseguir que a desigualdade desapareza xogando, mediante a reflexión grupal e o protagonismo da rapazada.

Este programa desenvólvese a través dunha plataforma interactiva, que ofrece recursos e materiais aos docentes de secundaria. Estes recursos permiten ao profesorado guiar e acompañar ao seu alumnado no superamento de cinco retos, un para cada unha das fases nas que se divide o programa.



Gráfica 11: Centros participantes e número de asistentes no programa "Algo entre nós"

Os centros participantes no programa “Por 365 días de respecto e igualdade” e os concellos beneficiarios destas actuacións dentro da Rede de entidades locais contra a violencia de xénero pode consultarse na seguinte sección do [anexo](#).

Artigo 7. Fomento do movemento asociativo

Desde a Xunta de Galicia establécense unha **serie de medidas enfocadas a fomentar o movemento asociativo entre as mulleres**, co obxectivo de xerar unha rede de protección contra a violencia de xénero. Neste sentido, ao longo do ano 2024, desenvolvéronse as seguintes medidas co obxectivo de fomentar o movemento asociativo para a prevención e a erradicación da violencia de xénero:

► Convocatoria de axudas económicas destinadas a fomentar o asociacionismo e a participación das mulleres

No Diario Oficial de Galicia do 10 de abril de 2024 publicouse a Resolución do 1 de abril de 2024, da Secretaría Xeral da Igualdade, que establece as bases reguladoras das axudas dirixidas a fomentar o asociacionismo e a participación das mulleres, e procede á súa convocatoria para o ano 2024. O obxectivo destas axudas é fortalecer e consolidar o movemento asociativo, así como potenciar a participación social e mellorar a calidade de vida das mulleres galegas, a través das seguintes liñas de actuación:

a) Liña 1: consolidación do movemento asociativo, destinada a compensar os gastos correntes que orixinen o mantemento e o funcionamento das asociacións de mulleres e das súas federacións: 168.000 euros.

b) Liña 2: promoción de accións singularizadas en materia de igualdade e prevención da violencia de xénero: 150.000 euros. No exercicio de 2024, a implementación desta subvención, permitiu conceder axudas a 38 entidades de iniciativa social, que atenderon a un total de 9.751 mulleres, das cales 64 eran vítimas de violencia de xénero.

► Convocatoria de axudas económicas destinadas a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para a realización de programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade

A través da Resolución do 9 de febreiro de 2024, convocáronse subvencións para entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, dirixidas a programas para mulleres en situación de especial vulnerabilidade, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo Plus no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027. Estas axudas están orientadas ao desenvolvemento de programas de atención especializada e recursos integrais para mulleres en situación de especial vulnerabilidade, conforme ao establecido na disposición adicional única da resolución.

A finalidade destes programas é promover a igualdade de oportunidades e reducir a dobre discriminación que sofren as mulleres en situación de especial vulnerabilidade, ao tempo que se lles proporciona maior autonomía e independencia, mellorando a súa situación persoal, social e laboral. Así, os programas deberán incluír unha atención personalizada e especializada, centrada na integración social e laboral das participantes.

No exercicio de 2024, a implementación desta subvención, cun importe total de 1.761.547 euros, permitiu conceder axudas a 69 entidades de iniciativa social, que atenderon a un total de 3.899 mulleres en situación de especial vulnerabilidade, das cales 196 eran vítimas de violencia de xénero.

► Convocatoria de axudas económicas destinadas a financiar actividades de promoción da igualdade e de prevención da violencia de xénero para as asociacións de nais e pais do alumnado de centros educativos de Galicia

A través da Resolución do 28 de decembro de 2023, establécense as bases reguladoras para as subvencións dirixidas ás asociacións de nais e pais de alumnado dos centros educativos de Galicia, co obxectivo de financiar actividades que promovan a igualdade entre mulleres e homes e a prevención da violencia de xénero.

O programa conta cun orzamento de 400.000 € e está enfocado a apoiar a realización de actividades por parte das asociacións de nais e pais de centros educativos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto de forma individual como a través das súas federacións ou confederacións. Estas actividades teñen como fin promover a igualdade e loitar contra a violencia de xénero, especialmente a violencia contra as mulleres.

En total, concedéronse 128 axudas, pero o número de entidades beneficiarias foi de 485, dado que moitas das ANPAS beneficiarias se agruparon con outras ou federacións para realizar solicitudes conxuntas.

Artigo 8. Actividades culturais e artísticas

Conforme a Lei 11/2007, do 27 de Xullo, desde a Xunta de Galicia potenciarase **todo tipo de manifestacións culturais e artísticas dirixidas a sensibilizar e facer visible a problemática da violencia de xénero**. Neste sentido ao longo do ano 2024 realizáronse as seguintes actuacións en distintas entidades e organismos públicos galegos orientadas ao público en xeral:

► Actividades no Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC)

O programa ofrece 30 sesións didácticas para Educación Secundaria, ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos, baixo o título "A arte como plataforma para a igualdade. Mulleres artistas". O obxectivo destas sesións monográficas é introducir temas transversais á educación, como a ecoloxía, a igualdade de xénero, a identidade ou a emigración, co fin de que o alumnado poida entender mellor o mundo que o rodea a través da expresión artística.

Este programa está dispoñible tanto en formato presencial como en liña, e en ambos os dous casos explora o papel da arte como motor de cambio, centrado no traballo de artistas que abordan a igualdade de xénero.

A través dunha ampla variedade de soportes, materias e enfoques expresivos, afondamos en artistas e proxectos que abordan cuestións como a identidade de xénero, a maternidade, a violencia, a igualdade ou o papel da muller na sociedade, na historia da arte, na publicidade, no cine e nos contos.

► Actividades nos arquivos

Os arquivos de Galicia ofreceron unha serie de actividades orientadas a dar visibilidade a violencia estrutural contra as mulleres e concienciar ás persoas asistentes da relevancia que presenta mostrar unha actitude crítica e un compromiso de rexeitamento ante calquera tipo de violencia de xénero. [Anexo](#)

► Actividades nos museos

Os Museos de Galicia, coa finalidade de mellorar e apoiar a concienciación da sociedade galega sobre a gravidade da violencia de xénero, realizaron ao longo do ano 2024 unha serie de exposicións relacionadas con esta materia. O conxunto de actividades desenvolvidas atraeron a un total de 5.145 persoas.

► Actividades nas bibliotecas

Actividades nas bibliotecas públicas da Rede de Bibliotecas de Galicia.

En 117 bibliotecas galegas, distribuídas nas 4 provincias, realizáronse en 2024 un total de 148 actividades de concienciación sobre a violencia de xénero. A estas actividades acudiron 6.927 persoas participantes, das que 4.293 foron nenas e nenos menores de 14 anos. En canto á súa distribución, un 60 % do total foron mulleres.

Os datos desagregados sobre as actividades culturais e artísticas poden consultarse no [anexo ao este informe](#).

Artigos 9 e 10. Tratamento da información e convenios de autorregulación

De acordo co artigo 9 da Lei, a Xunta de Galicia ten a competencia de garantir que os medios públicos ofrezan un tratamento adecuado das noticias sobre violencia de xénero, facendo especial énfase nos recursos de prevención, asistencia e protección dispoñibles, ao mesmo tempo que se vela pola protección da intimidade da vítima e dos seus fillos e fillas.

No marco desta normativa, leváronse a cabo os seguintes programas e espazos dedicados á violencia de xénero:

- Entrevista a M^a Yolanda Borrás Vigo, avogada especialista en violencia machista, sobre o Sistema VioXén.
- Entrevista á directora xeral de Promoción da Igualdade, María Quintiana Pérez.
- Reportaxe con intervención de Noelia Míguez Vázquez, autora do libro Oito sinais: cuestión de vida ou morte; Isabel Blanco Franco, autora do libro Bambú; Irene García Díaz, axente da Garda Civil especialista do Equipo de Muller-Menor (Emume) de Pontevedra e coordinadora do Punto de Atención Especializada a Mulleres Vítimas da Violencia de Xénero.
- Entrevista a Consuelo Neira Leis, directora do Centro de Recuperación Integral para Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero (Santiago).
- Entrevista sobre o tema adolescentes e violencia de xénero con Sonsoles Bartolomé García, voceira Fundación ANAR.

Entre outros na TVG e AGalega.gal

- ✓ Cobertura dos actos 25N.
- ✓ Entrevistas con expertos/as, como a maxistrada titular do Xulgado do Penal núm. 4 de Pontevedra, Belén Rubido de la Torre.
- ✓ Emisión documentais 'Contraluz', 'Woman' e 'Todas as mulleres que coñezo'.
- ✓ Especial 'O que a G esconde'.

Artigo 11. Contidos e publicidade en relación coa violencia de xénero

As actuacións relacionadas coa promoción de contidos e publicidade en materia de prevención da violencia de xénero están principalmente centradas na actividade de dous organismos: a Secretaría Xeral de Medios e a CRTVG.

Ademais, pódese facer unha distinción entre a actividade informativa habitual e a actividade especial, que se desenvolve con motivo de dúas datas de visibilidade institucional: o 8 de marzo (Día Internacional da Muller) e o 25 de novembro (Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller).

► Actividade informativa con motivo do 8M e do 25N

A TVG incluíu pezas informativas nas que se resumiron os actos políticos e institucionais, as iniciativas de asociacións e outras entidades, así como as mobilizacións sociais e manifestacións que tiveron lugar en localidades galegas e outras cidades do Estado.

Os informativos cubriron de xeito exhaustivo a axenda diaria das actividades conmemorativas da efeméride, destacando non só os actos políticos e institucionais, senón tamén as iniciativas privadas levadas a cabo por asociacións, entidades empresariais e as mobilizacións sociais.

Ademais, a Radio Galega ofreceu unha ampla cobertura dos actos conmemorativos e das mobilizacións da xornada, a través das voces das institucións, sindicatos e entidades galegas, así como do goberno central.

Pola súa parte, a Secretaría Xeral de Medios da Xunta de Galicia, con motivo do 8 de marzo (8M), desenvolveu unha campaña institucional que se difundiu a través da prensa escrita, a radio e as edicións dixitais de medios de comunicación, co obxectivo de promover a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

O contido específico da cobertura ofrecida pola CRTVG pódese consultar no [anexo](#) a este informe.

Capítulo 2. Medidas de investigación e de formación en materia de violencia de xénero

Artigo 12. Potenciación da investigación sobre a violencia de xénero

Desde a Xunta de Galicia estase a **fomentar nas universidades galegas e noutros organismos, a investigación das causas e consecuencias da violencia de xénero, así como a existencia dos medios e das accións actuais para evitala, especialmente no relativo á violencia de xénero dixital**. Ademais, a Xunta de Galicia difundirá os resultados e materias resultantes destas investigacións.

► **Accións de promoción da formación, investigación, sensibilización e prevención da violencia de xénero no ámbito universitario**

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional desenvolveu ao longo deste ano unha intensa labor na recollida de información clave para mellorar e impulsar a prevención e loita contra a violencia de xénero. Ademais desta tarefa, a Consellería tamén colabora na creación e produción desta información.

No ano 2024, a Xunta de Galicia asinou tres novos **convenios de colaboración coas tres universidades galegas: a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo**. O obxectivo destes convenios foi avanzar nas medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, realizando actuacións como as seguintes:

- Incluir en todas as etapas educativas, a prevención da violencia de xénero, do machismo e das condutas violentas, a educación emocional, sexual e a igualdade, os valores da diversidade e a tolerancia.
- Implicar ás Unidades de Igualdade das Universidades na realización de estudos sobre o impacto do acoso, as agresións e os abusos sexuais no ámbito universitario, e valorar, no seu caso, a oportunidade de realizar campañas de prevención nos Campus Universitarios, e de forma particular das agresións sexuais “en cita”.
- Ofertar formación permanente a docentes en prevención da violencia de xénero.

- Realizar campañas que teñan como público obxectivo á mocidade, utilizando preferentemente as tecnoloxías da información e comunicación.
- Promover campañas contra a cousificación do corpo das mulleres e contra a hipersexualización das nenas.
- Impulsar a formación especializada en violencia de xénero para os profesionais dos medios de comunicación.
- Fomentar a investigación en violencias sexuais: estudos diagnósticos, desenvolvemento estatístico, unificación de datos e publicidade dos mesmos. Realizar estudos de prevalencia e deseño de indicadores para todos os tipos de violencias sexuais.
- Elaborar campañas e materiais informativos contra a violencia sexual, as violencias sexuais e as diferentes realidades das mulleres (idade, procedencia ou situación de diversidade funcional/discapacidade) có obxectivo de que exista unha maior conciencia social sobre estas formas de violencia de xénero.
- Establecer un sistema de análise estatístico que recolla as violencias machistas que sofren as mulleres que exercen a prostitución.

Dentro das actuacións ao abeiro destes convenios, destacan os seguintes **indicadores de resultado**:



N.º de cursos realizados: **45**



N.º de participantes: **2.870**



N.º de xornadas: **14**



N.º de actividades de
sensibilización: **15**



N.º de
proxectos/traballos/estudos de
investigación: **10**



N.º de concursos: **2**



Material de difusión: **2.000**
(carteis, tótems, pezas audiovisuais)

Artigo 13. Rexistros administrativos

O Programa Estatístico Anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, aprobado polo Decreto 160/2023, do 28 de decembro, inclúe entre as súas operacións estatísticas a recollida de datos sobre violencia de xénero. Esta estatística abrangue os datos relativos aos expedientes tramitados no primeiro e segundo semestre de 2024, así como o total anual correspondente.

As unidades estatísticas analizadas son as seguintes:

- **Prestacións económicas directas:**
 - Axuda de pagamento único a mulleres vítimas de violencia de xénero.
 - Axuda de pagamento periódico a mulleres vítimas de violencia de xénero.
 - Indemnización establecida no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- **Prestación de servizos:**
 - Atención polo Punto de Coordinación das Ordes de Protección.

- **Acreditacións:**

- Certificación acreditativa da condición de vítima de violencia de xénero, para os efectos da incorporación ao programa de inserción laboral deste colectivo.
- Informe técnico para os efectos da concesión de vivenda en alugueiro.

Os datos estatísticos recollidos no ano 2024 pódense consultar na seguinte sección do [anexo](#) a este informe.

Artigos 14. Formación nas universidades

As administracións educativas e universidades, no ámbito das súas competencias, asegurarán que na totalidade dos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios en disciplinas que habiliten para o exercicio de profesións que teñan relación directa coa violencia de xénero se incorporen contidos relacionados coa comprensión desta violencia, dirixidos á capacitación para a prevención, detección precoz, intervención e/ou apoio ás mulleres que a sofren.

Tal e como se comentou anteriormente, no marco dos **convenios de colaboración coas 3 universidades galegas: a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo**, para o desenvolvemento de medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, ofertouse formación permanente ao persoal docente universitario en materia en prevención da violencia de xénero.

Artigo 15. Formación da totalidade das e dos profesionais

Segundo prevé o artigo 15 da lei, a Xunta de Galicia garantirá, nos termos que se establezan regulamentariamente, e promoverá, mediante os instrumentos necesarios, a **formación en igualdade de todas e todos os profesionais que traballan en ámbitos relacionados directa ou indirectamente coa violencia de xénero, e en especial das e dos profesionais da sanidade, dos servizos sociais, dos educativos, das Forzas e Corpos de Seguridade e das operadoras e dos operadores xurídicos**. En cumprimento deste mandato, durante o 2024 realizáronse as seguintes actividades de formación:

► Formación para profesionais dos Centros de Información á Muller

Ao longo de 2024, a Xunta de Galicia puxo en marcha o **VI Plan de formación destinado ao persoal dos CIM de Galicia**, co obxectivo de abordar as diversas cuestións que os profesionais destes centros manexan no seu traballo diario. Este programa formativo tamén estivo aberto ao persoal de outras entidades vinculadas á atención e protección das vítimas de violencia de xénero. Entre eles, participaron traballadores e traballadoras do Centro de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero (CRI), do Centro de Emerxencia para Mulleres en Situación de Violencia de Xénero (CEMVI), así como do persoal dos centros de acollida que forman parte da Rede Galega de Acollemento. Tamén se sumaron as Oficinas de Asistencia ás Vítimas do Delito de Galicia e os equipos das unidades de Igualdade dos Departamentos Territoriais das Delegacións da Xunta, xunto ao persoal da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Foron accións formativas do VI Plan de formación do persoal dos CIM de Galicia do ano 2024:

- A atención xurídica ás mulleres vítimas de violencia de xénero: novos retos
- A atención psicolóxica das mulleres vítimas de violencia de xénero: novos retos
- Axudas económicas en materia de violencia de xénero
- Atención a persoas LGTBI+ en servizos de información especializados
- Identificación de vítimas de trata con fins de explotación sexual e intervención con persoas en situación de prostitución
- Autocoidado. Coidarse para coidar

Os datos desagregados sobre a formación para os profesionais dos CIM poden consultarse no [anexo](#) a este informe.

► Formación para profesionais da psicoloxía

Os convenios de colaboración firmados entre a Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia establecen, entre outros puntos, que as psicólogas e psicólogos que participen nos programas deberán completar as **actividades de formación continua** que se determinen.

Ademais, cando se considere necesario, tamén se **incluirán nesta formación os e as profesionais que traballan en centros, oficinas e puntos de información para mulleres, así como outros profesionais que colaboren no tratamento e abordaxe da violencia de xénero.**

No ano 2024 leváronse a cabo as seguintes accións formativas ao abeiro dos anteditos convenios:

- No marco das actividades formativas desenvolvidas, realizouse unha sesión de formación inicial dirixida ás novas incorporacións de terapeutas dos programas PAPMVX e Abramos o Círculo, á que asistiron 7 profesionais.
- Así mesmo, o curso “Elaboración de informes nos programas e implicacións para a declaración en xuízo” contou cunha ampla participación, reunindo un total de 47 asistentes.
- Pola súa parte, o curso “Detección e traslado de factores de risco dende os Programas” acadou unha elevada asistencia, con 51 persoas participantes.

► **Formación para persoal no ámbito da Administración Pública**

De acordo co establecido no Decreto 70/2017, do 13 de xullo, que regula a **formación en igualdade e na prevención e loita contra a violencia de xénero para o persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia**, no ano 2024 realizáronse as seguintes accións formativas en materia de igualdade, prevención e loita contra a violencia de xénero.

Escola Galega de Administración Pública

Actividades específicas en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero para persoal das distintas administracións públicas de Galicia

No ano 2024, a Escola Galega de Administración Pública (EGAP) ofreceu un total de 981 horas de formación para o persoal da administración, centradas na prevención e sensibilización contra a violencia de xénero. Estas accións formativas foron impartidas a través de distintas modalidades: telemática, telepresencial, presencial, mixta e

autoformación. As actividades formativas foron convocadas pola Resolución do 8 de marzo de 2024 (DOG núm. 54, do 15 de marzo). As cifras correspondentes a estas formacións son as seguintes:

FORMACIÓN PRESENCIAL	Nº de cursos	4	Nº de prazas	114
	Nº de edicións	4	Nº de horas totais	66
FORMACIÓN TELEPRESENCIAL	Nº de cursos	3	Nº de prazas	100
	Nº de edicións	3	Nº de horas totais	60
AUTOFORMACIÓN	Nº de cursos	8	Nº de prazas	2600
	Nº de edicións	8	Nº de horas totais	190
MIXTA	Nº de cursos	2	Nº de prazas	75
	Nº de edicións	2	Nº de horas totais	170

Táboa 12: Información referente a formación ofrecida pola EGAP con actividades específicas en materia de Igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero para persoal das distintas administracións públicas de Galicia

A información específica sobre as actividades impartidas pode consultarse na seguinte sección do [anexo](#) ao este informe.

► Actividades (non específicas na materia) que inclúen contidos sobre igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero

A EGAP incorpora tamén contidos sobre esta materia na programación didáctica doutras actividades formativas, como poden ser as seguintes:

- Incorporación de cláusulas sociais e de xénero na contratación pública. Desenvolta na modalidade de autoformación, foron 129 as persoas accederon a estes contidos e 51 superaron a proba de certificación.
- Contratación estratéxica. Tamén na modalidade de autoformación, 137 persoas accederon aos contidos e 74 persoas superaron a correspondente proba.
- Manual de estilo do DOG e outras publicacións institucionais. Nesta actividade, que se impartiu tamén na modalidade de autoformación e na que se promove o uso dunha linguaxe igualitaria e non estereotipada, formáronse 124 persoas, e foron 51 as que obtiveron o correspondente diploma.
- Módulo I. A actividade dos xulgados de garda: actuacións propias e alleas aos xulgados de instrución. Esta actividade formativa dirixida especificamente ao persoal da Administración de xustiza, ten por obxecto proporcionar coñecementos específicos de xestión procesual, atendendo aos procedementos especiais relativos a menores, persoas estranxeiras e vítimas de violencia de xénero. Foron 93 as persoas que cursaron esta actividade formativa.

► Formación para profesionais do ámbito sanitario

Desde o **Servizo Galego de Saúde** durante o exercicio 2024 puxéronse en marcha actividades de **formación e divulgación sobre a prevención da violencia de xénero**. Neste sentido **leváronse a cabo as seguintes actividades**:

- Xornadas contra a violencia de xénero: Evolución da Violencia de xénero. Situación actual, Mapa de localización das mulleres maiores de 65 anos que sofren ou sufriron violencia de xénero en Galicia, o cribado de violencia de xénero na atención primaria do Sergas.
- Publicación na web do Sergas de todos os vídeos das xornadas realizadas en relación coa violencia de xénero.

- Actualización da canle específica sobre a violencia de xénero na web do Sergas.
- Publicación na Intranet do Sergas dos vídeos de axuda para profesionais cando se atopan na consulta con mulleres que están en situación de violencia de xénero.
- Curso de formación



Táboa 13: Contidos de formación e divulgación sobre a prevención da violencia de xénero no ámbito sanitario

► **Formación da totalidade das e dos profesionais**

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero en Galicia, establece a adopción de medidas integrais en Galicia para sensibilizar, previr e tratar a violencia de xénero, así como garantir a protección e o apoio ás mulleres que a padecen.

No artigo 15 desta Lei, recóllese a obrigaón de que a Xunta de Galicia garanta e fomente a formación en igualdade de todos os profesionais que traballan en ámbitos relacionados, tanto directa como indirectamente, coa violencia de xénero. Isto inclúe especialmente aos profesionais da sanidade, os servizos sociais, a educación, as Forzas e Corpos de Seguridade, así como aos operadoras e operadores xurídicos.

En cumprimento deste mandato, nos últimos anos asináronse varios convenios dirixidos á formación especializada de profesionais da avogacía e a procuradoría sobre a atención a mulleres e menores vítimas de violencia de xénero, trata ou explotación sexual, no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e do I Plan Galego contra a Trata de Seres Humanos con fins de explotación sexual 2022-2024.

Os convenios asinados durante o ano 2024 foron os seguintes:

- a) No marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, formalizouse un convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Consellería de Política Social e Igualdade e o Consello da Avogacía Galega para o desenvolvemento de accións formativas especializadas dirixidas a profesionais da avogacía na atención a mulleres e menores vítimas de violencia de xénero. A formación desenvolvida ao abeiro deste convenio tivo unha ampla acollida, con 316 persoas matriculadas e unha media de asistencia de 169 profesionais por conferencia.
- b) Así mesmo, asinou un convenio entre as mesmas consellerías e o Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais para impulsar accións formativas dirixidas a colexiados e colexiadas na atención a vítimas de violencia de xénero. Neste caso, participaron un total de 160 procuradores e procuradoras, evidenciando tamén un notable interese por parte do colectivo na mellora da súa capacitación neste ámbito.

► Informe das actuacións da Academia Galega de Seguridade Pública durante o ano 2024 en materia de prevención e loita contra violencia de xénero.

A Academia Galega de Seguridade Pública levou a cabo, ao longo do ano 2024, un total de 36 actividades formativas, ofertando máis de 800 prazas en temas relacionados coa prevención e o tratamento da violencia de xénero. Ademais, desenvolveu un itinerario formativo especializado para as Forzas e Corpos de Seguridade Pública que realizan as súas tarefas en Galicia. A continuación, detállanse por áreas formativas os cursos realizados durante o ano 2024.

1. Dúas edicións do curso superior de intervención policial en violencia de xénero: 120 horas de formación na modalidade en liña e telepresenza. Visión completa dende todos os eidos da violencia de xénero, dende a actuación inicial, o tratamento do home maltratador, o protocolo cero e a violencia dixital entre outros temas.
2. Realización de cursos de formación continua no servi7Q de formación en Seguridade Pública dirixido a persoal dos Corpos da Policía Local, Policía Nacional, Garda Civil e Policía Autonómica.
3. Actuación policial nos casos de violencia de xénero, 40 horas de formación presencial na AGASP.

4. Trato ao cidadán e comunicación, 6 horas lectivas de formación presencial na AGASP, con un módulo de comunicación con mulleres vítimas de violencia de xénero.
 5. Actuación policial ante delitos de odio, con 20 horas de duración na modalidade en liña e un módulo específico de violencia de xénero.
 6. Catro edicións do curso violencia de xénero no ámbito dixital, destinado a ensinar ao persoal das forzas e corpos de seguridade a descubrir se as vítimas de violencia de xénero están sufrindo violencia dixital e non son coñecedoras.
 7. Dúas edicións do curso actuación inicial coas vítimas de violencia de xénero, dirixido ao persoal de protección civil da nosa comunidade autónoma.
 8. Investigación de delitos de odio, desenvolvido na modalidade semipresencial cunha duración de 20 horas.
 9. LGTBI, diversidade afectivo sexual, con 20 horas de duración na modalidade en liña.
 10. Unha edición do curso xestión de conflitos. Mediación policial, que se desenvolveu de xeito presencial e que tivo unha duración de 8 horas.
- Realización de cursos de formación inicial dos Corpos da Policía Local de Galicia.

No eido da formación inicial dos corpos da Policía Local, no curso selectivo de acceso a categoría de policía correspondente a 16 promoción de policía local, leváronse a cabo 4 cursos (un por cada grupo de alumnado) en materia de violencia de xénero co seguinte contido:

1. A violencia de xénero. Tipos de violencia. Factores de risco.
2. A muller vítima de violencia de xénero. Os seus dereitos como vítima.
3. Primeira intervención policial en casos de violencia de xénero.

Durante o ano 2024, tamén se levou a cabo o curso de acceso á categoría de vixiante municipal, no que recibiu formación básica na materia de violencia de xénero, así como catro edicións do curso básico de auxiliares de policía local, con un total de 16 horas lectivas na referida materia.

Do mesmo xeito cómpre sinalar os cursos selectivos para o acceso as categorías de oficial, inspector e inspector principal dos corpos da policía local, nos cales 20 alumnos/as obtiveron formación de especialización no eido da loita contra a violencia de xénero.

Así, no ano 2024 a AGASP, levou a cabo 36 actividades específicas en materia de violencia de xénero, cun total de 531 horas lectivas impartidas, obtendo máis de 1700 solicitudes para participar nas mesmas.

Capítulo 3. Medidas no ámbito educativo

Artigo 16. Actitudes

Segundo establece o artigo 16 da Lei 11/2007, 27 de xullo, a administración educativa galega, en colaboración co departamento competente en materia de igualdade, **realizará actividades dirixidas á comunidade escolar para a prevención da violencia de xénero, garantindo e fomentado actitudes, valores e capacidades que contribúan a un pleno desenvolvemento en igualdade.**

Neste sentido desde a **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional** desenvólvense diferentes accións:



Ilustración 1: Accións levadas a cabo pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

► Programas Educativos

Ademais das actividades de conmemoración previstas para as datas establecidas (de cumprimento obrigatorio para todos os centros educativos), a Consellería promove programas educativos de participación voluntaria destinados á comunidade escolar, co fin de traballar na educación en valores e na mellora da convivencia. Estas iniciativas de acción son canalizadas a través do **PLAN PROXECTA** e os **CONTRATOS-PROGRAMA**.

Ademais, a Consellería colabora no desenvolvemento do PLAN DIRECTOR para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e nas súas contornas, unha iniciativa de ámbito estatal xurdida da Secretaría de Estado de Seguridade do Ministerio do Interior.

► Plan Proxecta+

O Plan Proxecta+ é unha iniciativa da **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, en colaboración con varios organismos, que ten como obxectivo fomentar a innovación educativa nos centros. A través de programas educativos, promove o traballo cooperativo, interdisciplinar e competencial, ao tempo que se compromete co cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030.

Neste marco, promóvese a educación en valores entre o profesorado, ofrecendo propostas que traballan en diversos aspectos. Dentro destes plans formativos en valores, inclúense programas que abordan de maneira directa a violencia de xénero:



Táboa 14: Programas dentro do Plan Proxecta e o seu alcance

► Contratos-programa

A actuación **IGÚALATE** dentro de Contratos-Programa ofrécese como unha modalidade dirixida a aqueles centros **que queiran afondar na coeducación**. Con esta actuación, promóvese o desenvolvemento de accións que interveñan no fomento da coeducación, promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, prevención e tratamento da violencia de xénero, promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual, prevención e tratamento da LGTIfobia e outras semellantes. Durante o ano 2024 o programa Iguala-T desenvolveuse en 459 centros e participaron 5.731 docentes.



Táboa 15: Programa Iguala-T

► Proxecto de inclusión educativa

No curso 2024/25 implementáronse os Proxectos de Inclusión Educativa (PIE), que se inscriben dentro do programa destinado ao impulso de centros referentes, incluídos no Plan de Mellora Educativa de Galicia (Plan MEGA). O principal obxectivo desta iniciativa é fortalecer un sistema educativo que permita a cada estudante alcanzar o seu máximo potencial, adquirindo as competencias e habilidades necesarias. Este programa actúa como un apoio para os centros educativos, permitíndolles, no marco da súa autonomía, desenvolver proxectos que os posicionen como centros de referencia en igualdade, convivencia, inclusión e benestar emocional.

Durante o curso 24/25 **196 centros solicitaron a modalidade “ Impulso da igualdade”**.

► Plan director


Este plan, no ámbito dos centros educativos, permite a posibilidade de achegar solicitudes para conversas e charlas informativas/ formativas impartidas por integrantes das Forzas e Copos de Seguridade do Estado e expertos/as en temáticas de mellora da convivencia e da violencia de xénero.

Durante o curso 23/24 realizáronse **467 charlas sobre violencia de xénero nos centros educativos da comunidade autónoma galega**.

Artigo 17. Escolarización inmediata en caso de violencia de xénero

A Xunta de Galicia **asegurar**á a escolarización inmediata das nenas e dos nenos que se vexan afectados por **cambios de centro derivados de situacións de violencia de xénero**. Así mesmo, facilitará que os centros educativos presten unha atención especial a dito alumnado.

Neste sentido, a **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional** ao longo do ano **2023**, último ano do que se dispoñen datos actualizados, garantiu o traslado de **41 alumnos e alumnas vítimas de violencia de xénero a un novo centro educativo**:



Táboa 16: Datos de escolarización inmediata en caso de violencia de xénero

Artigo 18. Edición e adaptación de materiais

Os departamentos responsables de igualdade e educación deberán, dentro do seu ámbito de competencias, verificar que os materiais educativos e os libros de texto utilizados respecten o principio de igualdade.

Ademais, estes departamentos desenvolverán e promoverán proxectos e materiais didácticos actualizados, dirixidos a todos os niveis educativos, que inclúan directrices que promovan valores de respecto e igualdade, co fin de favorecer a prevención de actitudes e situacións violentas.

Neste contexto, e no marco do proceso habitual de inspección, a **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional** leva a cabo a tarefa de supervisión dos materiais educativos empregados na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 19. Revisión e adaptación do currículo educativo

Coa finalidade de garantir a igualdade real entre homes e mulleres, o departamento competente da Xunta de Galicia en materia de educación velará para que **se garanta a perspectiva de xénero nos contidos, procedementos, actitudes e valores que conforman o currículo en todos os niveis educativos**. Neste sentido, a Xunta de Galicia conta cun sistema de adaptación curricular en igualdade sobre as distintas etapas formativas e cunha **oferta formativa especializada en igualdade e violencia de xénero**.

► Tratamento da violencia de xénero nos distintos currículos galegos das áreas de materia das distintas etapas educativas.

Ao abeiro dos diferentes decretos que regulan os currículos **das 4 grandes etapas educativas en Galicia, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional actúa como garante da abordaxe da violencia de xénero, tanto na súa regulación xeral como en materias ou contidos específicos**.

Para acadar este obxectivo, a normativa regula a transversalidade, ao longo das diferentes etapas educativas, do tratamento da temática da violencia de xénero, sensibilizando ao alumnado nesta materia dende a etapa de educación infantil ate a etapa de bacharelato. Deste xeito, existen áreas ou materias obrigatorias que, nos seus elementos curriculares, citan literalmente a violencia de xénero.

Polo tanto, no currículo escolar de cada unha das etapas formativas da Comunidade Autónoma de Galicia, existe un tratamento específico na temática de violencia de xénero:

Educación Infantil

O obxectivo principal da educación infantil é *"Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia"*. Desta forma á cativada ofrecéselles, especialmente na área de Crecemento en Harmonía, **formación en valores de convivencia e rexeitamento da violencia, tal e como a violencia de xénero.**

Educación Primaria

Na educación primaria, o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, e especialmente no seu artigo 7, que regula os obxectivos desta etapa, fálase de prevención da violencia e promoción de actitudes contrarias, o cal inclúe a violencia de xénero.

Deste xeito e durante esta etapa escolar, os/as estudantes reciben ao longo das diferentes materias contidos referentes a violencia de xénero.

Educación secundaria obrigatoria

Na etapa de educación secundaria obrigatoria, o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, cita na súa xustificación a prevención da violencia de xénero, e tanto no artigo 7 (obxectivos da etapa) como no artigo 18 (elementos transversais) alúdese de xeito directo a esta.

Ao longo desta etapa escolar, os/as estudantes reciben dentro do seu currículo educativo contidos con mencións a temática do rexeitamento e prevención da violencia de xénero.

Bacharelato

Na etapa de Bacharelato, o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, menciona a prevención da violencia de xénero na súa xustificación normativa, e alude á violencia tanto no artigo 7 (obxectivos da etapa) como no artigo 19 (elementos transversais).

Ao igual que na educación secundaria, ao longo desta etapa escolar, os/as estudantes reciben dentro do seu currículo educativo contidos referentes a prevención da violencia de xénero.

Artigo 20. Plans de acción tutorial

De acordo co establecido na Lei 11/2007, os plans de acción tutorial de todos os niveis educativos deben incluír de maneira explícita apartados dedicados á modificación dos modelos de roles masculinos e femininos, así como á orientación académica e profesional baseada nas aptitudes e capacidades individuais, sen caer en estereotipos sexistas.

Neste sentido, tanto a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, como a Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, subliñan a importancia da acción tutorial no acompañamento do alumnado durante o seu proceso educativo, promovendo o respecto mutuo e a cooperación desde a igualdade de xénero en cada etapa. Ademais, os centros educativos desenvolven accións tutoriais co fin de promover a igualdade real entre homes e mulleres.

Artigo 21 Proxectos educativos e curriculares de centro

Segundo o disposto na Lei 11/2007, do 27 de xullo, **os proxectos educativos de centro incorporarán a perspectiva de xénero na súa elaboración e no seu desenvolvemento**. Os proxectos curriculares propiciarán medidas de coeducación nos contidos, as actitudes e os procedementos.

Dentro da súa autonomía pedagóxica e organizativa, os centros de ensino dispoñen de instrumentos documentais a través dos cales poden canalizar o seu traballo a favor da consecución dunha escola plenamente coeducativa, é dicir, unha escola que considere nuclear o principio de igualdade e que o exprese a través dunha perspectiva de xénero:

- **Proxecto educativo (PE):** incorporará a concreción dos currículos establecidos pola administración educativa incluíndo un tratamento transversal da educación en valores, do desenvolvemento sostible, da igualdade entre homes e mulleres, da igualdade de trato e non discriminación e da prevención da violencia contra as nenas e mulleres, do acoso, do ciberacoso escolar, así como a cultura da paz e os dereitos humanos.
- **Normas de organización, funcionamento e convivencia (NOFC):** constitúese tamén como un instrumento de relevo á hora de establecer as normas que favorezan o seguimento do cumprimento do principio de igualdade.

- **Programación Xeral Anual (PXA):** Constitúe o documento máis integrador das propostas de acción no ámbito da igualdade.
- **Memoria anual (MA):** é un documento que ten como finalidade avaliar o grao de cumprimento da programación xeral anual e no que dar conta das propostas concretas de mellora.
- **Plan de convivencia:** debe recoller accións para a resolución pacífica de conflitos con especial atención ás actuacións de prevención da violencia de xénero, igualdade e non discriminación.
- **Plan de igualdade:** Nel establecece o procedemento para que, dentro da súa autonomía, o centro adapte o plan á súa realidade contextual e educativa. O plan de igualdade elaborado formará parte do proxecto educativo de cada centro, e desenvolverase anualmente no marco da súa programación xeral anual.

Artigo 22 Consellos Escolares e Consello Escolar de Galicia

Segundo a Lei 11/2007, do 27 de xullo, e a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, a Consellería competente en materia de educación, garante que unha vez constituído o Consello Escolar, se designe unha persoa que impulse medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.

Entre as medidas levadas a cabo no ámbito educativo en relación coa igualdade destacan o Plan Director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e nos súas contornas para o curso 2023/24.

Este Plan ofrece aos centros educativos a posibilidade de solicitar charlas informativas impartidas por persoas expertas das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado sobre diferentes temáticas que favorezan a mellora da convivencia e o achegamento da súa labor profesional á cidadanía

- Durante o curso 2023/24, solicitáronse un total de 4 606 intervencións das cales :
- 467 fan referencia a charlas de violencia sobre a muller.

Charlas de Violencia sobre a muller	
2023/24	
A Coruña	200
Lugo	69
Ourense	71
Pontevedra	127
Total Galicia	467

Durante o curso 2023/2024 tamén se inclúe formación permanente ao profesorado en materia de violencia de xénero, entre a que se atopan os seguintes cursos:

- A coeducación como modelo educativo. Formación para a prevención da violencia de xénero con 20h de formación.
- Análise da violencia de xénero nos centros educativos con 30 horas de formación.

Artigo 23 Inspección educativa

A inspección educativa de Galicia, en todas as súas tarefas, vixía polo cumprimento do establecido no capítulo 3 da Lei 11/2007, do 27 de xullo.

TÍTULO 2: MEDIDAS DE PROTECCIÓN E ASISTENCIA FRONTE Á VIOLENCIA DE XÉNERO

Capítulo 1. Medidas no ámbito sanitario e psicológico

Artigo 24. Dereito á atención sanitaria

Conforme ao establecido no artigo 24 da Lei, asegúrase a atención sanitaria e o seguimento de todas as mulleres que fosen vítimas de calquera forma de violencia de xénero, ata a súa completa recuperación, tendo en conta as posibles secuelas físicas, emocionais ou sociais derivadas desta violencia.

No transcurso do ano 2024, o número total de episodios atendidos en materia de violencia de xénero foi de 1.826, distribuídos de acordo cos seguintes grupos de idade:

- › Menores de 30 anos: 502
- › Desde os 31 anos a 55 anos: 1.085
- › Máis de 55 anos: 239



Ilustración 2: Episodios atendidos en materia de violencia de xénero

Do total dos episodios no ano 2024, o 57% das vítimas teñen unha relación sentimental co agresor e o 24% son ex-parella. Identificáronse 60 episodios no núcleo familiar e 296 nos que se descoñece a relación agresor-vítima.

Artigo 25. Atención psicolóxica

O artigo 25 da Lei contempla a **prestación de asistencia e atención psicolóxica**, entendendo como tal todo tipo de atención psicolóxica inicial así como o seu seguimento durante todo o proceso terapéutico. Recoñécese **tamén** neste artigo **o dereito á asistencia psicolóxica gratuíta a menores, así como ás persoas dependentes que indirectamente tamén padezan unha situación de violencia de xénero**.

A atención psicolóxica complementábase cos programas que se detallan a seguir:

► Programa de atención psicolóxica a mulleres e menores que sufran violencia de xénero e complementariamente a outras persoas da súa contorna familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero

Este programa está orientado a mulleres que están a sufrir ou que teñen sufrido violencia de xénero, co obxectivo de ofrecerlles **recursos terapéuticos que lles axuden a superar a situación vivida, reforzar a súa autoestima e, ao mesmo tempo, apoiar a súa recuperación ou o desenvolvemento de habilidades que lles permitan acadar autonomía e integración na súa vida social e laboral**. Ademais, tamén se ofrece apoio a menores e outras persoas da súa contorna familiar que pasaran pola mesma experiencia.

A xestión do programa realízase a través dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, no que se inclúe unha psicóloga coordinadora e unha rede de profesionais encargados de levar a cabo a intervención en toda a Comunidade Autónoma de Galicia. Tamén se ofrece un servizo telefónico de asesoramento e derivación para a atención terapéutica personalizada.

O convenio contempla, ademais, a cobertura da asistencia domiciliaria en casos de morte por violencia de xénero, cando se precise atención urxente e fóra do horario laboral. Así mesmo, inclúe a colaboración co Centro Autonómico de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero, no apoio terapéutico e psicolóxico das súas usuarias, e garante o acceso ao servizo para persoas con discapacidade auditiva e/ou da fala.

Durante o ano 2024, un total de 1.664 persoas beneficiáronse deste programa, e un equipo de 68 profesionais da psicoloxía participou nas intervencións.

Persoas usuarias do PAPMVX en 2024

A Coruña



Mulleres: **733**



Nenas menores: **65**



Nenos menores: **76**



Persoas dependentes: **28**

TOTAL: 902

Ourense



Mulleres: **126**



Nenas menores: **5**



Nenos menores: **7**



Persoas dependentes: **1**

TOTAL: 139

Lugo



Mulleres: **84**



Nenas menores: **7**



Nenos menores: **2**



Persoas dependentes: **1**

TOTAL: 94

Pontevedra



Mulleres: **468**



Nenas menores: **29**



Nenos menores: **26**




Persoas dependentes: **6**


TOTAL: 529

Total Xeral en Galicia	
	Mulleres: 1411
	Nenas menores: 106
	Nenos menores: 111
	Persoas dependentes: 36
TOTAL: 1.664	

Táboa 17: Persoas usuarias do PAPMVX en 2024




Táboa 18: Número de Psicólogos/as que participan no programa PAPMVX



Táboa 19: Número de puntos de atención terapéutica do programa PAPMVX

► Servizo de quenda de garda psicolóxica

A través do convenio de **colaboración entre a Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia**, ofrécese un servizo de atención psicolóxica durante os 365 días do ano. Este mecanismo actívase unha vez que foi requirido polas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado. Unha vez iniciado o protocolo, envíase de maneira inmediata ao profesional psicolóxico de garda para a atención á vítima.



Táboa 20: Datos do servizo de Quenda de Garda Psicolóxica

► Programa de asesoramento e terapia familiar con nenas e nenos que sufrisen de maneira directa a violencia de xénero

As situacións de violencia de xénero non só afectan ás mulleres, senón tamén ás persoas e menores que forman parte do seu núcleo familiar, que poden ser vítimas directas ou indirectas desa violencia e, polo tanto, precisan atención e medidas específicas. Por esta razón, a Xunta de Galicia considera fundamental o desenvolvemento de programas especializados dirixidos aos menores, dado que se trata dun colectivo particularmente vulnerable.

Este programa executase en colaboración coa Fundación Meniños. A fundación conta cun centro de asesoramento e terapia familiar, con ampla experiencia na intervención con familias e infancia, e está orientada a apoiar a aquelas familias que necesitan resolver problemas relacionados cos seus fillos e fillas, ademais de ofrecer asesoramento no proceso educativo.

O programa de intervención ten como obxectivo atender as necesidades básicas dos nenos, nenas e adolescentes que sufriron violencia de xénero, tanto de forma directa como indirecta, promovendo o seu benestar e recuperación psicosocial.

Ao igual que en anos anteriores, en 2024 o programa desenvolveuse mediante sesións individuais de traballo terapéutico cos menores, integrándose e complementándose co resto das accións realizadas pola rede de recursos dispoñible para o tratamento. Este programa tamén inclúe a participación activa das nais, abordando as necesidades do conxunto do núcleo familiar afectado. En 2024, o programa desenvolveuse na provincia da Coruña, ofrecendo un total de 119 sesións terapéuticas. A continuación, preséntanse os datos correspondentes a este ano:


Programa de asesoramento e terapia familiar

	Casos	Nenos	Nenas	Sesións
LARACHA	5	2	3	45
ORDES	6	4	2	17
ARZÚA	8	3	5	57
TOTAL	19	9	10	119

Táboa 21: Datos do programa de asesoramento e terapia familiar

► Programa de intervención con mulleres vítimas de abuso e violencia sexual

Tamén en cooperación coa Fundación Meniños, a Xunta de Galicia desenvolveu durante o 2024 un **programa de apoio a mulleres vítimas de violencia e abuso sexual, co obxectivo de ofrecer as vítimas un espazo seguro onde se sintan acompañadas no proceso de sanación psicolóxico-emocional**. Este programa desenvolveuse nas catro provincias galegas, nas que se atenderon 116 casos con sesións individuais coas mulleres e nalgún caso sesións familiares.


Táboa 22: Datos do Programa de Intervención con mulleres vítimas de abuso e violencia sexual

► Proxecto re-incorpórate

Como complemento á intervención terapéutica, no ano 2024, continuouse co proxecto *Reincorpórate*, a través do cal se trata de **impulsar a recuperación integral das mulleres vítimas de violencia sexual** a través da combinación dunha **intervención psicolóxica e un adestramento físico de forza nunha** contorna de seguridade que teña en conta as súas necesidades específicas tanto físicas como emocionais.

Esta modalidade de proxecto actúa intentando reducir a sintomatoloxía traumática, mellorar a autoestima, a sensación de benestar e o auto coidado. **No 2024 beneficiáronse deste programa un total de 12 mulleres.**

Artigo 26. Protocolos de actuación

O artigo 26 da Lei establece a obrigatoriedade de que o departamento competente no ámbito sanitario elabore un protocolo que defina pautas uniformes de actuación sanitaria, así como procedementos de coordinación entre as distintas instancias que interveñen de forma específica na atención sanitaria das vítimas de violencia de xénero. Ademais, **este artigo tamén recolle a necesidade de deseñar medidas de detección precoz da violencia de xénero, así como un parte de lesións único e universal para todos os centros sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia.**

Neste sentido, no último ano, a Consellería de Sanidade, a través do Servizo Galego de Saúde, desenvolveu un novo protocolo para garantir a protección das mulleres vítimas de violencia de xénero nos centros sanitarios, titulado *"Procedemento para garantir a protección das mulleres en situación de violencia de xénero nos centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde"*.

O obxectivo principal deste protocolo é establecer medidas complementarias que aseguren a identificación da situación de violencia das mulleres, garantindo a confidencialidade, acompañamento e visitas, e reducindo os posibles riscos para a muller e/ou para as súas fillas e fillos, tanto nas urxencias como nas unidades de hospitalización, centros de saúde e PACs.

A intención é promover unha actuación conxunta e homoxénea por parte do equipo que atende á muller nos centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde. Así mesmo, o protocolo inclúe varias medidas adicionais, que se

detallan a continuación:

- Atención á muller, fillas e fillos no menor tempo posible, evitando esperas.
- Evitar que a muller, no caso de acudir a urxencias por agresión física, sexual ou psicolóxica, permaneza na sala de espera ou en espazos compartidos con outros pacientes.
- Facilitarase o acompañamento por unha persoa da súa elección.
- Facilitar que a muller estea nun lugar seguro, acolledor e independente, e acompañada. Evitarase a atención en boxes, co fin de favorecer a intimidade e confidencialidade.
- Na porta da habitación colocar un cartel de "Prohibidas as visitas, por orde facultativa".
- Facilitar o acompañamento e as visitas das persoas designadas pola muller durante a súa estada hospitalaria, de acordo coas funcións establecidas no Estatuto Marco do Persoal Estatutario dos Servizos de Saúde.
- Garantir a continuidade asistencial cos servizos sociais especializados unha vez estea de alta.
- Comunicar a todo o persoal sanitario e non sanitario do Servizo/Unidade onde se encontre a muller que non debe facilitar información sobre a situación da muller nin a súa situación.
- Asegurar o acompañamento da muller en todos os desprazamentos que deba realizar (RX, quirófano, traslado a planta de hospitalización, etc...) por persoal do centro ou acompañantes identificados correctamente polo persoal do centro.
- Recoller na historia clínica as medidas de protección adoptadas.
- Se a muller identifícase o agresor dentro do centro sanitario:
 - A persoa que teña a información avisará de forma inmediata:
 - No hospital: ao persoal de seguridade, á dirección ou á xefatura de garda médica ou á supervisora de garda.
 - Nos PACs/Centro de Saúde: aos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado.
 - Advertirlle a todo o persoal que comunique calquera intento de aproximación que efectúe o agresor. O quebrantamento dunha orde de afastamento e/ou orde de protección é un delito así como un grave risco para a integridade da muller. Os responsables do centro deberán comunicar este feito aos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado. Nesta situación, aínda que a muller

comunique o seu desexo de ver ó agresor, non se permitirá o acceso do agresor ó servizo ou hospital ou PAC.

Artigo 27. Rexistro de casos

No ámbito sanitario, estase a traballar na mellora do rexistro da información clínica nas historias electrónicas **(IANUS) relacionadas coa violencia de xénero**, tanto psicolóxica como física. O obxectivo é garantir un rexistro adecuado utilizando extensións de códigos CIAP-2 específicas, aprobadas polo Ministerio de Sanidade, para que a información se codifique correctamente. Isto permitirá a exportación automatizada desa información, posibilitando así un seguimento periódico da detección levada a cabo polo equipo de profesionais de atención primaria e hospitalaria.

As extensión dos códigos relacionados coa violencia de xénero son as que a continuación se detallan:

- Z12 Problemas de relación entre cónxuxes.
- Z12.01 Violencia psicolóxica (abuso, maltrato psicolóxico) por parte da parella ou ex-parella.
- Z25 Problemas derivados de violencia/ agresións.
- Z25.00 Violencia física (abuso, maltrato físico) por autor non especificado.
- Z25.01 Violación, agresión sexual por autor non especificado.

Actualmente existe a posibilidade de obter información sobre violencia de xénero a partires dos partes de lesións cubertos polos/as facultativos/as de atención primaria e hospitalaria en IANUS, así como a través dos rexistros sanitarios do CMBO (neste caso recóllese a información daquelas mulleres con lesións que requiren ingreso hospitalario) e do Sistema de xestión intelixente dos Servizos de Urgencias Hospitalarias e Puntos de Atención Continuada (SIGUR).

Capítulo 2: Medidas no ámbito xudicial

Artigo 28 e 29. Atención xurídica e asistencia letrada

A Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, sobre asistencia xurídica gratuíta, recoñece ás vítimas de violencia de xénero o dereito a recibir asistencia xurídica sen custo, e esta deberá ser prestada de forma inmediata, sen ter en conta a existencia de recursos para litigar (artigo 2.h).

Un dos aspectos máis relevantes da regulación galega en materia de asistencia xurídica gratuíta, recollido no Decreto 269/2008, do 6 de novembro, que aproba o seu regulamento, é a creación de quendas de oficio específicas para a asistencia xurídica das mulleres vítimas de violencia de xénero, dada a necesidade dunha atención especializada.


Desta forma, cúmplase co estipulado nos artigos 28 e 29 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, os cales dispoñen que os servizos de orientación xurídica dos colexios profesionais de avogacía de Galicia deben garantir atención especializada en violencia de xénero, a través de profesionais cunha formación específica (art. 28.2), así como asegurar a dispoñibilidade de quendas de oficio en todos os colexios profesionais de avogacía de Galicia para casos de violencia de xénero (art. 29.3).

O mencionado Regulamento de asistencia xurídica de Galicia establece expresamente a creación dunha quenda de garda permanente, dispoñible 24 horas ao día, atendida por letrados e letradas especializados/as, para ofrecer o servizo de asistencia letrada ás mulleres vítimas de violencia de xénero (artigo 29.2 do Decreto 269/2008), e tamén establece o requisito de formación especializada para os avogados e avogadas que se encargan da asistencia xurídica e da defensa no xuízo deste colectivo (artigo 30.2).

Ademais, coa modificación da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, realizada pola Lei 42/2015, do 5 de outubro, a quenda permanente de garda tamén inclúe o servizo de asesoramento xurídico previo á presentación da denuncia (art. 24). A dita modificación tamén dispón que nas causas de violencia de xénero, a defensa da vítima será asumida polo mesmo profesional da avogacía en todos os procedementos, sempre que sexa posible, o que garante a súa intimidade e reduce o risco de revitimización (art. 2.h).

Neste ámbito, o total de actuacións certificadas polos Colexios de Avogados no ano 2024 en aplicación do módulo establecido (defensa xurídica da muller en dilixencias policiais, orde de protección e procedementos administrativos relacionados coa violencia de xénero e doméstica) elevouse a un total de **6.520 asuntos**. Na seguinte táboa reflíctense de xeito desagregado os devanditos datos correspondentes ao ano 2024:

Táboa 23: Actuacións certificadas polos Colexios de Avogados do ano 2024



Artigos 30 e 31. Exercicio da acción popular e personación da Xunta de Galicia nos procedementos penais iniciados por causas de violencia de xénero

Por parte da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia leváronse a cabo durante o ano 2024 diversas actuacións ao abeiro da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e segundo o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 11.07.2013, sobre o **persoamento en exercicio da acusación popular en todos os procesos penais por violencia de xénero con resultado de morte no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia**, consistentes estas na personación e/ou na intervención na práctica de dilixencias e formulación de escritos procesuais nos procedementos seguintes:

- *Recurso de casación nº 10041/24*
- *Procedemento Tribunal do Xurado nº 854/24*

- *Procedemento Tribunal do Xurado nº 192/24*
- *Procedemento do Tribunal do Xurado 99/23*
- *DPA (Dilixencias Previas Procedemento Abreviado) 856/24*
- *Procedemento Tribunal do Xurado nº 1296/24*

A información específica sobre os procedementos pode consultarse no [anexo](#) ao mesmo informe.

Artigo 32. Intervención da administración

Nos centros de **protección e de reforma de menores** realízanse actuacións de sensibilización, prevención e **tratamento da violencia de xénero**, de forma individual e colectiva, a través das diferentes intervencións educativas e psicolóxicas desenvoltas cos/as menores.

- Nos centros de protección realizáronse 312 actividades (obradoiros, charlas, videoforums...) coa participación de 1.531 nenos/as e adolescentes.
- Nos centros de cumprimento de medidas xudiciais realizáronse 152 actividades dirixidas a 528 mozos e mozas.
- En todos estes centros desenvolvéronse 73 actividades formativas dirixidas ao persoal educador que presta servizos neles.

Capítulo 3. Outras medidas de apoio e protección

Artigo 33. Deseño e implementación de dispositivos de alarma

► Servizo Telefónico de Atención e Protección para Vítimas de violencia de xénero (ATENPRO)

O servizo telefónico de Atención e Protección (ATENPRO) para vítimas da violencia de xénero ofrece unha atención inmediata, asegurando **unha resposta rápida e efectiva durante 365 días ao ano e 24h ao día**. Este servizo, de carácter nacional, no ano 2024 tivo un total de 19.495 usuarias para toda España, **sendo as usuarias de Galicia un 3,84% do total, e dicir, 749 usuarias**.

Dentro de Galicia, a maior parte das usuarias concéntranse nas provincias de Pontevedra e Coruña, sendo esta última na que residen a maior proporción de usuarias do servizo ATENPRO.

► Sistema de Seguimento Integral de violencia de xénero (VIOGEN)

O Sistema de Seguimento Integral de Violencia de Xénero, coñecido como VIOGEN, é unha ferramenta informática creada pola Secretaría de Estado de Seguridade do Ministerio do Interior, cuxa finalidade é integrar as diferentes institucións públicas que teñen competencias en materia de violencia de xénero. **Este sistema permite centralizar toda a información relevante, avaliar o risco das vítimas e, segundo o nivel de risco identificado, realizar un seguimento e ofrecer protección ás vítimas en todo o territorio nacional**. Ademais, tamén desenvolve unha función preventiva, emitindo avisos, alertas e alarmas a través do "Subsistema de notificacións automatizadas" cando se detectan incidencias ou situacións que poidan comprometer a integridade da vítima.

Galicia é a quinta comunidade autónoma con maior porcentaxe de casos de vítimas que reciben protección policial dentro do programa VIOGEN, sumando un total de 5.801 casos.

En relación ao nivel de risco, dos 5.801 casos activos en Galicia no ano 2024, 1 está cualificado como de risco extremo, 51 como de risco alto, 829 como de risco medio, 2.693 como de risco baixo e 2.227 sen risco apreciado.

Pola súa parte, as provincias da Coruña e Pontevedra son as que presentan o maior número de casos cualificados como risco medio e alto.

► Sistema de control telemático de medidas e penas de afastamento

O sistema **ten como obxectivo garantir o cumprimento das medidas cautelares de afastamento da vítima impostas nos procedementos xudiciais por violencia de xénero, sempre conforme ás pautas e normas que, no seu caso, determine a autoridade xudicial.** Este sistema proporciona información actualizada e continua sobre as incidencias que poidan afectar ao cumprimento das medidas impostas, así como sobre posibles incidentes, tanto accidentais como provocados, no funcionamento dos dispositivos de vixilancia utilizados.

Galicia ocupa a sexta posición entre as Comunidades Autónomas con maior número de dispositivos electrónicos de seguimento instalados, mantendo tamén o sexto posto en canto ao número de dispositivos activos durante o ano 2024, cun total de 265 dispositivos.


A información específica sobre os distintos dispositivos pode consultarse na seguinte sección do [anexo](#) ao informe.

Artigo 34. Programas de intervención con homes en relación coa violencia de xénero

► Programa Abramos o Círculo


Desenvolto tamén en colaboración co Colexio de Psicoloxía de Galicia, *Abramos o Círculo* é un **programa de atención psicolóxica especializada** dirixido a homes que adoptan actitudes inadecuadas e violentas nas relacións coa súa parella, coa súa familia ou co seu círculo social e desexan adquirir novos modos de comportamentos exentos de agresividade.

Nº de usuarios



Táboa 24: Datos dos usuarios do programa "Abramos o círculo"

Nº de terapeutas



Táboa 25: Datos dos terapeutas do programa "Abramos o círculo"

► Proxecto Fénix, de medidas de intervención integral con menores agresores de violencia de xénero

A Xunta de Galicia, en colaboración coa Asociación para Proxectos Globais de Inserción e Integración Socio Laborais (Alar Galicia), desenvolveu ao longo de 2024 o Proxecto Fénix, centrado na rehabilitación de menores agresores en casos de violencia de xénero. A través deste proxecto, Alar Galicia realizou unha intervención integral con menores que exerzan violencia de xénero contra as súas parellas ou ex-parellas, así como con aqueles que mostren actitudes machistas na súa contorna máis próxima. O ámbito de actuación abrangue toda Galicia, priorizando a atención a menores con cargos penais por violencia de xénero, así como a intervención en centros de menores e nos Centros de Intervención Educativa en Medios Abertos (Ciemas).

As actuacións realizáronse con 164 participantes de entre 16-18 anos, nun total de 253 accións grupais e 18 individuais.

Capítulo 4. Medidas no ámbito da formación e o emprego

Artigo 35. Medidas específicas no ámbito da formación e o emprego

Conforme ao establecido no artigo 35 da lei, recóllense varias medidas no ámbito do emprego co obxectivo de facilitar a integración socio-laboral das mulleres vítimas de violencia de xénero. A maioría das accións realizadas, que se detallan a continuación, foron impulsadas pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

A través da Orde do 2 de maio de 2006 (DOG nº 89, do 10 de maio), que regula o programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia, esta consellería establece que todas as medidas de emprego deben considerar a estas mulleres como un colectivo preferente. Así, as vítimas de violencia de xénero teñen acceso preferente aos programas de mellora da empregabilidade, que inclúen servizos de orientación profesional, cursos de formación ocupacional, programas mixtos de formación e emprego, como escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego, así como programas de cooperación ou experiencias laborais a través dun contrato temporal de doce meses.

No desenvolvemento destas iniciativas aplícase o protocolo de actuación para o tratamento das mulleres vítimas de violencia de xénero, elaborado polo Servizo Público de Emprego de Galicia.

Este protocolo, fundamentado nos acordos SISPE establecidos no grupo de traballo de tratamento de vítimas de violencia de xénero, asegura que calquera muller vítima de violencia de xénero poderá rexistrar a súa situación na aplicación SICAS cunha condición especial de VX, ademais de poder decidir se desexa que os seus datos sexan tratados como confidenciais. A confidencialidade implica que só o persoal da oficina de emprego cun perfil de “titor/a” ou “coordinador/a” estatal poderá acceder e xestionar esa información.

En cada oficina de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia hai, polo menos, unha persoa encargada de garantir a confidencialidade dos datos das mulleres vítimas que soliciten este tratamento. Ademais, tamén é preciso ter en conta os **informes aos efectos do programa de inserción laboral**:

No ano 2024, o Punto de Coordinación das Ordes de Protección emitiu 3 informes para os efectos da incorporación das mulleres vítimas de violencia de xénero ao programa de inserción laboral.

► Programa de deseño e implementación de itinerarios personalizados e accións específicas que favorezan a inserción sociolaboral de mulleres en situación de violencia de xénero

Neste caso, tratase de **subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro, nas que as beneficiarias finais dos programas son mulleres vítimas de violencia de xénero**. O obxectivo principal é **apoialas na súa integración ou reintegración no mercado laboral, un aspecto clave para a súa recuperación integral**, tendo en conta que a falta de recursos propios, especialmente a ausencia dun posto de traballo, dificulta en moitas ocasións a ruptura da situación de violencia.

Nestes programas, establécese obrigatoriamente un obxectivo cuantitativo de inserción laboral para as mulleres participantes, de xeito que, polo menos, o 10% das participantes deben acadar a súa inserción no mercado laboral durante o período subvencionable.

As actuacións dos programas financiados con estas axudas consistiron en:

- Itinerario de inserción laboral personalizado
- Formación para o emprego
- Actuacións de apoio a conciliación
- Bolsas económicas para as participantes que cubran os gastos nos que poidan incurrir por participar no programa.

No ano 2024 acadáronse os seguintes resultados:

A Coruña		
Total de participantes	Nº de participantes inseridas	% de participantes inseridas
90	32	40,51%

Ourense		
Total de participantes	Nº de participantes inseridas	% de participantes inseridas
41	8	10,13%
Lugo		
Total de participantes	Nº de participantes inseridas	% de participantes inseridas
35	9	11,39%
Pontevedra		
Total de participantes	Nº de participantes inseridas	% de participantes inseridas
135	30	37,97%
TOTAL		
Total de participantes	Nº de participantes inseridas	% de participantes inseridas
301	79	100,00%

Táboa 26: Datos do programa ILVX 2024

► Promoción do emprego autónomo dos traballadores autónomos

Este programa ten como obxectivo a concesión de dúas liñas de axudas económicas dirixidas a persoas desempregadas que desexen iniciar ou manter unha actividade empresarial ou profesional por conta propia en Galicia. De maneira especial, estas axudas están orientadas tamén a mulleres vítimas de violencia de xénero, co fin de promover a súa inserción no mercado laboral e garantir a súa autonomía económica, un factor clave para romper o ciclo da violencia.

O programa ten como finalidade apoiar na superación das barreiras económicas que moitas vítimas enfróntanse ao tentar reconstruír as súas vidas, ofrecéndolles o apoio necesario para iniciar ou consolidar unha actividade profesional como traballadoras autónomas.

Establécense dúas liñas de apoio:

- **Liña 1:** axudas para o inicio da actividade económica e o mantemento da actividade laboral como autónoma, orientadas a cubrir gastos iniciais que dificultan a posta en marcha do proxecto profesional.
- **Liña 2:** axudas para cubrir os gastos de mantemento da actividade por conta propia, equivalentes a 12 meses da cota reducida establecida no artigo 38.ter da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do Traballo Autónomo.

► Plan Galicia Emprega - Incentivos á contratación e á formación 2024

Este Plan céntrase en establecer as bases e **convocar axudas ata 2025 que favorezan a contratación de persoas desempregadas en empresas ordinarias (e entidades sen ánimo de lucro), especialmente aquelas que teñan maiores dificultades para atopar un emprego**, co obxectivo de seguir paliando os danos económicos no mercado laboral, derivados dos efectos da pandemia provocada pola pandemia do COVID-19 e a invasión de Rusia en Ucraína.

O programa Galicia Emprega ten como obxectivo impulsar a contratación estimada de 1.700 persoas desempregadas pertencentes aos colectivos con maiores dificultades de inserción laboral, entre as cales se inclúen as mulleres vítimas de violencia de xénero.

► Obradoiros duais de emprego

Prioridade no acceso das vítimas de violencia de xénero aos contratos de formación en alternancia. As mulleres vítimas de violencia de xénero están incluídas no colectivo de persoas que teñen preferencia para participar nos obradoiros duais de emprego.

► **Fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) co obxectivo fundamental de facilitar a mellora da empregabilidade, da poboación desempregada, a través da adquisición de experiencia profesional naquelas áreas rurais e con menos oportunidades laborais que perden veciñanza ano tras ano**

No momento de aplicar os requisitos e criterios para a selección das persoas traballadoras, as mulleres vítimas de violencia de xénero teñen preferencia como colectivo vulnerable.

► **Fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas**

Poden ser beneficiarios destas subvencións os concellos galegos, ben a través de solicitudes individuais ou mediante solicitudes conxuntas de agrupacións ou asociacións de concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais de Galicia, sempre que estes se constituán exclusivamente por concellos, así como as entidades resultantes dunha fusión municipal.

O obxectivo principal destas axudas é fomentar a autonomía das mulleres, promovendo a súa independencia económica e o seu empoderamento. A iniciativa busca, ademais, mellorar as posibilidades de integración laboral estable, co fin de facilitar a súa completa inclusión na vida económica e social.

A contía da subvención por cada muller contratada a tempo completo correspóndese coas retribucións salariais brutas do período, con un máximo de 12 mensualidades. Isto inclúe a parte proporcional das pagas extraordinarias e as cotas á Seguridade Social a cargo da entidade empregadora.

Resultaron beneficiarios 50 concellos, que **contrataron a un total de 104 mulleres.**

► **Fomento da contratación por parte de entidades sen ánimo de lucro de mulleres que sofren violencia de xénero**

Mediante estas axudas posibilitase **que as entidades sen ánimo de lucro contraten por conta allea a mulleres que sofren violencia de xénero**, ata un máximo de doce (12) mensualidades, **para mellorar e facilitar a súa inserción laboral coa finalidade de apoiar a súa recuperación e a integración social e laboral.** A entidade

beneficiaria debe designar unha persoa de apoio para a traballadora ou traballadoras contratada/s, que actúe como profesional de referencia no tempo que dure a contratación.

Resultaron beneficiarias 15 entidades sen ánimo de lucro, que **contrataron a un total de 24 mulleres**.

► **Axudas á mobilidade xeográfica como consecuencia da contratación por conta allea ou polo establecemento por conta propia**

Considérase que existe mobilidade xeográfica se, como consecuencia da contratación por conta allea ou por establecemento por conta propia, prodúcese por parte da vítima, un traslado efectivo dentro da Comunidade Autónoma de Galicia a outra localidade que se atope a máis de 50km da localidade de orixe.

No 2024 non se presentou ningunha solicitude.

► **Actuacións do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA) en relación á prevención e o tratamento da violencia de xénero no 2024**

O **Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA)** en relación á prevención e o tratamento da violencia de xénero no 2024, **implementou as seguintes medidas**:

- **Estatísticas e publicacións que presentan os datos desagregados por sexo:**

Dende o ISSGA levouse unha práctica de desenvolvemento da perspectiva de xénero e fomento do uso de datos desagregados por sexos nos estudos, informes, estatísticas e demais materiais elaborados e publicados polo devandito instituto, véxase:

- Anuario de sinistralidade laboral en Galicia 2023
- Boletín trimestral de información estatística da sinistralidade laboral
- Boletín trimestral de información estatística das enfermidades profesionais

- **Campañas de promoción da prevención e redución da sinistralidade laboral dirixidas a sectores feminizados:**

Ao longo de 2024 puxéronse en marcha diversas campañas de promoción de prevención laboral en sectores feminizados co obxectivo de aumentar a seguridade laboral das mulleres traballadoras e como consecuencia reducir a sinistralidade laboral.

- **Asesoramento técnico:**

Atendeuse ao 100% das consultas recibidas desde asociacións de colectivos ou sectores feminizados que buscan un asesoramento especializado e adaptado para desenvolver a actividade de xeito seguro e sobre a integración da perspectiva de xénero na prevención de riscos laborais.

- **Comisión para a integración da igualdade:**

O ISSGA, a través da comisión para a integración da igualdade, que é un órgano permanente de carácter técnico, asesora nos aspectos relacionados coa integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos. Esta comisión conta coa presenza dos axentes sociais, das organizacións sindicais e empresariais.

- **Formación:**

- Cursos de prevención de riscos laborais de nivel básico:

Estes cursos desenvólvense dende a perspectiva de xénero na formación para a prevención de riscos laborais, a través dun módulo complementario de 10 horas en todos os cursos de nivel básico. No 2024 realizáronse 5 cursos nos que participaron un total de 1.012 persoas.

- Xornadas técnicas:

Nas cales realizouse unha inclusión da perspectiva de xénero e reforzo das competencias en materia de igualdade entre mulleres e homes, así como atención á prevención de riscos psico-sociais. No 2024 tiveron lugar 5 xornadas, ás que asistiron 305 persoas.

- Formación práctica en prevención de riscos laborais en sectores feminizados:

Realizouse 1 curso específico de prevención de riscos laborais en sectores altamente feminizados (axuda a domicilio e atención á dependencia). Cun total de 8 edicións, participaron 90 persoas.

- **Participación en grupos de traballo :**

Por último, o ISSGA tamén participou no grupo de traballo de integración da perspectiva de xénero en PRL, da Rede Interterritorial de Seguridade e Saúde no Traballo (RISST), para sensibilizar e difundir as pautas para unha integración transversal das cuestións de xénero.

Artigo 36. Plans de igualdade nas empresas

Conforme ao establecido no artigo 36 da lei, a Xunta de Galicia ten a responsabilidade de convocar **liñas de axudas dirixidas ás empresas que implementen accións de responsabilidade social e adopten medidas laborais, asistenciais, económicas ou comerciais que melloren a situación das mulleres en xeral**, e das vítimas de violencia de xénero de maneira específica.

Ademais, o artigo 36 tamén establece a regulación dos plans de igualdade nas empresas, os cales deberán incluír indicadores de boas prácticas para mellorar a situación das mulleres vítimas de violencia de xénero en áreas como selección, contratación, promoción profesional, prevención de violencia e conciliación da vida persoal, familiar e profesional.

No ano 2024, **implementáronse 237 plans de igualdade en empresas con sedes ou domicilios en Galicia. A aplicación destes plans tivo un impacto positivo en 684 traballadoras, que son as mulleres beneficiadas por estas iniciativas**. Non se detectou unha predominancia dun sector en particular na implementación destes plans, xa que se abarcaron diversos sectores, como a industria, o comercio, as actividades auxiliares e administrativas, así como as actividades sanitarias e de servizos sociais.

Artigo 37. Obriga de confidencialidade no ámbito laboral

A obriga de confidencialidade que establece o artigo 37 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, tanto para o empresariado, a representación sindical como as entidades formadoras, leva aparellada a necesidade de adoptar as medidas que garantan a **seguridade dos datos relativos ás circunstancias persoais das mulleres que sufriron violencia de xénero**, seguindo en todo caso as directrices marcadas polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Capítulo 5: Medidas de carácter económico

Artigo 38. Valoración de rendas

Segundo o artigo 38 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, co fin de favorecer a autonomía das mulleres que estean en situación de violencia de xénero, e para os efectos do dereito a percibiren a renda de integración social de Galicia e as outras axudas económicas previstas nesta Lei, **quedan excluídos do cómputo das rendas os ingresos do agresor.**

Artigo 39. Prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero

A través da Resolución do 14 de decembro de 2023, da Secretaría Xeral de Igualdade, aprobáronse as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres vítimas de violencia de xénero, conforme ao artigo 39 da Lei 11/2007, e procedeuse á súa convocatoria para o ano 2024 (DOG nº 1 do 2 de xaneiro de 2024). Esta resolución tamén foi modificada para incorporar como beneficiarias ás mulleres vítimas de explotación sexual.

No ano 2024 presentáronse 776 solicitudes de axudas de prestación periódica, das cales foron concedidas 653. A continuación indícanse algúns datos relativos ás beneficiarias:

- **Nacionalidade:** a meirande parte das beneficiarias teñen nacionalidade española, representando estas un 70% do total, e as beneficiarias estranxeiras un 30%.
- **Idade:** Os tramos de idade onde máis prestacións periódicas se conceden son aqueles comprendidos entre os 26 e 55 anos
- **Fillos/as a cargo:** Das mulleres que reciben a prestación periódica, máis do 50% ten un ou máis fillos a cargo.
- **Situación laboral:** En referencia coa situación laboral das receptoras da prestación, o 75% están desempregadas

- **Discapacidade:** Das receptoras da prestación, as receptoras que acreditan unha discapacidade ou algún filla/o a cargo con discapacidade están preto do 12% do total.

A información detallada da prestación periódica para as mulleres que sofren violencia de xénero pódese atopar no [anexo a este informe](#).

Artigo 40. Outras prestacións

► Axudas de pagamento único

No Diario Oficial de Galicia do 2 de xaneiro de 2024 publicouse a Resolución do 20 de decembro de 2023, da Secretaría Xeral de Igualdade, pola que se establecen as bases para a concesión das axudas recollidas no artigo 27 da Lei Orgánica 1/2002, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e procedeuse á súa convocatoria para o ano 2024.

A través desta resolución [convocáronse dúas liñas de axuda](#). Unha delas corresponde á axuda establecida no artigo 27 da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, que consiste nunha axuda económica de pago único para mulleres vítimas de violencia de xénero que, residindo na Comunidade Autónoma de Galicia, acrediten insuficiencia de recursos e dificultades especiais para acceder a un emprego.

No ano 2024, presentáronse 551 solicitudes de axuda para o pago único, das cales 382 foron concedidas.

A información detallada das axudas de pago único pódese atopar no [anexo a este informe](#).

► Indemnizacións para vítimas de violencia de xénero

Mediante Resolución do 30 de novembro de 2023, da Secretaría Xeral de Igualdade, pola que se regulan as bases para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das axudas de indemnización económica dirixidas ás fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como as mulleres que resultasen gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero, no marco do Pacto

de Estado contra a Violencia de Xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (DOG nº 235 do 13 de decembro de 2023).

O importe destas indemnizacións fíxase na cantidade de 7.000 € por cada persoa beneficiaria. No ano 2024 beneficiouse desta axuda 1 persoa menor de 30 anos, fillo dunha vítima mortal por violencia de xénero.

A información detallada destas axudas pódese atopar no [anexo](#) a este informe.

Artigo 41. Procedemento abreviado para a percepción da renda de integración social de Galicia

A **Dirección Xeral de Inclusión Social**, en aplicación da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, desenvolve unha tramitación abreviada da prestación RISGA, que se aplicará nos seguintes supostos:



Ilustración 3: Renta de Inclusión Social de Galicia (RISGA)

En concreto, no ano 2024 tramitáronse un total de 24 solicitudes.

A información detallada desta renda pódese atopar no [anexo](#) a este informe.

Artigo 42. Axudas escolares

Segundo o disposto no artigo 42 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, a administración educativa galega ponderará a situación de violencia de xénero na contorna familiar das e dos menores, especialmente nas axudas en materia de gastos escolares, transporte, comedor, así como outras actividades extraescolares.

As axudas previstas en materia escolar ou educativo son:

1. Axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ó alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso 23/24. En concreto, resultaron beneficiarios un total de 1.222 menores.
2. Decreto 164/2024, de 24 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades públicas do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 24/25, concretamente de setembro do 2024 a xuño do 2025.

Artigo 43. Fondo Galego de Garantía de Indemnizacións

A través da Resolución do 20 de decembro de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade, reguláronse as bases para a concesión de dúas liñas de axudas para o ano 2024 (DOG nº 1 do 2 de xaneiro de 2024): unha correspondente ao artigo 27 da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e outra ao artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

A segunda liña de axudas ten como obxectivo ofrecer axuda económica en forma de indemnización ás mulleres vítimas de violencia de xénero e/ou aos menores ou persoas dependentes delas, polo danos e prexuízos derivados da situación de violencia.

Estas indemnizacións están fixadas por sentenza xudicial dictada por xulgados e tribunais con sede no territorio galego, no caso de que o obrigados ao pago non cumpran debido á súa insolvencia.

A cantidade da indemnización será a establecida pola resolución xudicial correspondente, sempre que quede pendente de pago tras a declaración de insolvencia do obrigado ao pagamento, e sen que o importe total poida superar os 6.000 € por cada persoa beneficiaria.

No ano 2024 presentáronse 19 solicitudes, das cales 11 foron aprobadas.

A información detallada do Fondo Galego de Garantía de Indemnización pode atoparse no [anexo](#) a este informe.

Artigo 44 e 45. Dereito de acceso á vivenda e acceso prioritario ás vivendas de promoción pública

O artigo 45 da Lei establece que nas adxudicacións públicas de vivendas daráselles prioridade ás necesidades das mulleres que sufran violencia de xénero e se encontren nunha situación de precariedade económica.

A Comunidade Autónoma de Galicia a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo, desenvolve **dúas medidas en materia de vivenda para as vítimas de violencia de xénero**.

- **MEDIDA 1:** Programa do bono de alugueiro social destinado ao alugueiro de vivendas para as vítimas de violencia de xénero.
- **MEDIDA 2:** Adxudicación de vivendas de promoción pública a favor de mulleres vítimas de violencia de xénero.

► **MEDIDA 1. Programa do bono de alugueiro social destinado ao alugueiro de vivendas para as vítimas de violencia de xénero**

O programa facilita o acceso a unha vivenda en réxime de alugueiro, a través do **bono de alugueiro social**.

A natureza destas medidas é responder correctamente a algunhas das necesidades que presentan as vítimas de violencia de xénero. En concreto, atenderanse:

- **Unidades de convivencia das vítimas de violencia de xénero con dificultade para asumir o custo do alugueiro da vivenda.** Para os efectos deste programa, inclúranse as mulleres vítimas de violencia de xénero nunha relación de convivencia e de dependencia económica do seu agresor ou, no caso de mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual, de dependencia da persoa que manteña sobre ela unha relación de dominación.
- Vítimas de violencia vicaria e violencia por interpósita persoa, con resultado de morte.

- **Fillos e fillas menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero** calquera que sexa a súa filiación, cando se encontrasen en situación de dependencia económica da nai ou do agresor no momento do falecemento da vítima.

O importe mensual do bono social financia o total do contrato de alugueiro por cada unidade de convivencia, e percíbese a axuda de doce bonos mensuais consecutivos, susceptible de catro prórrogas ordinarias sucesivas ata alcanzar unha duración máximo de cinco anos mentres subsistan as condicións de necesidade que deron lugar á concesión inicial.

A información detallada destas axudas pódese atopar no [anexo](#) a este informe.

► **MEDIDA 2. Adxudicación de vivendas de promoción pública a favor de mulleres vítimas de violencia de xénero**

Sobre esta segunda medida, non se presentaron solicitudes polo procedemento especial de adxudicación directa de vivendas de promoción pública ao colectivo de vítimas de violencia de xénero.

Artigo 46. Equipos sociais especializados

Prevese no artigo 46 da lei que as mulleres maiores e afectadas de diversidade funcional que sufran violencia de xénero consideraranse colectivos preferentes no acceso a equipamentos sociais especializados, como as residencias para persoas maiores e centros de día. No ámbito de aplicación deste artigo tamén se inclúen as persoas dependentes das mulleres consideradas vítimas.

Neste sentido, desde a **Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria e a Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade nos anos 2024 tramitáronse no ano 2024:**

- Sete prazas asignadas en equipos sociais, das cales todas elas son mulleres vítimas de violencia de xénero maiores de 55 anos.
- Un dos expedientes tiveron acceso vía protocolo de maltrato.
- Seis dos expedientes tiveron acceso por vía de emerxencia social.

TÍTULO 3: DA ORGANIZACIÓN DO SISTEMA DE PROTECCIÓN E ASISTENCIA INTEGRAL ESPECIALIZADA FRONTE Á VIOLENCIA DE XÉNERO

Artigo 47. Criterios básicos

Dentro dos criterios básicos recollidos no artigo 47 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, prevese que na totalidade dos centros e servizos que conforman os recursos de asistencia social integral ás mulleres que sofren violencia de xénero, a intervención realízase desde unha perspectiva de xénero.

Así mesmo, no punto 3 deste artigo garántese a asistencia a todas as mulleres con discapacidade que sufran unha situación de violencia de xénero. Asegurarase o acceso integral a toda a información, e para iso, proporcionarase nun formato comprensible e accesible.

► **Acompañamento e asesoramento na xestión dos trámites administrativos así como no apoio socio-educativo que precisen as fillas e fillos orfos das vítimas mortais da violencia de xénero en Galicia**

No ano 2024, a Xunta de Galicia continuou a súa colaboración co Colexio Oficial de Xestores Administrativos de Galicia, os Colexios Oficiais de Graduados Sociais de Galicia, AGAXEN (Asociación Galega de Profesionais da Auditoría Sociolaboral de Xénero e da Prevención do Acoso e da Violencia de Xénero nas Organizacións) e co Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (CEESG), co fin de ofrecer acompañamento e asesoramento na xestión de trámites administrativos, así como no apoio socio-educativo necesario para as fillas e fillos orfos das vítimas mortais da violencia de xénero en Galicia.

Durante o ano 2024, o número de casos activos que recibiron acompañamento nos trámites administrativos foi de 4.

► **Colaboración coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG) para garantir unha atención integral ás mulleres xordas que sofren violencia de xénero**

No ano 2024, asinouse novamente un convenio de colaboración coa FAXPG co obxectivo de garantir unha atención integral ás mulleres xordas vítimas de violencia de xénero.

O principal obxectivo desta colaboración é mellorar a atención ás mulleres xordas e xordocegas que sofren violencia de xénero en Galicia, a través da implementación dun servizo de intérpretes en lingua de signos desde o momento da presentación da denuncia. Ademais, busca apoiar a formación dos profesionais que traballan neste ámbito.

No marco desta actuación, realizáronse 5 servizos de acompañamento con intérprete para atención psicolóxica, atención xurídica e nas dependencias policiais. Tamén se levaron a cabo 2 actividades de formación para profesionais da FAXPG, así como unha formación en linguaxe de signos para profesionais de centros e servizos especializados na atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

Ademais, desenvolvéronse diversas actividades e obradoiros formativos dirixidos a persoas xordas, enfocándose na sensibilización, información e prevención de situacións de violencia.

Información adicional sobre este programa pódese atopar no anexo a este informe.

► **Programa DEDALEIRA-Unidade QUERELAR: detección e identificación de situacións contra a liberdade e indemnidade sexual en mulleres con discapacidade**

No ano 2024 renovouse o convenio de colaboración coa Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR) para o mantemento do servizo Dedaleira, un servizo especializado en información e asesoramento afectivo-sexual para mulleres con discapacidade e a súa contorna.

Este servizo ofrece información e asesoramento afectivo-sexual dirixido a persoas con discapacidade, e inclúe tanto asesoramento individualizado como actividades de formación grupal. Tamén proporciona acompañamento e atención a aquelas persoas que sufriron ou están a sufrir situacións de abusos, ademais de promover a autonomía afectivo-sexual das persoas con discapacidade e a súa contorna (familiares, amizades,

profesionais, institucións, etc.). Dentro deste servizo, inclúese unha unidade específica para a detección e identificación de situacións que atenten contra a liberdade e a indemnidade sexual: QUERELAR.

No ano 2024, un total de 185 persoas beneficiáronse das actuacións realizadas ao abeiro deste programa, das cales 103 foron mulleres e 82 homes, e realizáronse un total de 104 actividades.

Información adicional sobre este programa pódese atopar no [anexo](#) a este informe.

► Colaboración coa Federación de Autónomos do Taxi de Galicia (FEGATAXI) para o apoio ao traslado das mulleres vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas

A través dun convenio de colaboración, a Federación de Autónomos do Taxi de Galicia (FEGATAXI) é responsable dos traslados das vítimas de violencia de xénero e dos seus fillos e fillas aos centros da Rede Galega de Acollemento, ao Centro de Recuperación Integral (CRI), así como a outros lugares onde se levan a cabo actuacións necesarias para a súa defensa, atención, tratamento, recuperación e restablecemento, segundo as indicacións do departamento competente na loita contra a violencia de xénero da Xunta de Galicia. Ademais, FEGATAXI pon a disposición un teléfono de atención permanente ou outro sistema de comunicación que permita un contacto directo 24 horas para realizar os traslados.

É importante destacar que esta colaboración con FEGATAXI non substitúe os traslados realizados por outras administracións públicas con competencias no ámbito, nin aqueles que requiran a intervención das forzas e corpos de seguridade.

Durante o ano 2024 fíxose uso deste servizo para a realización de 140 traslados.

Artigo 48. Rede Galega de Acollemento


► Centros de acollida e vivendas tuteladas

Os centros de acollida son recursos especializados, residenciais e temporais, que proporcionan acollida, atención e recuperación ás mulleres vítimas de violencia de xénero e aos menores ao seu cargo que precisan un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia.

A Rede Galega de Acollemento iniciou a súa actividade formalmente segundo o protocolo asinado o 1 de xullo de 2017 e, actualmente, está composta pola Casa de Acollida e os pisos de transición á vida autónoma da Coruña, a Casa de Acollida de Ferrol, os Pisos de Acollida de Lugo, a Casa de Acollida de Ourense e o Centro de Emerxencia de Vigo. No ano 2018, engadiuse ao protocolo unha vivenda en Burela (Lugo) para mulleres con enfermidade mental vítimas de violencia de xénero, mediante un convenio asinado coa Asociación de Axuda ao Enfermo Mental A Mariña. Ademais, en 2020, incorporouse un recurso de curta estancia en Chantada (Lugo), grazas a un convenio coa Congregación Hermanas Mercedarias de la Caridad.


Os principais datos relativos á Rede Galega de Acollemento no ano 2024 son os seguintes:

Nº de mulleres usuarias




Táboa 27: Número de mulleres usuarias da Rede Galega de Acollemento no 2024

Nº de persoas usuarias



Táboa 28: Número de persoas usuarias da Rede Galega de Acollemento no 2024

Nº de mulleres usuarias por nacionalidade



Táboa 29: Número de mulleres usuarias por nacionalidade da Rede Galega de Acollemento no 2024

A media de ocupación da Rede galega de acollemento durante o ano 2024 foi do 59,76%.

Os demais datos estatísticos complementarios dos centros de acollida e máis as vivendas tuteladas pódense atopar na seguinte sección do [anexo](#) a este informe.

► Vivendas de seguridade para mulleres vítimas de explotación sexual e trata

No marco da Rede Galega de Acollemento, no ano 2024 renováronse os **convenios de colaboración con entidades sen ánimo de lucro para manter tres dispositivos destinados á atención integral de mulleres vítimas de explotación sexual e trata**.

A vulnerabilidade das mulleres que sofren explotación sexual, debido á súa situación de explotación, o rexeitamento social que experimentan, as dificultades lingüísticas, o medo ou a súa situación de inmigración ilegal, é especialmente evidente cando estas mulleres deciden romper coa situación de abuso na que se atopan.

Durante o ano 2024, un total de 29 mulleres e 6 menores (2 nenas e 4 nenos) fixeron uso destes recursos. En canto ás mulleres usuarias, 28 tiñan nacionalidade estranxeira, mentres que só 1 muller era de nacionalidade española.

► Subvención para equipamento dos centros de acollida da Rede Galega de Acollemento

No ano 2024, a Consellería de Política Social e Igualdade identificou a necesidade de realizar as reformas pertinentes nos centros de acollida para mulleres vítimas de violencia de xénero e de trata e/ou explotación sexual. O obxectivo destas reformas é mellorar a seguridade, accesibilidade, comunicación, dixitalización e modernización dos centros, asegurando así a prestación adecuada do servizo de aloxamento temporal seguro, tanto de emerxencia como de longa duración, para as mulleres vítimas e os seus fillos e fillas dependentes. O espazo no que viven, a pesar de ser un recurso de acollida, desempeña un papel fundamental no seu benestar físico e emocional.

Realizáronse sete convenios de colaboración coas entidades que forman parte da Rede Galega de Acollemento, para o desenvolvemento e execución do "Plan España te protege contra la violencia machista", no marco do "Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea - Next GenerationEU".

Artigo 49. Creación do Centro de Recuperación Integral para mulleres que sofren violencia de xénero

O Decreto 1/2014, do 9 de xaneiro, polo que se regula a creación do Centro de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero (modificado polo Decreto 130/2016, do 15 de setembro e polo Decreto 82/2017, do 28 de xullo), configura **o centro como unha unidade con competencias en materia de atención integral ás vítimas de violencia de xénero e ás persoas delas dependentes, especialmente as súas fillas e fillos menores**. O mesmo decreto establece a súa sede en Santiago de Compostela.

A finalidade do CRI é desenvolver un modelo de atención integral para mulleres vítimas de violencia de xénero, concretado nun sistema coordinado de servizos, recursos e medidas de carácter social, laboral e económico, que permita evitar duplicidades e racionalizar a xestión.

O centro está integrado por un equipo multidisciplinar, composto por: unha directora, unha psicóloga, un posto base subgrupo A1, unha terapeuta ocupacional, unha traballadora social, unha titulada de grado medio, e unha subalterna.

O centro está en funcionamento durante todo o tempo preciso para cubrir as necesidades da muller e das súas fillas e fillos, cunha flexibilidade máxima para atender á conciliación da vida laboral, persoal e familiar das usuarias.

Durante o ano 2024, atendéronse no CRI a un total de 66 mulleres usuarias, 39 fillas e 27 fillos das usuarias, sendo a meirande parte delas (52) de nacionalidade española. Atendendo á provincia, 59 procedían da provincia da Coruña, 4 de Pontevedra e 3 de Lugo. A continuación, preséntanse os datos relativos á xestión e á actividade do Centro de Recuperación Integral para Mulleres vítimas de violencia de xénero no ano 2024.

Os demais datos estatísticos complementarios do CRI pódense atopar no [anexo a este informe](#).

Ao longo do ano 2024, o CRI realizou diversas actuacións de sensibilización fronte á violencia de xénero, complementarias da atención directa ás mulleres usuarias:

- Coordinación da participación das mulleres vítimas de violencia de xénero e dos seus fillos/as menores no ABANCA PANTIN CLASSIC GALICIA PRO 2024, organizado polo Club Praia de Pantín, no que participaron 40 mulleres e 18 menores.
- Coordinación da participación das mulleres vítimas de violencia de xénero e dos seus fillos/as menores na actividade de navegación terapéutica “Vela contra a violencia de xénero”. Nesta actividade participaron 31 mulleres e 26 menores usuarias do CRI ou do Centro de Emerxencias de Vigo (CEMVI).
- Tramitación das prazas xuvenís dentro do programa de campaña de verán 2024, levada a cabo pola Dirección Xeral de Xuventude da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, reservadas e de balde para fillos e fillas de mulleres vítimas de violencia de xénero. Nesta campaña participaron un total de 47 (24 nenas e 23 nenos) menores vítimas de violencia de xénero.

En colaboración co Punto de Coordinación de Ordes de Protección (PCOP):

- Tramitación de 171 servizos de traslados de mulleres vítimas de violencia de xénero para o seu desprazamento aos centros da Rede Galega de Acollemento, ao Centro de Recuperación

Integral así como a outros lugares onde se desenvolven actuacións necesarias para a súa defensa, atención, tratamento, recuperación e restablecemento.

- Recepción e xestión de 418 avisos de Institucións Penitenciarias nos que comunican saídas de permiso ou definitivas de presos con vítimas por violencia de xénero, co correspondente seguimento no expediente da vítima.

Ademais, o Centro de Recuperación Integral actuará como centro coordinador da Rede Galega de Acollemento.

No ano 2024 ao abeiro deste protocolo realizouse a derivación de **113 mulleres e 65 menores** a centros de acollida da Rede Galega de Acollemento, 3 destas mulleres con 5 menores foron derivadas entre os propios centros da RGA. Os centros da RGA atenderon as seguintes derivacións dos seguintes grupos familiares:

- 40 derivacións ao Centro de emerxencias de Vigo
- 20 derivacións ao Centro de acollida de Ourense
- 11 derivacións á Casa da acollida municipal da Coruña
- 17 derivacións á Casa de acollida municipal de Ferrol
- 3 derivación ás vivendas tuteladas do Concello de Lugo
- 5 derivación á vivenda tutelada de Burela
- 17 derivacións ao centro de acollida de Chantada

Artigo 50. Rede de información ás mulleres

A Xunta de Galicia, en colaboración coas entidades locais, dispón dunha **rede de información ás mulleres distribuída polo territorio galego e a través da cal se desenvolven accións de carácter preventivo e de sensibilización; serven como recurso facilitador de información, orientación, derivación e seguimento as mulleres que sofren violencia de xénero.**

A rede de información ás mulleres intervén en estrita colaboración cos servizos sociais, sanitarios e de orientación escolar, así como cos servizos de urxencia e seguridade cidadá.

► Centros de Información ás Mulleres (CIMs)

Os Centros de Información ás Mulleres (CIMs) son **recursos locais que coordinan unha intervención integral dirixida ás mulleres, proporcionando servizos de asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación profesional e apoio socio-laboral**. Estes centros son instrumentos fundamentais na promoción da igualdade e na atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero, desempeñando un papel esencial na prevención, detección, tratamento e loita contra a violencia de xénero desde unha perspectiva de proximidade e atención directa.

Actualmente, existe unha rede de 84 centros recoñecidos e acreditados pola Xunta de Galicia, distribuídos por toda a comunidade autónoma, que ofrecen cobertura a preto de 200 concellos. A través destes centros, cada ano máis de 16.000 persoas reciben atención integral e de proximidade. Cada ano, os CIMs atenden arredor de 3.000 vítimas de violencia de xénero.


► Programa de apoio aos Centros de Información á Muller (CIM)

Trátase de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida. Dentro dos programas subvencionados, atópase o **Programa de apoio aos Centros de Información á Muller (CIM)**, cuxa finalidade é **consolidar o funcionamento de servizos de atención integral de información e asesoramento ás mulleres no territorio, co fin de lles prestar unha atención e acompañamento de proximidade, psicolóxico, xurídico e de orientación sociolaboral ás mulleres, en particular, a aquelas que pertencen a colectivos en risco de exclusión ou estean nalgunha situación de vulnerabilidade, de cara a mellorar a súa situación social, laboral e profesional**.

En relación **coa actividade dos CIMs, no ano 2024 recibiron atención un total de 16.305 persoas**, das cales máis do 75% son o resultado das persoas atendidas na provincia de A Coruña e Pontevedra. O 92,57% das persoas atendidas son mulleres e o grupo de idade que maiores coidados reciben son as persoas dende 25 a 54 anos.


A través desta liña de subvención, se financian un total de 217 postos de traballo nos CIMs.

Nº CIMs por provincia



Táboa 30: Número de Centros de Información as Mulleres (CIMs) por provincia


Persoas atendidas por provincia



Táboa 31: Persoas atendidas nos Centros de Información á Muller (CIMs) por provincia


Por outro lado, os Centros de información á Muller recibiron un total de 66.511 consultas. Na tipoloxía das consultas, destacan o asesoramento xurídico e máis a atención psicolóxica.

Nº de consultas por provincia



Táboa 32: Número de consultas por provincias nos CIMs

Consultas específicas por violencia de xénero




Táboa 33: Consultas específicas por violencia de xénero por provincia nos CIMs

O contido ampliado sobre os datos estatísticos dos CIM poden atoparse nas seguintes páxinas do [anexo](#) a este informe.

► Centros de crise 24 horas para vítimas de violencia sexual

A Xunta de Galicia puxo en funcionamento no mes de decembro de 2024 os centros de crise 24 horas, uns espazos destinados á atención integral das mulleres vítimas de violencia sexual. Estes centros ofrecen apoio psicolóxico, xurídico e social de maneira continuada.

Na actualidade, Galicia conta con cinco centros de crise, situados nas seguintes cidades:



Estes centros constitúen recursos especializados, operativos as 24 horas do día, os 365 días do ano, dirixidos a mulleres maiores de 15 anos, con independencia da súa situación administrativa, que sufrisen ou intentasen sufrir violencia sexual, xa fose recentemente ou no pasado. Ademais, están dispoñibles para atender ás súas familias e persoas do seu círculo íntimo. Tamén ofrecen apoio a profesionais e entidades que necesiten información ou formación especializada neste ámbito.

Cada un dos centros de crise dispón do seguinte persoal:



Os centros de crise teñen como obxectivos xerais:

1. **Ofrecer unha asistencia inmediata, integral, interdisciplinar e especializada** —no ámbito xurídico, psicolóxico e social— ás mulleres vítimas de violencia sexual, tanto se os feitos aconteceron recentemente como no pasado. Esta atención debe estar centrada nas súas necesidades e demandas concretas, proporcionando un apoio coordinado a curto e medio prazo que lles permita afrontar a situación de crise e avanzar na súa recuperación.
2. **Crear un entorno de seguridade e trato respectuoso**, que evite a vitimización secundaria e mitigue os efectos negativos asociados ao proceso de recoñecemento e expresión da violencia sufrida.
3. **Desenvolver accións de divulgación e sensibilización** orientadas á prevención, formación e concienciación social sobre a violencia sexual, desde un enfoque especializado.

Así mesmo, os centros perseguen **obxectivos específicos** como:

- Garantir unha atención inmediata a través de diferentes canles: telefónica, telemática e presencial.
- Proporcionar un espazo físico e emocional seguro, íntimo e confidencial, que sirva de base para unha intervención integral e interdisciplinar.

Para dar cumprimento a estes obxectivos, os centros de crise ofrecen os seguintes servizos:



Os servizos prestados polos centros de crise están baseados nun conxunto de principios fundamentais que garanten unha atención adecuada, respectuosa e centrada nas necesidades das mulleres vítimas de violencia sexual. Estes principios son:

- **Transversalización da perspectiva de xénero:** promovendo o empoderamento e a autonomía das mulleres, cun enfoque centrado na vítima, adaptado ás súas circunstancias, necesidades e particularidades. Respéctanse os seus tempos e acompañanse as súas decisións e o itinerario que elixa en cada caso.
- **Intervención en crise:** entendendo a crise non só como o momento inmediato da agresión, senón como unha vivencia que pode emerxer en calquera etapa da vida, derivada dunha situación de violencia sufrida no pasado, independentemente da súa coincidencia co momento da atención.
- **Bo trato:** xerando un ambiente de seguridade e respecto que evite a revitimización secundaria e favoreza unha evolución positiva no proceso de recuperación.
- **Acceso universal:** configurando os centros como recursos accesibles para todas as mulleres vítimas de violencia sexual, sen excepción.
- **Acompañamento integral e interdisciplinar:** ofrecendo atención por parte dun equipo multidisciplinar que aborda a complexidade e o impacto global da violencia na vida das mulleres.
- **Individualización:** atendendo as necesidades específicas de cada muller a través dun plan de intervención personalizado, adaptado á súa realidade.
- **Confidencialidade:** garantindo a privacidade e a protección de datos conforme á normativa vixente e aos protocolos de seguridade establecidos.
- **Coordinación:** favorecendo o traballo en rede e a cooperación con outros recursos e servizos, públicos e privados, para facilitar ás mulleres o acceso á información, ao asesoramento e á derivación en función das súas necesidades e decisións.
- **Enfoque de dereitos humanos:** orientado a reducir o estigma social das vítimas, asegurar o acceso efectivo aos servizos e recoñecer a sexualidade como parte positiva e lexítima da vida humana.

► **Accións de información, prevención e sensibilización en materia de violencia sexual e trata con fins de explotación sexual, así como de apoio ás súas vítimas, preferentemente entre mulleres inmigrantes, residentes na Comunidade Autónoma de Galicia**

No ano 2024, continuáronse a desenvolver **accións de información, prevención e sensibilización sobre violencia sexual, trata con fins de explotación sexual e explotación sexual, así como apoio ás vítimas, especialmente mulleres inmigrantes, en colaboración coa Rede Galega contra a Trata.**

A Rede Galega contra a Trata está composta por entidades con ampla experiencia no traballo con mulleres inmigrantes vítimas de trata con fins de explotación sexual. O seu obxectivo principal é promover a integración destas vítimas en Galicia. Os programas que implementan están enfocados en proporcionar ás vítimas ferramentas que favorezan o seu desenvolvemento nos ámbitos social, laboral e económico. Ademais, a Rede Galega contra a Trata tamén ofrece programas específicos de atención integral, que inclúen acollida, axuda psicolóxica, asesoramento xurídico e asistencia directa.

- Nº. de accións de sensibilización e información fronte á prostitución e a trata con fins de explotación sexual como formas de violencia contra as mulleres desenvolvidas: 145
- Nº de participantes nas accións de sensibilización e información fronte á prostitución e a trata con fins de explotación sexual como formas de violencia contra as mulleres: 3.679

Ademais, tamén se realizou a "XIII Xornada da Rede Galega Contra a Trata Sexual", que tivo lugar o 17 de outubro, baixo o tema de "A demanda de prostitución como causa de violencia". Este evento desenvolveuse en Santiago de Compostela, no Edificio SGAE.

► **Servizo de teletradución a 51 idiomas**

Consiste nun **servizo de teletradución a 51 idiomas, ofertado a través do teléfono de información á muller, que se presta aos Centros de Información ás Mulleres, centros de acollida e ONG's que colaboran no desenvolvemento do Programa de atención a vítimas de trata.**

A través deste servizo as mulleres estranxeiras residentes en Galicia teñen a seguridade dun acceso axeitado á información e aos recursos dispoñibles. O sistema permite a atención tanto presencial, como telefónica, de xeito

que as usuarias se comunican cunha intérprete mediante a nova tecnoloxía implementada desde calquera centro ou entidade adherida.

No conxunto da Comunidade Autónoma, do total de 84 CIMs, 64 teñen acceso a este servizo de teletradución, sendo a Coruña e Pontevedra as provincias con maior participación nesta tipoloxía de servizo, que superan o 50% do total entre ámbalas dúas.

Os datos de uso de servizo e os idiomas utilizados por provincia poden atoparse no [anexo](#) a este informe.

► Asesoramento xurídico online

Consiste nun **servizo de apoio online para proporcionar, de xeito gratuíto e anónimo, información e asesoramento xurídico sobre diversas cuestións, entre elas, violencia de xénero, agresións e abusos sexuais, acoso sexual, conciliación familiar, discriminación por razón de sexo, prostitución e trata, etc.** Neste ano 2024 recibíronse un total de 38 consultas, 36 mulleres e 2 homes.

A maioría das consultas recibidas xorden a causa de temas como a violencia de xénero ou ben a asistencia xurídica gratuíta, seguido de cuestións que afectan ao ámbito do dereito de familia.

Os datos desagregados do servizo poden atoparse no [anexo](#) a este informe.

► Programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade

Estes programas teñen como finalidade **fomentar a igualdade de oportunidades para contribuír á redución da dobre discriminación en que se atopan as mulleres en situación de especial vulnerabilidade, para dotalas dunha maior autonomía e independencia co fin de mellorar a súa situación persoal, social e laboral, polo que deberán incluír unha atención personalizada e especializada de cara á integración social e laboral das participantes.**

No exercicio 2024, permitiu conceder axudas a 69 entidades de iniciativa social, as cales atenderon a un total de 3.899 mulleres situación especial vulnerabilidade, das cales 196 eran vítimas violencia de xénero.

► Programa de atención integral para mulleres vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual

Trátase de **proxectos de atención social integral destinados a persoas en situación de explotación sexual, principalmente inmigrantes e/ou vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou laboral** na Comunidade Autónoma de Galicia. O obxectivo é apoiar a recuperación e a integración social e laboral destas persoas. A través da colaboración con ONG especializadas, desenvolvéronse accións de asesoramento social e apoio directo nas relacións coas distintas entidades, organismos e servizos para a realización de trámites administrativos de diversa índole. O programa tamén inclúe atención psicolóxica, asesoramento xurídico, orientación laboral e apoio no traballo de rúa.

Neste marco, no ano 2024, o programa atendeu a un total de 605 persoas.

Os datos desagregados do programa poden atoparse no [anexo](#) a este informe.

A atención ás vítimas de trata complementábase co Programa de detección e restablecemento de mulleres vítimas de trata e/ou explotación sexual, **que ten por finalidade mellorar a detección e intervención na recuperación de mulleres vítimas de trata e/ou explotación sexual, especialmente aquelas con problemáticas de saúde mental e adiccións, na Comunidade Autónoma de Galicia.**

Artigo 51. Servicio de atención 24 horas

O **Servizo de Información e Atención á Cidadanía, ofrecido a través do teléfono 012**, proporciona, entre outros servizos, **información e orientación sobre os recursos dispoñibles para satisfacer as diversas necesidades das mulleres galegas na Comunidade Autónoma de Galicia**. Neste sentido, redirixe as súas demandas, cando é pertinente, ao departamento ou administración correspondente. O servizo especializado para casos de violencia de xénero é o Teléfono da Muller, que forma parte deste Servizo de Información e Atención á Cidadanía. Trátase dun servizo gratuíto e anónimo, operativo 24 horas ao día e con cobertura en toda a Comunidade Autónoma.

A través deste número, as mulleres reciben información en áreas como a xurídica, emprego, recursos sociais e atención psicolóxica. Ademais, facilita a derivación das mulleres vítimas de violencia de xénero aos centros de acollida existentes en Galicia e noutras partes do territorio nacional, sempre a través das entidades derivantes designadas e dentro do horario de referencia establecido. O servizo tamén colabora activamente na prevención,

detección e intervención en situacións de risco, abuso ou maltrato, incluíndo o traslado das vítimas cando sexa necesario.

Desde este teléfono infórmase e asesórase sobre cuestións relacionadas coas seguintes materias:

- Violencia de xénero: malos tratos, vexacións, ameazas, agresións sexuais.
- Acoso sexual.
- Servizos sociais, casas de acollida, centros de información ás mulleres, programas para mulleres desfavorecidas, policía especializada, gabinetes de orientación, centros de planificación.
- Separacións, divorcios, abandonos do fogar, sentencias incumpridas.
- Cursos ocupacionais, oposicións, bolsas de emprego, creación de empresas.
- Educación pola igualdade, materiais non sexistas, publicidade discriminatoria.
- Apoio ó asociacionismo, xornadas, seminarios, subvencións a asociacións, publicacións.

O Teléfono 900 400 273 de información ás mulleres réxese polas seguintes pautas de actuación:

- Anonimato.
- Confidencialidade.
- Gratuidade do servizo.

Os datos cuantitativos deste servizo pódense atopar nas seguintes páxinas do [anexo](#) a este informe.

Artigo 52. Punto de coordinación das ordes de protección

En Galicia, no ano 2004 creouse o **Punto de Coordinación de Ordes de Protección (PCOP)**, encargado de realizar o seguimento das ordes de protección para as mulleres vítimas de violencia, xestionando as actuacións necesarias ante as diferentes administracións para garantir o seu acceso aos recursos dispoñibles e proporcionar un marco integral de protección.

Cando o PCOP recibe as copias das ordes de protección ou medidas cautelares emitidas polos xulgados, establece un contacto coa beneficiaria para informala sobre o procedemento que se seguirá, os recursos aos que ten acceso e para verificar que se está a cumprir correctamente a orde de protección.

No ano 2024, diminuíu o número de ordes de protección tras o incremento do ano 2023.

Nº de OP e outras medidas cautelares recibidas no PCOP								
Provincia	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
A Coruña	698	668	706	530	483	685	707	506
Lugo	193	211	223	155	136	123	223	154
Ourense	218	171	170	107	124	144	143	141
Pontevedra	542	533	494	339	321	262	360	360
TOTAL	1.651	1.583	1.593	1.131	1.064	1.245	1.433	1.161

Táboa 34: Ordes de protección e medidas cautelares recibidas nos Punto de Coordinación de Ordes de Protección (PCOP)

Artigo 53. Puntos de encontro familiar

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, establece que o departamento competente en materia de igualdade debe garantir a existencia de puntos de encontro familiar, un servizo que facilita e preserva a relación entre os menores e as persoas das súas familias en situación de crise. Estes recursos garanten a seguridade e o benestar dos nenos e nenas, permitindo o seguimento e cumprimento dos réximes de visitas establecidos por sentenza xudicial.

Os puntos de encontro familiar teñen un carácter neutral e transitorio, proporcionando un espazo habilitado para que se cumpran os réximes de visitas autorizados pola autoridade competente. En Galicia, existen oito puntos de encontro familiar: Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela, Ribeira, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

Ao finalizar o ano 2024, un total de 2.945 persoas usuarias foron atendidas nos centros correspondentes. En canto ao perfil das persoas usuarias, o 99% son de nacionalidade española. Por rango de idade, 1.149 teñen menos de 30 anos, 1.495 están entre os 31 e os 55 anos, e 301 superan os 55 anos. Respecto ao sexo, 1.604 usuarias son mulleres e 1.341 son homes. Por outra banda, un total de 738 expedientes permanecen abertos nestes centros, dos que, 234 son por motivos de violencia de xénero.

Ademais, a Xunta de Galicia conta cos Gabinetes de Orientación Familiar, un servizo público especializado cuxo obxectivo é apoiar e promover a calidade de vida das familias, sempre co principio de protección do interese superior dos menores. Actualmente, existe un gabinete en cada provincia. Durante o ano 2024, atendéronse 370 demandas, das cales 19 estaban relacionadas con problemáticas de violencia de xénero, o que representa o 5% do total.

A información estatística sobre os expedientes dos PEF pode atoparse no [anexo](#) a este Informe.

Artigo 54. Creación de oficinas de atención ás vítimas dos delitos

O artigo 54 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, garante **a creación de Oficinas de atención ás vítimas do delito, distribuídas de forma equilibrada no territorio galego, dotadas de persoal cualificado, coa finalidade, entre outras, de ofrecer ás mulleres que sofren violencia de xénero información e apoio** para que poidan exercer os dereitos que lles recoñece a lexislación vixente.

O obxectivo xeral das Oficinas de atencións ás vítimas dos delitos é prestar unha asistencia integral, coordinada e especializada ás vítimas dun delito e dar respostas as súas necesidades específicas no ámbito xurídico, psicológico e social.

A intervención realízase de xeito individualizado, realizando un plan de asistencia para cada vítima en función ás súas necesidades. As actuación máis destacables son: información sobre os dereitos das vítimas; acompañamento durante o proceso xudicial; asistencia psicolóxica; asistencia social; derivación a outros servizos especializados, seguimentos...

Na Comunidade Autónoma de Galicia poden atoparse Oficinas de Atención ás Vítimas nas cidades da Coruña, Ferrol, Santiago, Pontevedra, Vigo, Lugo e Ourense.

Porén, é destacable o feito de que unha maioría importante das persoas que recorren a ditas Oficinas son a causa de delitos e situacións vinculados coa violencia de xénero, e así pode apreciarse nas 7 oficinas de atención de Galicia.

Ademais, amósase como as Oficinas de Atención implican unha estreita relación e vinculación con outras entidades e organismos e, en concreto, cos Centros de Información ás Mulleres.

A continuación recóllense os datos máis relevantes da actuación das Oficinas de Atención ás Vítimas:

- a) As persoas atendidas son maioritariamente mulleres maiores de idade.
- b) As mulleres e persoas atendidas son, principalmente, de orixe nacional, seguido de persoas orixinarias de Sudamérica e continente Europeo.
- c) En relación coa fonte tipoloxía de delitos: dous grandes destacados, a violencia de xénero e violencia doméstica; polo relacionado coa fonte de orixe, destacan os órganos xudiciais con especial relevancia do xulgado de violencia de xénero, instancia ou instrución (dependendo do partido xudicial) e tamén as Oficinas de Atención ao Cidadán/ Víctima e a actuación dos Forzos e Corpos de Seguridade.

O contido específico e Informes individuais de cada Oficina de Atención ás Vítimas pode consultarse no [anexo](#) a este Informe.

Artigo 55. Titularidade e xestión dos servizos

Os servizos de asistencia social integral que conforman o sistema de protección e apoio para as mulleres vítimas de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia son, na súa maioría, de titularidade pública, ben a nivel municipal ou autonómico. A Xunta de Galicia desempeña un papel fundamental na coordinación e supervisión dos recursos e servizos, seguindo as directrices establecidas pola lexislación vixente e garantindo a equidade territorial.

Ademais, e conforme ao que se establece na Lei 11/2007, do 27 de xullo, a Xunta de Galicia tamén impulsa fórmulas de colaboración con entidades sen ánimo de lucro, co obxectivo de asegurar unha protección e asistencia adecuadas ás mulleres que sofren violencia de xénero.

Artigo 56. Confidencialidade da información

A Xunta de Galicia, a través de todos os seus departamentos con competencias en accións de protección e asistencia integral ás mulleres que sofren violencia de xénero, ten adoptado **as medidas necesarias para garantir a confidencialidade da información** relativa a estas situacións, sempre segundo o establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, **relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais** (Regulamento xeral de protección de datos), na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa concordante.

Disposición adicional segunda: Acordos interinstitucionais e instrumentos de colaboración

► Convenios de colaboración para o desenvolvemento de accións de prevención da violencia de xénero e atención ás súas vítimas

No ano 2024 asináronse diversos convenios de colaboración con diferentes entidades coa finalidade de **apoiar o desenvolvemento de accións de sensibilización e prevención da violencia de xénero, así como a atención das súas vítimas**:

CONFEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓNS VECIÑAS "ROSALÍA DE CASTRO"- COGAVE

Desenvolvemento de accións para a posta en marcha do programa de prevención e sensibilización contra a violencia de xénero, a través de medidas de sensibilización e concienciación, abordando os diferentes ámbitos de actuación no tratamento da violencia de xénero, a realización de actividades coas que se pretende previr e dar visibilidade a esta lacra social así como fomentar o apoio ás vítimas.

FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO

Contribuír a mellorar a atención ás mulleres xitanas que sofren violencia de xénero en Galicia e sensibilizar e promover relacións igualitarias entre homes e mulleres da comunidade xitana, desenvolvendo un programa integral de apoio ás mulleres xitanas que sofren violencia de xénero, que contribúa a mellorar a situación de desvantaxe que ten a muller xitana pola dobre discriminación que sofre, por ser muller e por ser xitana.

REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO

Desenvolvemento de accións enmarcadas no apoio social a través da cooperación e información e un acompañamento social integral, a reincorporación psico-social e laboral, a concienciación, prevención e denuncia social, e a formación.

FEDERACIÓN GALEGA DE REDEIRAS ARTESANAS "O PEIRAO"

Desenvolvemento de accións de sensibilización, prevención e detección da violencia de xénero, especialmente co colectivo de redeiras no territorio da Comunidade Autónoma.

► Diagnóstico da situación das mesas locais na comunidade autónoma galega

En 2024 tamén realizou unha actualización do diagnóstico da situación das mesas locais na comunidade autónoma galega que xa se fixera con anterioridade nos anos 2017 e 2021. Para iso elaborouse unha enquisa, a través dun formulario electrónico, dirixida aos 313 concellos galegos, a través da cal se solicitou información sobre a existencia e distribución das mesas, a súa caracterización, que axentes sociais as conformaban, a periodicidade das súas reunións e as accións que desenvolvían. Ofreceuse tamén a posibilidade de formular propostas de mellora en canto ao funcionamento da mesa e o alcance das súas accións.

No caso de concellos onde non existe a dita mesa local analizáronse cales eran as razóns para non contar con este recurso (falta de medios técnicos ou persoais, falta de impulso político ou técnico, descoñecemento da súa utilidade...).

ACTIVACIÓN E IMPULSO DAS MESAS LOCAIS DE COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Coa finalidade de promover a constitución de novas Mesas Locais nos concellos onde aínda non existen, así como de dinamizar o funcionamento daquelas xa constituídas, desenvolveuse o Programa para o impulso das Mesas Locais de Coordinación Interinstitucional fronte a violencia de xénero (MLC).

O programa afondou na aprendizaxe de procesos e metodoloxías de traballo para o mellor funcionamento das Mesas Locais. Máis en concreto, este foron os retos que se marcaron nas sesións formativas:

- Mellorar a eficiencia do conxunto de espazos de toma de decisión, asembleas e reunións nos que se organizan as Mesas Locais.
- Identificar e pór en valor as lóxicas de traballo, así como os elementos ou obstáculos que estaban dificultando unha mellor operatividade das Mesas Locais.
- Identificar os axentes e entidades do territorio de cara abrir a súa participación nas Mesas ou na procura de alianzas sobre as que deseñar estratexias de prevención e loita contra a violencia de xénero.
- Mellorar a coordinación e a participación activa das persoas que forman parte da Mesa Local.
- Identificar as condicións e habilidades facilitadoras para desenvolverse no seu día a día.
- Coñecer as competencias e habilidades persoais para un liderado democrático e transformador: comunicación, escoita activa, empatía, facilitación de grupos, mediación, moderación de reunións, resolución de conflitos...

▶ Outras colaboracións

Subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia dirixidas á promoción da igualdade, sensibilización e prevención da violencia de xénero

O seu obxectivo é proporcionar apoio económico ás entidades locais de Galicia para o desenvolvemento de programas, actividades, actuacións e medidas que promovan o principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, o tratamento integral da violencia de xénero, a conciliación da vida persoal, laboral e familiar,

e a participación das mulleres na vida política, económica, social e cultural. Tamén busca consolidar o funcionamento de servizos de atención integral, proporcionando información e asesoramento ás mulleres no territorio, garantindo atención e acompañamento próximo nas áreas psicolóxica, xurídica e de orientación sociolaboral, especialmente para aquelas mulleres que pertencen a colectivos en risco de exclusión ou se atopan en situacións de vulnerabilidade, co fin de mellorar a súa situación social, laboral e profesional.

Dentro do programa de promoción da igualdade e prevención e tratamento da violencia de xénero, son subvencionables accións directas que inclúan as seguintes medidas:

- a) Actuacións para a promoción da igualdade, prevención da violencia de xénero e tratamento das vítimas, que incorporen un enfoque de xénero na súa metodoloxía, orientadas á prevención da violencia de xénero e á mellora da situación das mulleres vítimas de violencia, das súas fillas e fillos, así como das persoas delas dependentes. Estas actuacións buscan mellorar a calidade da atención profesional ofrecida.
- b) Actuacións dirixidas á loita contra a explotación sexual en xeral e a prostitución en particular, encamiñadas á mellora da situación persoal, social e laboral das mulleres que se atopan nesta situación, a través de accións de información, atención, orientación e mellora da súa situación persoal, social e laboral, así como de asesoramento xurídico especializado.

A través destes programas de promoción da igualdade e prevención e tratamento da violencia de xénero, beneficiáronse un total de 33 entidades locais galegas.

Subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social dirixidos á promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e loita contra a violencia de xénero

Estas subvencións están destinadas á realización de programas de interese xeral de carácter social, orientados á promoción da igualdade entre mulleres e homes, así como á prevención e loita contra a violencia de xénero, co financiamento procedente da asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre sociedades no ano 2024.

Os programas subvencionados buscan promover a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, coa finalidade de eliminar os estereotipos de xénero que perpetúan a desvantaxe das mulleres nos ámbitos laboral, social, persoal, económico, político e cultural. Así mesmo, inclúen programas destinados á prevención de todas as formas de violencia contra as mulleres.

- Programas de apoio e tratamento integral dirixidos a grupos de mulleres vítimas da violencia de xénero especialmente vulnerables: mozas e adolescentes, mulleres con discapacidade, mulleres maiores, mulleres que residen no medio rural, mulleres inmigrantes, mulleres pertencentes a minorías étnicas, etc.
- Programas que coadjuven na protección e seguridade das vítimas da violencia de xénero e dos seus fillos e das súas fillas.


Resultaron beneficiarias un total de 3 entidades con programas de violencia de xénero.

Colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares

No curso académico 2023-2024 mantívose a colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela para a realización de prácticas académicas.

A finalidade é a de proporcionar, no ámbito das súas competencias, un maior acercamento entre o ámbito laboral e a universidade, para facilitar a futura inserción laboral das/os universitarias/os mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas externas, acadando a mellor cualificación para a inserción no ámbito laboral.

As prácticas desenvóléronse no Centro de Recuperación Integral para Mulleres que sofren violencia de xénero.



Táboa 35: Colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares


Disposición adicional terceira: Competencias en materia de violencia de xénero da Policía de Galicia

O sistema de seguimento integral de **casos de violencia de xénero en Galicia conta cun protocolo de coordinación coa Xefatura Superior de Policía de Galicia desde o ano 2015**. As actuacións que se despregan nos casos en que se coñeza algún caso en materia de violencia de xénero son:

- Colaboración con Policía Nacional nas chamadas de episodios de violencia de xénero mediante o desprazamento de coches radiopatrullas uniformados ou a presenza de policías de paisano no lugar dos feitos.
- Atención singularizada á vítima.
- Ofrecer información detalla sobre procedementos e institucións de apoio.
- Traslado ao centro asistencial (se fora preciso) ou á comisaría para a formulación da correspondente denuncia.
- Recollida de datos sobre o agresor e inicio das medidas policiais, xudiciais ou administrativas oportunas.
- Adopción das medidas de protección establecidas nos correspondentes protocolos e axeitadas ao nivel de risco da vítima.

Durante o ano, o número de vítimas activas no sistema de protección variou dende as 284 cas que comezou xaneiro ata as 355 mulleres protexidas por esta unidade a 31 de decembro de 2024. Faise necesario sinalar que pode darse o caso de que unha muller sexa vítima de varios agresores ou un só autor teña agredido a varias mulleres.

MULLERES PROTEXIDAS AO LONGO DO 2024



Táboa 36: Mulleres protexidas no 2024

Disposición adicional cuarta: Información ao Parlamento de Galicia

O presente informe dá cumprimento á obriga legal establecida na disposición adicional cuarta da Lei, que dispón que "o Goberno da Xunta de Galicia remitiralle ao Parlamento de Galicia, con carácter anual, un informe sobre a situación da violencia de xénero en Galicia, que incluírá as achegas de todos os departamentos implicados na prevención e no tratamento da violencia de xénero". Este informe foi presentado ante o Parlamento galego cada ano, entre os anos 2008 e 2023, e recolle a información relativa ao desenvolvemento das medidas contidas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, realizadas pola Xunta de Galicia no ano anterior á súa presentación.

O punto segundo desta disposición, engadido pola modificación da Lei 12/2016, do 22 de xullo, que modifica a Lei 11/2007, establece que o departamento competente en materia de igualdade da Xunta de Galicia deberá remitir ao Parlamento galego un informe anual sobre a prestación periódica para as mulleres vítimas de violencia de xénero.

Disposición adicional quinta: Creación do Consello Galego das Mulleres

Creado a partir do Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012, polo que se desenvolve a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero no relativo aos órganos consultivos e de participación, o Consello Galego das Mulleres quedou constituído o 7 de marzo de 2014.

Entre as finalidades do Consello Galego das Mulleres están a de ofrecer unha canle de participación efectiva ás mulleres, a través das asociacións e entidades representativas dos seus intereses no desenvolvemento e aplicación do dereito á igualdade entre mulleres e homes e a loita contra a discriminación, recollendo as súas reivindicacións e propostas, así como actuar como interlocutor ante a Administración autonómica e ante calquera institución ou entidade de carácter público ou privado, para o desenvolvemento de políticas públicas e medidas encamiñadas á consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes, e á erradicación da violencia de xénero.

Disposición adicional sexta: Creación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, na súa disposición adicional sexta, prevé a creación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero como órgano colexiado e institucional de Galicia encargado do estudo, da avaliación e do seguimento das políticas contra a violencia de xénero que se desenvolvan en Galicia.

No DOG núm. 142 do 26 de xullo de 2012 publicouse o Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012, polo que se desenvolve a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero no relativo aos órganos consultivos e de participación.

A constitución do Observatorio Galego da Violencia de Xénero tivo lugar o 5 de maio de 2014.

O Observatorio actúa en pleno e nas comisións de traballo específicas que estime necesario crear. Creáronse os seguintes grupos de traballo:

1. Primeiro (GT1), encargado da elaboración dun protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero a nivel autonómico. O grupo rematou o seu traballo coa elaboración do citado protocolo.
2. Segundo (GT2), “A voz das vítimas”, encargouse de escoitar as experiencias directas destas para extraer conclusións e directrices de mellora nas actuacións. Os seus traballos remataron, e del extraéronse recomendacións que integran en parte o protocolo autonómico.

3. Terceiro grupo (GT3), traballa a abordaxe da violencia de xénero coa mocidade desde o ámbito educativo, determinando estratexias e propostas de traballo preventivo coa xente nova. O grupo está aínda operativo. Este grupo de traballo foi o encargado de elaborar a “Guía de actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo”.
4. Cuarto grupo (GT4). “Pautas para a prevención e o tratamento das distintas formas de violencia sexual.” Foi creado na xuntanza anual do pleno do observatorio que tivo lugar en decembro de 2019.
5. Quinto grupo (GT5). “A trata e outras formas de explotación sexual en contextos de prostitución”. Foi creado na xuntanza anual do pleno do observatorio que tivo lugar en setembro de 2022.

Durante o ano 2024 o pleno do Observatorio Galego da Violencia de Xénero reuniuse o 16 de xullo, adoptando a aprobación do Protocolo de actuación contra as violencias sexuais e LGBTIfóbicas nos eventos e espazos festivos e do Protocolo de actuación para o traslado das mulleres vítimas da violencia de xénero. Así mesmo, no pleno ofreceuse información sobre os protocolos de adhesión e acceso á Rede Galega de Acollemento.

Disposición adicional sétima: Creación da Comisión Interdepartamental de Igualdade

Derogada polo Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

O artigo 173 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes establece que a Comisión Interdepartamental de Igualdade é o órgano colexiado responsable de coordinar as medidas adoptadas polas distintas consellarías da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, coa finalidade de promover a efectividade das políticas de igualdade e a erradicación da violencia de xénero. A súa composición e o seu funcionamento serán determinados regulamentariamente.

Disposición adicional oitava: Informes sobre o grao de desenvolvemento e repercusións económicas da Lei

Os informes sobre o grao de desenvolvemento e repercusións económicas da Lei que elaboran os diferentes departamentos da administración autonómica con competencias nalgún dos aspectos relacionados coa violencia de xénero atópanse integrados no presente informe.

Disposición adicional novena: Modificación da Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social

Modificación en vigor que dá cumprimento ao disposto no artigo 41 da Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero: Procedemento abreviado para a percepción da Renda de Integración Social de Galicia.

Disposición adicional décima: Dotación orzamentaria

Nos orzamentos anuais da Xunta de Galicia, presentados cada ano no Parlamento, figuran todas e cada unha das partidas destinadas ao desenvolvemento das medidas recollidas na Lei.

Disposición derogatoria única

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta Lei.

ANEXO

ANEXO DO INFORME DA LEI 11/2007, DO 27 DE XULLO, GALEGA PARA A PREVENCIÓN E O TRATAMENTO INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO | 2024

ANEXO DO INFORME DA LEI 11/2007, DO 27 DE XULLO, GALEGA PARA A PREVENCIÓN E O TRATAMENTO INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO | 2024

ANEXO I.....	155
Artigo 6. Deseño, elaboración e difusión de campañas	156
Artigo 8. Actividades culturais e artísticas.....	163
Actividades no Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC).....	163
Actividades nos arquivos	163
Actividades nos museos	164
Actividades nas bibliotecas	166
Artigo 11. Contidos e publicidade en relación coa violencia de xénero.....	167
Artigo 13. Rexistros administrativos	171
Datos estatísticos recollidos no Programa Estatístico Anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2024	171
Expedientes de concesión de axudas de pagamento único	171
Expedientes de concesión de axudas de pagamento periódico.....	171
Expedientes de concesión da indemnización regulada no artigo 43 da Lei galega 11/2007	172
Atención polo Punto de Coordinación das Ordes de Protección.....	172
Medidas de protección comunicadas	173
Informe técnico para os efectos da concesión de vivenda en alugueiro	173
Artigo 15. Formación da totalidade das e dos profesionais	174
Formación para os profesionais dos Centros de Información á Muller	174
Formación para persoal no ámbito da Administración Pública.....	178
Actividades específicas en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero para persoal das distintas administracións públicas de Galicia	178
Artigo 31. Comparecencia da Xunta de Galicia nos procedementos penais iniciados por causas de violencia de xénero.....	181
Comparecencia e/ou intervención na práctica de dilixencias e formulación de escritos en tres procedementos procesuais	181
Artigos 33 e 34. Deseño e implementación de dispositivos de alarma e programas de intervención con homes en relación coa violencia de xénero.....	184
Servizo Telefónico de Atención e Protección para Vítimas de Violencia de xénero (ATENPRO)....	184
Datos Servizo Atempro 2024 por Comunidades Autónomas	184
Datos Servizo Atempro 2024 por provincias de Galicia	185
Sistema de Seguimento Integral de Violencia de Xénero (VIOGEN)	185
Datos dos casos activos por comunidade autónoma, no sistema VIOGEN, a 31 de decembro de	

2024.....	185
Datos dos casos activos en Galicia, por provincia, no sistema VIOGEN a 31 de decembro de 2024, segundo o nivel de risco:.....	186
Sistema de control telemático de medidas e penas de afastamento	187
Artigo 39. Prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero	188
Orzamento desagregado por exercicio económico 2006-2024	188
Contía da axuda en función das rendas e ingresos da solicitante en relación co (IPREM) vixente	190
Solicitudes presentadas, resolucións favorables e desfavorables	191
Nº de beneficiarias das axudas por provincias.....	192
Nº de beneficiarias segundo nacionalidade.....	192
Nº de beneficiarias segundo idade.....	193
Nº de beneficiarias con fillos/as ao seu cargo.....	193
Situación laboral das beneficiarias	194
Discapacidade das beneficiarias	194
Artigo 40. Outras prestacións	195
Axudas de pagamento único.....	195
Solicitudes presentadas, resolucións favorables e desfavorables	195
Orzamento	196
Nº de beneficiarias por provincia.....	197
Nº de beneficiarias segundo nacionalidade	197
Axudas de indemnización económica dirixida ás fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como as mulleres que resultasen gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero.....	198
Nº de beneficiarias segundo nacionalidade.....	199
Artigo 41. Procedemento abreviado para a percepción da renda de integración social de Galicia	199
Artigo 43. Fondo Galego de Garantía de Indemnizacións	200
Solicitudes presentadas, resolucións favorables e desfavorables	200
Nº de persoas beneficiarias por provincia	201
Orzamento.....	201
Nº de persoas beneficiarias segundo nacionalidade.....	202
Artigo 44 e 45. Dereito de acceso á vivenda e acceso prioritario ás vivendas de promoción pública	203
MEDIDA 1: Programa do bono de alugueiro social destinado ao alugueiro de vivendas para as vítimas de violencia de xénero	203
Artigo 47. Criterios básicos	204

Colaboración coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG) para garantir unha atención integral ás mulleres xordas que sofren violencia de xénero	204
Programa DEDALEIRA-Unidade QUERELAR: detección e identificación de situacións contra a liberdade e indemnidade sexual en mulleres con discapacidade.	205
Artigo 48. Rede Galega de Acollemento	205
Artigo 49. Creación do Centro de Recuperación Integral para Mulleres que sofren violencia de xénero .	210
Datos das persoas usuarias	210
Artigo 50. Rede de información ás mulleres.....	211
Datos estatísticos dos CIM en 2024	211
Servicio de Teletradución a 51 idiomas.....	214
Asesoramento xurídico online.....	215
Programa de atención integral para mulleres vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual.....	216
Artigo 51. Servizo de atención 24 horas	219
Datos estatísticos do Teléfono da Muller	219
Artigo 53. Puntos de Encontro Familiar	222
Artigo 54. Creación de oficinas de atención ás vítimas dos delitos.....	224

ANEXO I

Información adicional do título I Prevención da violencia de xénero

Artigo 6. Deseño, elaboración e difusión de campañas

► Campaña do 18 de outubro. Día Europeo contra a Trata de Seres Humanos



► Campaña “Agresión Off. Eu digo non á violencia”





► Outras actuacións de prevención e sensibilización fronte á violencia de xénero:

Centros participantes programa “Por 365 días de respecto e igualdade”:

CENTRO	CONCELLO	PROVINCIA
CIFP SOMESO	A CORUÑA	A CORUÑA
IES FERNANDO WIRTZ SUÁREZ	A CORUÑA	A CORUÑA
IES PLURILINGÜE CASTRO DA UZ	AS PONTES DE GARCIA RODRÍGUEZ	A CORUÑA

IES BRIÓN	BRIÓN	A CORUÑA
IES FERNANDO BLANCO	CEE	A CORUÑA
CPI PLURILINGÜE CABO DA AREA	LAXE	A CORUÑA
IES URBANO LUGRÍS	Malpica de Bergantiños	A CORUÑA
IES PLURILINGÜE FONTEXERÍA	MUROS	A CORUÑA
IES RAMÓN CAAMAÑO	MUXÍA	A CORUÑA
IES VIRXE DO MAR	NOIA	A CORUÑA
IES DE ORTIGUEIRA	ORTIGUEIRA	A CORUÑA
IES O MOSTEIRÓN	SADA	A CORUÑA
CIFP COMPOSTELA	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A CORUÑA
IES ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A CORUÑA
CPI PLURILINGÜE DE VEDRA	VEDRA	A CORUÑA
CPI DE ZAS	ZAS	A CORUÑA
IES MONTE CASTELO	BURELA	LUGO
IES PERDOURO	BURELA	LUGO
IES MURALLA ROMANA	LUGO	LUGO
IES NOSA SRA. DOS OLLOS GRANDES	LUGO	LUGO
IES SANXILLAO	LUGO	LUGO
IES A PINGUELA	MONFORTE DE LEMOS	LUGO
IES RÍO CABE	MONFORTE DE LEMOS	LUGO

IES GREGORIO FERNÁNDEZ	SARRIA	LUGO
EPAPU DE PEREIRO DE AGUIAR	O PEREIRO DE AGUIAR	OURENSE
CIFP A CARBALLEIRA-MARCOS VALCÁRCEL	OURENSE	OURENSE
CIFP PORTOVELLO	OURENSE	OURENSE
CPR PLURILINGÜE DIVINA PASTORA	OURENSE	OURENSE
IES RAMÓN OTERO PEDRAYO	OURENSE	OURENSE
IES MANUEL GARCIA BARROS	A ESTRADA	PONTEVEDRA
IES LAXEIRO	LALÍN	PONTEVEDRA
IES DE MEAÑO	MEAÑO	PONTEVEDRA
IES VAL MIÑOR	NIGRÁN	PONTEVEDRA
IES DE POIO	POIO	PONTEVEDRA
IES GONZALO TORRENTE BALLESTER	PONTEVEDRA	PONTEVEDRA
IES MENDIÑO	REDONDELA	PONTEVEDRA
IES PLURILINGÜE DE VALGA	VALGA	PONTEVEDRA
IES CORUXO	VIGO	PONTEVEDRA
IES DE TEIS	VIGO	PONTEVEDRA
IES DO CASTRO	VIGO	PONTEVEDRA
IES RICARDO MELLA	VIGO	PONTEVEDRA

Táboa 37. Centros Beneficiarios das accións realizadas ao abeiro do convenio de colaboración coa FEGAMP

Chicas novas 24 H	Espectáculo teatral "Golpes"	Curso defensa persoal e auto capacidades	Exposición "Á violencia de xénero Dille Non!"
A Coruña: 4 Lugo: 0 Ourense: 4 Pontevedra: 6	A Coruña: 7 Lugo: 6 Ourense: 2 Pontevedra: 3	A Coruña: 22 Lugo: 9 Ourense: 8 Pontevedra: 11	A Coruña: 4 Lugo: 4 Ourense: 2 Pontevedra: 2
Exposición Cartas de Amor	Exposición "Express-Arte"	Violencia de xénero e novo contexto dixital	Encontro-debate "Hai saída grazas a ti"
A Coruña: 0 Lugo: 2 Ourense: 3 Pontevedra: 1	A Coruña: 0 Lugo: 1 Ourense: 3 Pontevedra: 0	A Coruña: 6 Lugo: 2 Ourense: 0 Pontevedra: 5	A Coruña: 5 Lugo: 1 Ourense: 4 Pontevedra: 2
Charlas informativas sobre agresións sexuais e violencia sexual	Taller formativo Conectad@s	Visita ás instalacións do CRI	
A Coruña: 13 Lugo: 8 Ourense: 9 Pontevedra: 8	A Coruña: 4 Lugo: 2 Ourense: 3 Pontevedra: 1	A Coruña: 1 Lugo: 0 Ourense: 1 Pontevedra: 3	



A Coruña

66 concellos



Lugo

35 concellos



Ourense

39 concellos




Pontevedra

42 concellos

Táboa 38. Concellos beneficiarios do programa "Por 365 días de respecto e igualdade"

Artigo 8. Actividades culturais e artísticas

► Actividades no Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC)



Táboa 39. Actividades culturais e artísticas no Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC)


► Actividades nos arquivos






Táboa 40. Actividades culturais e artísticas nos arquivos de Galicia

► Actividades nos museos



Táboa 41. Actividades no Museo Castro de Viladonga



Táboa 42. Actividades no Museo Massó Bueu

MUSEO ETNOLÓXICO DE RIBADAVIA

Conmemoración do Día Internacional da Muller

Nº de visitantes 18

Obradoiros de verán, dentro do PLAN CORRESPONSABLES

Nº de visitantes 384

Táboa 43. Actividades no museo Etnolóxico de Ribadavia

MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

Proxecto Identidades

Proxecto de artes para a inclusión social. 166 visitantes.

Museo en Movemento

Proxecto dun museo en movemento. 395 visitantes.

Visitas Guiadas

Visitas guiadas a colectivos especiais. 986 visitantes.

Bravísimas! Concertos

Ciclo de concertos de mulleres na música. 386 visitantes.

Día Internacional da Muller

Evento para o Día Internacional da Muller. 72 visitantes.

Cartas da muller ausente

Peza de teatro: Cartas da muller ausente. 147 visitantes.

**Obradoiro de
Verán**

Obradoiro de verán dentro do PLAN CORRESPONSABLES. 158 visitantes.

**Obradoiro
Sábados**

Obradoiro "Sábados en familia". 151 visitantes.

Táboa 44. Actividades no Museo de Belas artes da Coruña

MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS DE SANTIAGO

**Prehistorias
de mulleres**

Conferencia sobre as "Prehistorias de mulleres" con 106 Visitantes.

**Voces
peregrinas**

Conferencia celebrando o Día Internacional da Muller, 106 Visitantes.

**Campamentos
de verano**

Campamentos de verán dentro do Plan Co-responsables, 117 Visitantes.

**Museo en
familia**

Actividades familiares no museo, dentro do Plan Co-responsables. 215 visitantes.

Táboa 45. Actividades no Museo das Peregrinacións de Santiago de Compostela

► **Actividades nas bibliotecas**

BIBLIOTECAS DE GALICIA	
Número de actividades	Número de visitantes
184	6.927
Número Homes	Número Mulleres
2.770	4.157
Número de menores de 14 anos	Número de maiores de 14 anos
4.293	2.634

Táboa 46. Actividades nas Bibliotecas de Galicia

Artigo 11. Contidos e publicidade en relación coa violencia de xénero.

No caso da **cobertura informativa do 8M**, cómpre destacar a cobertura informativa especial despregada nos seguintes **espazos da TVG**:

- **Programas especiais /Monográficos:**

- Documental Nación
- Especial Vivir aquí
- Capítulo de Historias mínimas
- Documental Onde máis doe
- Reportaxe en Zigzag sobre o ciclo Olladas de muller
- Documental Womex na G2
- Contidos baixo a denominación As + PRO (humor, música, ficción)

- **Espazos en programas:**

- Bos días: entrevista coa secretaria xeral da Igualdade da Xunta de Galicia
- A Revista: mesa redonda sobre igualdade laboral con profesionais de distintos sectores e 3 reportaxes
- Zigzag: entrevista a representantes de Cali-Danza Consciente
- Telexornal Mediodía e Serán: ampla cobertura da xornada
- Quen anda aí?: contidos específicos con entrevistas a mulleres referentes

- **Cobertura de actos:**

- Marchas estudantís e sindicais, actos sociais e políticos
- Puntos de directo desde Vigo e Madrid
- Actos institucionais de concellos, deputacións, Xunta e Goberno central

- **Deportes:**

- 22 novas sobre deporte feminino durante a primeira semana de marzo
- Titulares sobre Millene Cabral (Deportivo Abanca) e Cristina Fernández Piñeiro (primeira árbitra na Liga Asobal)
- Seguimento a Peleteiro, Diame, Tamara Echegoyen, Cole Brauer, entre outras
- Cobertura continua en días posteriores dos equipos femininos galegos

Na Radio Galega, a cobertura informativa do 8M despregouse nos seguintes espazos:

- **Programas especiais / Monográficos:**

- Galicia por diante: entrevistas a referentes femininas, traballadoras de ONG e empresas galegas

- **Espazos en programas:**

- A bola extra: 1
- Diario cultural: 1 (conversas literarias, exposicións e historia das mulleres)
- A tarde: 1 (entrevistas a mulleres como Susana Martínez Vidal ou Josefa Martínez)
- Convivir: especial sobre saúde feminina e igualdade

- **Entrevistas e contidos destacados:**

- Entrevistas a mulleres en servizos informativos: 2
- Entrevistas a deportistas mulleres: 6 (Peleteiro, Sempere, Casado, Otero, Muiña, Mondo-ruza)
- Cobertura de encontros do Deportivo Abanca, Ourense Ontime, Conservas Orbe Rubensa, etc.

- **Información institucional e social:**

- A crónica 14h: informes do SEPE, UXT, CCOO, VioGén, Save the Children, Consello de Ministros extraordinario
- A crónica 20h: entrevistas a Pilar Estévez e Ximena González

- **No eido dixital:**

- Contidos especiais na plataforma AGalega.gal, con vídeos divulgativos sobre fitos pola igualdade
- Creación da sección Grazas a elas con contidos especiais: documentais, filmes e series dirixidas ou protagonizadas por mulleres

- **Fóra da pantalla:**

- A xornalista María Solar moderou a mesa redonda A igualdade no fútbol en Sanxenxo.

A **cobertura informativa do 25N** desde a **TVG** pode resumirse nas seguintes cifras e coberturas especiais.

Na **TVG**, a cobertura informativa do **25N** concretouse nos seguintes espazos:

- **Espazos en programas:**

- Bos días: 2
- A Revista: 5
- Galicia noticias: 1
- ZigZag: 5
- Hora Galega: 1
- Xuntos en directo (fin de semana): 1
- Quen anda aí?: 1

- **Programación especial:**

- O que a G esconde (caso Elisa Abruñedo)
- Especial de Na mente do asasino (caso Ana Enjamio)
- Documentais en AGalega.gal: Contraaluz, Woman, Todas as mulleres que coñezo
- Noites temáticas na G2: Elas cantan, A poeta analfabeta

- **Cobertura de actos:**

- Actos do Goberno central, Xunta e entidades políticas
- Manifestacións en Galicia e no Estado
- Difusión de datos de asasinatos machistas (48 en España, 4 en Galicia)

Na **Radio Galega**, a cobertura informativa do **25N concretouse** nos seguintes espazos:

- **Espazos en programas:**

- Crónica 19h: 1
- Galicia por diante fin de semana: 1
- A crónica 14h fin de semana: 1
- Convivir: 1
- Diario cultural: 1

- **Entrevistas e contidos destacados:**

- Entrevistas en diferentes espazos: 4
- Entrevistas a autoras, profesionais e responsables de entidades sociais como Uqui Permuy, Eva Mejuto, Irene García, Consuelo Neira Leis ou Sonsoles Bartolomé

● **Deportes:**

- Ao contraataque e Galicia en goles: contidos centrados na igualdade e nos valores do deporte na infancia

A continuación, inclúense as insercións publicitarias relacionadas que foron emitidas na televisión autonómica e Radio Galega no ano 2024:


Medio	Anunciante	Marca	Data emisión	Nº Insercións
TVG	Ministerio de Igualdad	Violencia de Xénero	09/07 - 20/07	45
TVG	Consellería de Política Social e Igualdade	Violencia de Xénero	04/11 - 13/11	67
TVG	Secretaría Xeral de Medios	Violencia de Xénero 25N	15/11 - 25/11	54
TVG	Ministerio de Igualdad	Violencia sexual	09/12 - 13/12	18
RG	Secretaría Xeral de Medios	8 marzo Día da Muller	01/03 - 08/03	12
RG	Ministerio de Igualdad	Violencia de Xénero	08/07 - 31/08	66
RG	Consellería de Política Social e Igualdade	Violencia de Xénero	23/10 - 31/10	20
RG	Consellería de Política Social e Igualdade	Violencia de Xénero	22/11 - 25/11	12
RG	Ministerio de Igualdad	Conc. e sensib. violencia sexual	28/11 - 13/12	29
TOTAL				323

Táboa 47. Insercións publicitarias na televisión autonómica e Radio Galega

Artigo 13. Rexistros administrativos


► Datos estatísticos recollidos no Programa Estatístico Anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2024

Expedientes de concesión de axudas de pagamento único




Táboa 48. Expedientes de concesión de axudas de pagamento único

Expedientes de concesión de axudas de pagamento periódico



Táboa 49. Expedientes de concesión de axudas de pagamento periódico


Expedientes de concesión da indemnización regulada no artigo 43 da Lei galega 11/2007



Táboa 50. Expedientes de concesión da indemnización regulada no artigo 43 da Lei galega 11/2007


Atención polo Punto de Coordinación das Ordes de Protección

- Novos expedientes seguidos:




Táboa 51. Novos expedientes seguidos-PCOP

Medidas de protección comunicadas



Táboa 52. Medidas de protección comunicadas – PCOP

Informe técnico para os efectos da concesión de vivenda en alugueiro



Táboa 53. Informe técnico para a concesión de vivendas en aluguer

Artigo 15. Formación da totalidade das e dos profesionais

► Formación para os profesionais dos Centros de Información á Muller

A ATENCIÓN XURÍDICA ÁS MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO: NOVOS RETOS

Duración: 20 horas

Modalidade: telepresenza

Obxectivos:

Os obxectivos deste programa formativo céntranse en actualizar e fortalecer o coñecemento xurídico e práctico sobre a atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero, facendo especial fincapé nos novos retos normativos e tecnolóxicos. A través dos diferentes módulos, búscase proporcionar unha actualización lexislativa con respecto á Lei 7/2023, do 30 de novembro, afondar na violencia dixital e os seus impactos, mellorar as estratexias de protección de datos e asistencia ás vítimas, e analizar o proceso de denuncia e protección policial. Ademais, aborda a protección dos menores en contextos de violencia de xénero, incluíndo cuestións relacionadas coa patria potestade, garda e custodia, e réxime de visitas tras as reformas lexislativas recentes.

Total persoas participantes: 73

A ATENCIÓN PSICOLÓXICA DAS MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO: NOVOS RETOS

Duración: 20 horas

Modalidade: telepresenza

Obxectivos:

Os obxectivos deste programa formativo son proporcionar unha visión integral da atención psicolóxica ás vítimas de violencia de xénero, abordando desde a primeira intervención ata a súa recuperación e reincorporación á sociedade. O módulo inicial céntrase na intervención psicolóxica transversal, promovendo o empoderamento e a superación do trauma. Posteriormente, analízase a violencia de xénero desde unha perspectiva social e lexislativa, detallando o rol da Unidade de Avaliación Forense Integral. Tamén se traballa a avaliación psicolóxica forense, facendo fincapé na elaboración de informes e nos principios éticos e legais. Finalmente, destácase a intervención con menores afectados pola violencia de xénero, comprendendo o seu impacto no desenvolvemento e establecendo estratexias de acompañamento e recoñecemento do dano.

Total persoas participantes: 48**AXUDAS ECONÓMICAS EN MATERIA DE VIOLENCIA DE XÉNERO****Duración:** 15horas**Modalidade:** telepresenza**Obxectivos:**

Os obxectivos deste programa formativo son proporcionar un coñecemento detallado sobre os recursos económicos e laborais dispoñibles para as vítimas de violencia de xénero, garantindo o seu acceso a dereitos e prestacións que faciliten a súa autonomía e reinserción social. O primeiro módulo aborda o Ingreso Mínimo Vital (IMV) como ferramenta clave para a protección económica. A continuación, explórase a Renda Activa de Inserción (RAI) e as axudas autonómicas específicas para estas vítimas. Tamén se analizan os dereitos laborais das traballadoras afectadas, tanto por conta allea como propia, incluíndo as funcionarias. Finalmente, o programa cobre as prestacións da Seguridade Social relacionadas coa xubilación, viuvez e orfandade, asegurando unha comprensión completa das medidas de protección dispoñibles.

Total persoas participantes: 80

ATENCIÓN A PERSOAS LGBTIQ+ EN SERVICIOS DE INFORMACIÓN**ESPECIALIZADOS**

Duración: 12 horas

Modalidade: mixta

Obxectivos:

Os obxectivos deste módulo formativo son proporcionar unha comprensión integral da diversidade LGBTIQ+, promovendo a inclusión e a mellora na calidade da atención e dos servizos públicos. Para iso, explórase o contexto histórico e conceptual, así como o marco normativo e legal vixente. Tamén se analizan as distintas formas de discriminación, LGBTIQ+fobia e delitos de odio, co obxectivo de recoñcelos e combatelos de maneira efectiva. Ademais, preséntase o protocolo de atención a persoas LGBTIQ+ e casos prácticos que permitan aplicar os coñecementos adquiridos, garantindo un enfoque respectuoso, igualitario e axustado ás necesidades deste colectivo.

Total persoas participantes: 53

**IDENTIFICACIÓN DE VÍTIMAS DE TRATA CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL E INTERVENCIÓN
CON PERSOAS EN SITUACIÓN DE PROSTITUCIÓN**

Duración: 20 horas

Modalidade: telepresenza

Obxectivos:

